



Concello de Vigo

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 10 de setembro de 2021 (1075/1102)**

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego (online,
incorpórase no punto 13)
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez (online)
D. Carlos López Font (online)
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Francisco Javier Pardo Espiñeira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día dez de setembro de dous mil vinte e un e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(791).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 30 de agosto e extraordinaria do 3 de setembro de 2021. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(792).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS(5/2021). EXPTE. 13780/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 26/08/21, asinado polo xefe da Área Xudicial de Aseosoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 10962/111

Providencia do 30 de xuño de 2021

Tribunal Supremo, Sala 3ª Contencioso-administrativo

Recurso de Casación: 1675/2019

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Resolución da Secretaría Xeral de financiamento autonómico e local sobre retención ao Concello de Porriño da cantidade de 2.886.204,42 Euros

Expte(s): 34829-700

Contía: Indeterminada

Inadmite a noso recurso de casación, con custas taxadas de oficio.

A Dirección de Ingresos, a Intervención e a Tesourería Municipal deben coñecer o resolto para facer efectivos os créditos pendentes da administración debedora co Concello de Vigo pola subministración de auga (facturas bimestrais correspondentes aos últimos anos).

Proc. de orixe: RCA nº 15557/2017 P.O. TSXG Sala do C-A Sección 1ª, sentenza nº. 335 do 15-11-2018, desestimatoria.

2.- Contencioso. Expediente nº 11474/111

Providencia do 3 de xuño de 2021

Tribunal Supremo, Sección 1ª

Recurso de casación: 1913/2019

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Acordo ditados polo T.E.A nos que se desestiman reclamacións económico-administrativa contra liquidacións correspondentes aos semestres dos exercicios 2015/2016

Expte(s): 3985/550 - 4000/550 - 4111/550 - 4402/550 - 31559/502 - 32112/502 - 32901/502 - 34241/502

Contía: 563.877,55 €

Inadmite o recurso do demandante, por falta de fundamentación adecuada e carencia de interese casacional obxectivo ao térense ditado xa varias sentenzas na materia (logo da modificación das ordenanzas fiscais municipais para adaptalas á DIR. 2002/20/CE do 7 de marzo), con custas taxadas de oficio.

A Inspección de Tributos e a Dirección de Ingresos deben coñecer o resolto.



Concello de Vigo

Proc. de orixe: RCA nº 376/2017 P.O. Xulgado do C-A nº2 de Vigo, sentenza nº 56 do 12-4-2018, desestimatoria e Apelación: R. Apelación nº 15026/2018 TSXG Sala C-A Sección 4ª, sentenza nº.31 do 22-1-2019, desestimatoria.

3.- Contencioso. Expediente nº 11988/111

Sentenza nº 268 do 23 de xuño de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª

Ordinario: 15103/2019

Demandante/Recorrente: ORANGE ESPAÑA COMUNICACIONES FIJAS SL

Obxecto: Ordenanza fiscal reguladora da taxa por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local, aprobada polo pleno do Concello de Vigo e publicada no BOP do 29/11/2018

Expte(s): 2491/500

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, anula o artigo 4.4.l.a. da modificación aprobada o 30-10-2018 da OF nº. 30 de taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local. A Dirección de Ingresos debe coñecer o resolto, e informar con urxencia sobre a interposición de recurso de casación e/ou sobre a execución do resolto e modificación no seu caso do apartado anulado da norma fiscal impugnada.

4.- Contencioso. Expediente nº 11992/111

Providencia do 14 de xullo de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª

Ordinario: 15114/2019

Demandante/Recorrente: SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Obxecto: Ordenanza fiscal do Concello de Vigo reguladora do imposto sobre o IBI para o exercicio do 2019 publicada no BOP de Pontevedra o 07/12/2018.

Expte(s): 2489/500

Contía: (Indeterminada) 18.000,00 €

Inadmite o recurso de casación da Xunta de Galicia, contra a Sentenza 231/2020, por falta de interese casacional, con custas taxadas de oficio.

A Dirección de Ingresos e a Intervención Municipal deben coñecer o resolto.

Proc. orixe: RCA nº 15114/2019 P.O. TSXG Sala do C-A Sección 4ª, sentenza nº 231 do 20-5-2020, desestimatoria, con Auto do 15-06-2020 (de complemento da sentenza)

5.- Contencioso. Expediente nº 12683/111

Providencia do 24 de xuño de 2021

TS, Sala do Contencioso-administrativo, Sección nº 1

Recurso de casación: 511/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Actuación material do Concello de Vigo respecto da esixencia do empadramento para o desfrute da tarifa reducida no servizo de transporte colectivo de viaxeiros.

Contía: Indeterminada

Inadmite a trámite o recurso de casación preparado polo Concello de Redondela contra a sentenza do TSXG por falta de fundamentación, poñéndolle así final a este proceso.

O departamento de Transportes debe coñecer o resolto.

Proc. de orixe: RCA nº 131/2018, Xulgado do C-A nº1 de Vigo, sentenza nº 42 do 25-2-2020, estimatoria.

Recurso Apelación nº 7118/2020, TSXG Sala do C-A Sección 3ª, sentenza nº 230 do 19-10-2020, estimatoria: revoga a sentenza de instancia e declara a inadmisibilidade do recurso interposto polo Concello de Redondela.

6.- Contencioso. Expediente nº 12685/111

Sentenza nº 420 do 30 de xuño de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 238/2020

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo, da solicitude formulada o 21/12/2017 sobre recoñecemento dos dereitos a percibir a diferenza entre o percibido da mutua e o 100% das súas retribucións fixas e periódicas no período comprendido entre o 01/01/2017 e o 19/06/2017, o 100% das pagas extras de xuño e decembro do ano 2017 e a cantidade de 9.013,81 correspondentes a horas nocturnas, festividade e xornadas de reforzo.

Contía: Indeterminada

Esta sentenza inadmite os dous recursos de apelación promovidos polo demandante e polo Concello, por razón da contía.

Procede pois que o departamento de Persoal execute, en tempo e forma, a sentenza de instancia (nº. 38/2020) no seu pronunciamento relativo ás retribucións fixas e periódicas, acreditando se xa percibiu o 100% ou houbo algunha diferenza en mais ou en menos que deba regularizarse.

Proc. de orixe: RCA nº 329/2019, Xulgado do C-A nº1 de Vigo, sentenza nº nº 38 do 29-xaneiro-2020, estimatoria parcial (no relativo ao 100% das retribucións fixas e periódicas).

7.- Contencioso. Expediente nº 12871/111

Sentenza nº 404 do 21 de xullo de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2

Recurso de apelación: 4215/2020

Demandante/Recorrente: Outra Administración Pública

Obxecto: Resolución do 26/06/2019 da Consellería de Sanidade, desestimatoria do recurso de alzada formulado contra outra ditada nun expediente sancionador en materia sanitaria.

Expte(s): 27-441

Contía: 10.500,00 €

Esta sentenza, contra a que só cabe interpoñer recurso de casación, desestima o recurso de apelación interposto pola parte apelante (Xunta de Galicia), contra a resolución de instancia.

Na resolución, o TSXG considera que a falta de control do Concello de Vigo sobre a súa xestora do servizo de augas non foi tal. O Concello non incorreu na negligencia que se lle imputaba pola administración autonómica. Cuestión que xa foi obxecto de recurso noutro proceso e que a Sala reproduce e asume ao transcribir aquelas consideracións.

No relativo á deixación de funcións sobre o control á xestora, valida a valoración da proba da sentenza de instancia e considera que as actuacións entre Concello e concesionaria foron suficientes e que non procedía a imposición da sanción.

O Servizo de Medio Ambiente debe coñecer do resolto.

Proc. Orixe: rca 252/2019 PA – Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, Sentenza nº 110/2020 do 02/06/2020, estimatoria.



Concello de Vigo

8.- Contencioso. Expediente nº 12873/111

Sentenza nº 334 do 23 de xullo de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Ordinario: 7261/2020

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Ordes do 27/12/2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas de emprego de Galicia.

Expte(s): 17108/77

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o noso recurso:

- Anula (por diversos motivos) os artigos 12.1.i., 24.1.h. e 23.1.h. das ordes de convocatoria de subvencións para os programas integrados de emprego, obradoiros duais e programas de emprego para persoas mozas.

- Desestima a nosa pretensión de retroacción de actuacións para resolver sobre as solicitudes de subvencións presentadas polo Concello de Vigo (non solicitamos suspensión nin retroacción xeral dos procedementos para evitar prexuízos aos destinatarios das subvencións) sen aplicar as cláusulas anuladas, sinalando como vía indemnizatoria alternativa adecuada a do final do FD 4º.

- Impón as custas, taxadas, á administración demandada.

O departamento de Emprego debe coñecer o resolto

9.- Contencioso. Expediente nº 13236/111

Sentenza nº 142 do 28 de xullo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 300/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución de data 24/08/2020 desestimatoria do recurso de reposición contra outra resolución pola que se acorda sancionar con multa por importe de 200 Eur.

Expte(s): 281394-280 e 282321/280

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 13316/111

Sentenza nº 125 do 10 de xuño de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Dereitos fundamentais: 346/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Xubilación forzosa por incapacidade permanente total.

Contía: 8.195 €

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso e:

1º Anula o acto recorrido (xubilación por incapacidade)

2º Acorda a reposición do demandante no seu posto de policía municipal nas condicións anteriores á xubilación, así como o dereito de cobro das retribucións deixadas de percibir desde entón.

3º Declara que a actuación impugnada vulnerou os dereitos á integridade moral e á permanencia nas funcións públicas do actor, e

4º Recoñécelle unha indemnización de 4000 €

Os departamentos de Persoal e Seguridade deben coñecer o resolto e:

Informar con urxencia sobre a procedencia e bases dunha eventual apelación, así como informar tamén axiña sobre a eventual execución (mesmo provisoria) do resolto, en canto á súa viabilidade e procedencia (ver FD 8º, parágrafo antepenúltimo) mesmo solicitando informe do INSS sobre a posibilidade legal de reincorporación logo da declaración de incapacidade permanente total (pola administración competente INSS) e de compatibilidade da percepción de retribucións e pensión.

11.- Contencioso. Expediente nº 13454/111

Sentenza nº 145 do 15 de xullo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 65/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación, por silencio administrativo de reclamación de responsabilidade patrimonial.

Expte(s): 6182/243

Contía: 901,90 €

Esta sentenza, que é firme por contía, desestima o recurso e ratifica a resolución impugnada (estimación parcial dun expediente de rpa por danos causados por un contenedor nun vehículo).

Na resolución se considera que a contratista municipal sí ten a responsabilidade atribuída na resolución expresa, que é conforme co réxime xeral de imputación aos contratistas das responsabilidades por danos no ámbito do seu contrato.

O Servizo de Patrimonio e o Servizo de Limpeza deben coñecer do resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 13504/111

Sentenza nº 258 do 11 de xuño de 2021

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7077/2021

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución da XGL do 06/08/2020 que acorda a resolución definitiva do contrato mixto de subministro e servizo dun sistema de xestión de emerxencias

Expte(s): 6497-241 e 35/2131

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, rexeita o recurso de apelación da actora e confirma a sentenza desestimatoria de instancia, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Contratación, e o de Seguridade, deben coñecer o resolto.

Proc. Orixe: RCA nº 265/2020 PO, Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, sentenza nº 41/2021 de 25-2-2021, desestimatoria.

13.- Contencioso. Expediente nº 13522/111

Sentenza nº 84 do 2 de xuño de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 106/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución pola que se acorda impoñer sanción de 300 euros con retirada de 2 puntos do carné de conducir, notificada con data 27/01/2021.

Expte(s): 284357/280

Contía: 300,00 €



Concello de Vigo

Esta sentenza, firme, estima o recurso por apreciar prescrición da infracción.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto (con anulación da sanción e da detracción de puntos, e devolución e reposición de ser o caso).

14.- Contencioso. Expediente nº 13526/111
Sentenza nº 160 do 30 de xullo de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 114/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolución de 18/01/2021 que desestima recurso de reposición interposto contra resolución de data 09/03/2020, que estima parcialmente reclamación de responsabilidade patrimonial a consecuencia dunha caída.
Expte(s): 5380/243
Contía: 17.751,78 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso da concesionaria, no relativo á determinación da cantidade a indemnizar á accidentada, que se fixa en 4300 €.
O departamento de Patrimonio - RPA debe coñecer o resolto, ter por modificado o acordo municipal estimatorio e verificar a execución do xudicialmente resolto pola concesionaria do servizo de augas.

15.- Contencioso. Expediente nº 13531/111
Sentenza nº 131 do 17 de xuño de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 121/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada en expediente de responsabilidade patrimonial, por danos sufridos por mor dunha caída na Avda de Castrelos nº 461 Vigo.
Expte(s): 6198/243
Contía: 13.752,97 €

Esta sentenza, con carácter firme, desestima o recurso en relación con este Concello de Vigo e o inadmite en relación coa Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas).
O departamento de Patrimonio-RPA (e o de Fomento-Vías) deben coñecer o resolto

16.- Contencioso. Expediente nº 13533/111
Sentenza nº 87 do 7 de xuño de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 122/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: resolución desestimatoria da reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e perdas sufridos por mor dunha caída na rúa Pizarro.
Expte(s): 5760/243
Contía: 430,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 13539/111
Sentenza nº 88 do 8 de xuño de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 112/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución de 26/01/2021 ditada no expediente de responsabilidade patrimonial nº 6107/243, polos danos sufridos por mor dunha caída na Avda. Fragoso nº 27.

Expte(s): 6107/243

Contía: 13.461,44 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio - RPA e o de Parques e Xardíns deben coñecer o resolto. Reite-ramos o xa sinalado sobre a vixilancia de alcorques sen árbores e/ou con riscos por desniveis en relación coas cotas das beirarrúas.

18.- Contencioso. Expediente nº 13541/111

Sentenza nº 136 do 17 de xuño de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 128/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Tesourería Executiva do Concello de Vigo do 09/03/2021 que acordou inadmitir a trámite a solicitude de revisión de actos nulos.

Expte(s): 89119/700 - 284605/280 - 284729/280

Contía: 600,00 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso e anula a resolución recorrida do 9-3-2021 (por falta de motivación), con retroacción das actuacións ao momento anterior á data da resolución anulada "para que se dicte unha nova resolución axustada a dereito" (é dicir plenamente motivada).

A Tesourería Municipal- Recadación Executiva debe executar o resolto nesta sentenza dictando o obrigado acto substitutorio do anulado conforme ao nela indicado.

19.- Contencioso. Expediente nº 13571/111

Sentenza nº 149 do 20 de xullo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 143/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do 05/02/2021 que estima parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos e perdas sufridos como consecuencia dunha caída na rúa Urzáiz nº 2.

Expte(s): 5893/243

Contía: 11.355,94 €

Esta sentenza é firme, e estima o recurso promovido pola parte demandante, condenando ao Concello de Vigo ao abono de 11.355,94 euros á actora.

A sentenza considera concorrentes os requisitos para apreciar a responsabilidade municipal, pola presenza dun desperfecto na vía pública, e a causación duns danos que non ten o deber de soportar.

Ao ter aboado xa a metade do recoñecido, porque a resolución administrativa era estimatoria parcial, procede o abono da restante metade pendente, que deberá executar o servizo tramitador.

O Servizo de Patrimonio debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

20.- Contencioso. Expediente nº 13588/111

Sentenza nº 140 do 21 de xuño de 2021



Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 150/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada en expediente sancionador.
Expte(s): 284791/280
Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Seguridade e o de Tesourería - Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

21.- Contencioso. Expediente nº 13602/111
Sentenza nº 405 do 20 de xullo de 2021 (MMCC)
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 2
Recurso de apelación: 4174/2021
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares
Obxecto: Resolución da XGL do 11/12/2020 que acordou suspender temporalmente polo prazo de 13 meses a autorización de uso do 2º andar do edificio nº7 da Pza da Princesa e ordenar que deixe libre o edificio para o inicio das obras de reforma
Expte(s): 20552/240 e 4637/443
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve o recurso de apelación do demandante (FAVEC) contra o Auto de medidas cautelares do 8-4-2021, desestimándoa con custas taxadas de oficio. Os departamentos de Patrimonio - Contratación, XMU-Obras e Participación Cidadá deben coñecer o resolto.
Confirma a denegación da suspensión pretendida pola FAVEC; para maior garantía solicitamos a autorización de entrada en domicilio (C-1:ED 200/2021) para a adxudicación e execución das obras aprobadas no edificio.

*Proc. de orixe:
P.O. 81/2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
XGL do 11-12-2020
Suspensión temporal do uso do edificio municipal para obras
20552/240 e 4637/443
AUTO (MMCC) do 8-4-2021
Denega a suspensión solicitada pola actora.*

22.- Contencioso. Expediente nº 13607/111
Sentenza nº 92 do 22 de xuño de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 143/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 08/03/2021 que confirma íntegramente outra recaída no expediente sancionador nº 2020/26386
Expte(s): 284990/280
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción imposta, condenando ao Concello á devolución do ingresado (se fose o caso) así como a taxa pola recollida do vehículo e transporte ao depósito.

A razón desta decisión son as dúbidas derivadas do estado de saúde do titular da tarxeta de estacionamento.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto en tempo e forma.

23.- Contencioso. Expediente nº 13608/111

Sentenza nº 91 do 18 de xuño de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 150/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: resolución do Concello de Vigo ditada no expediente sancionador nº 2020/17843

Expte(s): 284989/280

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso (por falta de proba suficiente de que se impedise a entrada e saída de vehículos), anula o acto e obriga á devolución de importe da sanción (se fose o caso) e do aboado como taxas pola retirada do vehículo.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben executar o resolto (multa e taxas).

24.- Contencioso. Expediente nº 13609/111

Sentenza nº 137 do 21 de xuño de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 151/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de 05/04/2021 desestimatoria do recurso de reposición formulado contra outra ditada no expediente sancionador nº 2020/48519

Expte(s): 284946/280

Contía: 300 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

25.- Contencioso. Expediente nº 13612/111

Sentenza nº 147 do 15 de xullo de 2021

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 158/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo de data 08/03/2021, que desestima recurso de reposición interposto contra resolución sancionadora en materia de tráfico por importe de 900 euros.

Expte(s): 284992/280

Contía: 900,00 €

Esta sentenza, que é firme, desestima a demanda e considera a actuación municipal sancionadora válida e axustada a dereito.

Tanto no relativo á práctica da notificación, como na suposta prescrición alegada pola parte demandante, que se rebate e nega.



Concello de Vigo

A sentenza sí contén unha observación sobre o modelo-tipo de resolución sancionadora, no que o Xulgador afirma que non é doado apreciar a súa data, a fin de que se corrixa.
O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto e corrixir o sinalado na observación anterior, para mellorar a lexibilidade dese tipo de formulario.

26.- Contencioso. Expediente nº 13624/111
Sentenza nº 156 do 29 de xullo de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 161/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta de reclamación de responsabilidade patrimonial polos danos sufridos por mor dunha caída nunha arqueta sita no Parque Tecnolóxico de Valadares rúa C.
Expte(s): 5236/401
Contía: 26.609,90 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso (no caso do Concello por falta de titularidade do terreo e do servizo no que se produciu o accidente e de responsabilidade na súa conservación).
O departamento de Patrimonio - RPA e a XMU (que tramitou o recurso de alzada do 16-9-2019 como reclamación de RPA) deben coñecer o resolto.

27.- Contencioso. Expediente nº 13670/111
Auto nº 48 do 27 de xullo de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 158/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade do Concello de Vigo do 08/03/2021, desestimatoria dos recursos de reposición formulados nos expedientes sancionadores nº 2019/63808, nº 2020/36480, nº 2020/56575 e nº 2019/51064
Expte(s): 285373/280, 285674/280, 285677/280, 285678/280
Contía: 1.163,65 €

Declara rematado o procedemento por satisfacción extraprocesual (revogación das sancións o 9-7-2021).
O departamento de Seguridade e a Tesourería - Recadación Municipal deben executar o resolto en vía administrativa, con devolución do indebidamente ingresado en cada caso.

28.- Contencioso. Expediente nº 13688/111
Sentenza nº 161 do 30 de xullo de 2021
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 189/2021
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución ditada pola Concelleira delegada de Seguridade, desestimatoria das alegacións formuladas no expediente sancionador nº 2021/04296 e confirmatoria da sanción por importe de 200 euros.
Expte(s): 285533/280
Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Seguridade e a Tesourería - Recadación Municipal deben coñecer o resolto.

B/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 12902/111

Sentenza do 15 de xuño de 2021

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 3995/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento do dereito e cantidades en concepto de complemento de IT recollido no art. 23 do convenio regulador, deixados de percibir con motivo da baixa por accidente de traballo (oficial sepultureiro).

Contía: 976,71 €

Declara inadmisíbel (por contía) a suplicación do demandante contra a sentenza nº.120/2020 de instancia.

O departamento de Persoal (e o de Sanidade) deben coñecer o resolto.

Reiteramos a necesidade de evitar o uso indistinto (ou confuso) de termos xurídicos como réxime de quendas como sinónimo de horario de traballo (de mañá ou tarde), para evitar consecuencias xurídicas indesexables.

Proc. de orixe: Social 105/2020 P.O. Xulgado do Social nº1 de Vigo, sentenza nº nº 120 do 2-xullo-2020, desestimatoria.

2.- Social. Expediente nº 12948/111

Sentenza do 1 de xuño de 2021

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 3799 /2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación do dereito a ser declarada como persoal laboral fixo ou temporal indefinido non fixo do Concello de Vigo

Expte(s): 34511-220

Contía: Indeterminada

Resolve o recurso de suplicación presentado pola demandante contra a sentenza de instancia, desestimándoo tanto na súa pretensión principal (fixeza) como na subsidiaria (indefinición).

O departamento de Persoal e o de Educación - EMAO deben coñecer o resolto.

Proc. de orixe: Social nº 860/2019 P.O. Xulgado do Social nº5 de Vigo, sentenza 265 do 27-7-2020, desestimatoria

3.- Social. Expediente nº 13026/111

Sentenza do 17 de xuño de 2021

TSX Galicia, Sala do Social

Recurso de suplicación: 4503/2020

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: reclamación de cantidades por diferenzas salariais e pagamento de horas extras,

Contía: 8359,30

Estima o recurso de suplicación da demandante, revoga a sentenza de instancia e condena ao Concello ao pagamento de 7599,36 € mais o 10% de xuros por mora.

Solicitamos informe urxente de Persoal e Emprego sobre a eventual interposición de recurso de C.U.D. (que entendemos dubidosamente viable dados os termos do contrato e da sentenza) e,



Concello de Vigo

en caso contrario, debe executarse o xudicialmente resolto co aboamento da cantidade determinada en tempo e forma (e estudar e adoptar medidas para evitar no futuro situacións semellantes).

Proc. de orixe: Social nº 540/2019 P.O. Xulgado do do Social nº2 Reforzo, sentenza nº nº 225 do 23-7-2020, desestimatoria.

4.- Social. Expediente nº 13198/111

Sentenza do 9 de xullo de 2021

TSX Galicia, Sala do Social, Sección nº 1

Recurso de suplicación: 319/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Reclamación de diferenzas salariais, tanto por realizar tarefas de maior clasificación profesional, como por recibir un salario menor que outros aux. administrativos e polo abono de horas extraordinarias.

Contía: 10.894,56 €

A sentenza ditada en suplicación resolve o recurso da demandante (participante no programa de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero) e revoga a sentenza de instancia, desestimatoria, estimando o recurso e condenando ao Concello ao abono da diferenza de cantidades retributivas entre as percibidas e as da categoría equivalente municipal.

A sentenza considera acreditado que a demandante prestou servizos como auxiliar administrativa, e reiterando un pronunciamento anterior nun asunto relacionado (que aplicou a Directiva europea interpretando que non cabe discriminación entre traballadores fixos e temporais, entre outras cuestións), considera que procede a estimación parcial e que se lle abonen as diferenzas anteriormente sinaladas.

O Servizo de Desenvolvemento Local/Emprego e a Area de RRHH deben coñecer do recurso e executar a sentenza.

5.- Social. Expediente nº 13530/111

Sentenza nº 330 do 1 de xullo de 2021

Xulgado do Social nº 1 de Vigo

Ordinario: 236/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento do dereito a percibir as retribucións correspondentes ao xefe de mantemento de instalacións deportivas.

Contía: 9511,02 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda da actora, por medio da cal pretendía que se lle recoñecese o dereito á retribución do posto de xefe-a de mantemento de instalacións deportivas e/ou de conserxe de instalacións deportivas, segundo o caso e período temporal indicado na demanda. A demandante é oficial de instalacións no Servizo de Deportes.

Esta resolución estima que as funcións de xefe de mantemento non as realiza e se practicou proba en tal sentido. No relativo ás funcións de conserxe, se indica que as funcións do posto da actora e as deste último son moi semellantes, sendo o salario base idéntico, atopándose só diferenzas nos complementos, por razóns non plantexadas no recurso.

O Servizo de Deportes e a Area de RRHH e Formación deben coñecer do resolto.

6.- Social. Expediente nº 13545/111

Sentenza nº 342 do 3 de xuño de 2021

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 251/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: recoñecemento de dereitos e cantidades como Xefe de mantemento de instalacións deportivas

Contía: 6.494,23 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda.

Os departamentos de Persoal e Deportes deben coñecer o resolto.

7.- Social. Expediente nº 13680/111

Sentenza nº 431 do 13 de xullo de 2021

Xulgado do Social nº 2 de Vigo

Ordinario: 372/2021

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Recoñecemento do dereito e reclamación de cantidades polos conceptos previstos para os complementos de nocturnidade e festividade durante o período de vacacións.

Contía: 120,50 €

Esta sentenza, firme, desestima a demanda e absolve ao Concello.

Os departamentos de Persoal e Deportes deben coñecer o resolto.

C/ SENTENZAS DITADAS NA ORDE CIVIL

1.- Civil. Expediente nº 13213/111

Sentenza nº 219 do 13 de xullo de 2021

Xulgado de Primeira Instancia nº 13 de Vigo

Ordinario: 675/2019

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Escritura de extinción de condominio e reintegro de finca no barrio de Recaré na parroquia de Bembrive.

Expte(s): 83579/421 e 102924/421

Contía: 100 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima a demanda e declara que o Concello, como code-mandado, é absolto das pretensións.

A acción reivindicatoria non prospera porque considera válido o negocio xurídico celebrado entre privados, e a participación do Concello neste caso foi litisconsorcial, como propietario dos terreos urbanizados cedidos en exercicio do deber legal de edificar e urbanizar (licencia da XMU).

O Servizo de Patrimonio e a Oficina de licenzas da XMU deben coñecer do resolto.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.



Concello de Vigo

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(793).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE PROTECCIÓN DE MOTORISTAS EN VÍAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO. EXPTE. 765/441.

Visto o informe de fiscalización do 09/09/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 02/09/21, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 4 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria para a contratación do SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE SISTEMAS DE PROTECCIÓN DE MOTORISTAS EN VÍAS DO TERMO MUNICIPAL DE VIGO.

Segundo.- Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas particulares asinado pola Enxeñeira Industrial e o Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos en data 09 de abril de 2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 27 de maio de 2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de TRESCENTOS CORENTA E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (350.000,00 €), sendo a partida correspondente ao IVE de SESENTA MIL SETECENTOS CORENTA E TRES EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS (60.743,80 €).

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo, na aplicación orzamentaria orzamentaria 1532.609.00.62 a cal cumpre a condición de crédito suficiente e adecuado.

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do



Concello de Vigo

subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	% desconto ofertado
1	API MOVILIDAD, S.A.	24,16
2	TEVA CASTILLA Y LEON, S.L.	22,32
3	SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS LA CASTELLANA, S.A.	18,85
4	TEVASEÑAL, S.A.	18,15
5	IMESAPI S.A.	14,80
6	PROSEÑAL, S.L.U.	14,60
7	BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.	1,50

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A. (A-78.015.880), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., o día 6 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 11 de agosto de 2021, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a API MOVILIDAD, S.A. para que acredítase a solvencia económica segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP.

Dentro do prazo concedido, o 27 de agosto de 2021, o licitador presentou nova documentación.

A Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar API MOVILIDAD, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por API MOVILIDAD, S.A. de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis a través de fórmula de data 30 de xullo de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a API MOVILIDAD, S.A. (A-78.015.880) o procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de sistemas de protección de motoristas en vías do termo municipal de Vigo (765-441) por un prezo total de 350.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 60.743,80 euros, e unha porcentaxe de desconto aplicable aos prezos unitarios previstos no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 24,16%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4.- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO “ C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AGUA QUENTE (AQS) EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 3748/611.

Visto o informe de fiscalización do 06/09/21, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada o 02/09/21, que di o seguinte:

11(794).- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 24 de xuño de 2021 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria de DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO “C” PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN E PRODUCCIÓN DE AGUA QUENTE (AQS) EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DEPENDENTES DO CONCELLO DE VIGO.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 31 de maio de 2021 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo Xefa de Contratación de data 1 de xuño de de 2021.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de 197.879,36 euros con iva, sendo o IVE 34.342,70. O contrato financiarase con cargo a aplicación orzamentaria e bolsa de vinculación dos orzamentos da Concellería de deportes 3420.2210300 “COMBUSTIBLES”. O ter o financiamento carácter plurianual, o mesmo terá a seguinte distribución orzamentaria prevista.

	<i>Distribución en anualidades euros con ive</i>	<i>Meses</i>
2021	12.367,46	3
2022	49.469,84	12
2023	49.469,84	12
2024	49.469,84	12
2025	37.102,38	9
<i>total</i>	197.879,36	48

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 5 de agosto de 2021 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	% desconto prezo de referencia
1	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,71%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GASÓLEOS AMIGO, S.L., o día 6 de agosto de 2021, que presenta a documentación requirida o 19 de agosto de 2021, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 25 de agosto de 2021 revisou a documentación presentada e acordou conceder un prazo de tres días a GASÓLEOS



Concello de Vigo

AMIGO, S.L. para que acreditase a solvencia técnica segundo o esixido na cláusula 8.4.3º do PCAP.

Dentro do prazo concedido, o 30 de agosto de 2021, o licitador presentou nova documentación.

A Mesa de Contratación na sesión do 2 de setembro de 2021 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar GASÓLEOS AMIGO, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GASÓLEOS AMIGO, S.L. de acordo co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 2 de agosto de 2021.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a GASÓLEOS AMIGO, S.L. (B-36.736.049) o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de agua quente (AQS) en Instalacións Deportivas Municipais dependentes do Concello de Vigo (3.748-611) por un prezo total de 197.879,36 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 34.342,70 euros e cun desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) do 0,71%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(795).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZOS PARA A REDACCIÓN E IMPLANTACIÓN E POSTERIOR REVISIÓN DE PLANS DE AUTOPROTECCIÓN PARA AS ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA E ESCOLA DE TEATRO. EXPTE. 6649/241.

Visto o informe de fiscalización do 06/09/21, dáse conta do informe-proposta de data 02/09/21, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por procedemento aberto de servizos de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola de teatro (PCAP)
- Prego de prescricións técnicas para a contratación por procedemento aberto de servizos de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola de teatro (PPT)
- Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais

ANTECEDENTES

Primeiro.- Na sesión do 17 de xaneiro de 2019 a Xunta de Goberno local (en adiante XGL) acordou aprobar o expediente de contratación, os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, e a apertura do procedemento de licitación para a contratación de servizos de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola de teatro.



Concello de Vigo

Segundo.- O 22 de marzo de 2019 a XGL adoptou o seguinte acordo:

“Adxudicar a PREVENTECNIA (D. Pedro Murciego Delgado) o procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as Escolas infantís municipais, Escola municipal de música e Escola municipal de teatro (386-2202) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 23.019,06 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 3.995,04 euros.*
- b) *Incrementa os plans de autoprotección mínimos esixidos nos últimos 5 anos (5 plans de autoprotección) realizados polo técnico a adscribir ao contrato a 31 plans de autoprotección.*
- c) *Incrementa os plans de autoprotección mínimos esixidos en centros educativos (2 plans de autoprotección) realizados polo técnico a adscribir ao contrato a 8 plans de autoprotección.*
- d) *Incrementa a formación adicional en xestión de emerxencias e plans de autoprotección mínima exixida para o técnico a adscribir ao contrato (50 horas) a 176 horas.*
- e) *Achega o certificado de habilitación profesional como director de seguridade privada polo Ministerio do Interior do técnico a adscribir ao contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

O prazo do contrato é de dous anos, e contéplanse unha prórroga dun ano de duración.

Terceiro.- O contrato formalizouse en data 4 de abril de 2019 e entrou en vigor o día seguinte.

Cuarto.- En data 18 de agosto de 2021 a técnica de prevención de riscos laborais e a xefa da área de Recursos Humanos e Formación solicitan o inicio dun expediente de modificación deste contrato por mor da necesidade de contar cun plan de autoprotección para a escola infantil municipal de Bembrive que entrará en servizo no mes de setembro de 2021.

Quinto.- Con data do 26 de agosto de 2021 a concelleira delegada de Contratación resolveu iniciar o procedemento para a modificación deste contrato.

Sexto.- Evacuado trámite de audiencia á contratista, esta durante o prazo conferido ao efecto manifestou a súa conformidade coa modificación proposta, en escrito de data 30 de agosto de 2021.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable

Resulta preciso determinar en primeiro lugar, a lexislación aplicable a este contrato. Os contratos réxense, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato e no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda do CC), é dicir:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña á LCSP.

-II-

Da modificación dos contratos

A lexislación de contratos das Administracións públicas recoñece ao órgano de contratación, entre outras prerrogativas, a de modificar os contratos por razóns de interese público, dentro dos límites e con subxección aos requisitos e efectos nela sinalados (artigos 203.1 LCSP e 114.1 TRRL con relación ás entidades locais), prerrogativa tamén recoñecida con respecto a este concreto contrato na cláusula 2.5 do PCAP.

O órgano de contratación só poderá modificar os contratos cando así se previra nos pregos ou no anuncio de licitación, ou excepcionalmente, nos casos e cos límites establecidos no artigo 205 (artigo 203.2 LCSP).

É dicir, a Lei impón á Administración, á hora de redactar os pregos, a realización dun exame detallado dos eventuais cambios que puidesen producirse no ámbito do contrato durante a súa duración. Deste xeito, os licitadores poden analízalos con carácter previo á presentación das súas ofertas e telos en conta ao redactalas (artigo 204.1 LCSP). Evítase así conculcar os principios de igualdade, libre competencia, transparencia e publicidade que rexen no ámbito da contratación pública por imperativo das Directivas europeas en materia de contratación e dos artigos 1 e 132 do LCSP.

A Administración, en caso de optar por regular as posibles modificacións do contrato nos pregos, goza dunha ampla marxe de discrecionalidade, pois non está suxeita a límites cuantitativos nin cualitativos, como sucede coas modificacións non previstas no prego. Pola contra, esíxese unha relación detallada e precisa dos seguintes aspectos (artigo 204 LCSP):

- A cláusula de modificación deberá estar formulada de forma clara, precisa e inequívoca.
- No que respecta ao seu contido, a cláusula de modificación deberá precisar co detalle suficiente o seu alcance, límites e natureza; as condicións en que se poderá facer uso dela por referencia a circunstancias cuxa concorrencia se poida verificar de forma obxectiva; e o procedemento que se deba seguir para realizar a modificación.
- A cláusula de modificación establecerá que a modificación non poderá supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato.
- A modificación non poderá alterar a natureza global do contrato inicial.



Concello de Vigo

Nesta liña, no caso que nos ocupa, o prego prevé a modificación do contrato en función de “incorporación ou baixa de escolas infantís municipais ou centros descritos no obxecto do contrato” (apartado 15.C da FEC), sinalando como aspectos a modificar “as escolas infantís municipais ou os centros incluídos no obxecto do contrato” (apartado 15.B da FEC). Establecese como límite que a modificación non poderá superar o 20% do prezo de adjudicación do contrato (apartado 15.D da FEC).

A modificación obxecto deste informe ven motivada pola necesidade de elaborar un plan de autoprotección para a nova escola municipal de educación infantil de Bembrive que comezará a funcionar en setembro de 2021. Trátase dunha obriga legal imposta polo artigo 20 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais que dispón que *“El empresario, teniendo en cuenta el tamaño y la actividad de la empresa, así como la posible presencia de personas ajenas a la misma, deberá analizar las posibles situaciones de emergencia y adoptar las medidas necesarias en materia de primeros auxilios, lucha contra incendios y evacuación de los trabajadores, designando para ello al personal encargado de poner en práctica estas medidas y comprobando periódicamente, en su caso, su correcto funcionamiento. El citado personal deberá poseer la formación necesaria, ser suficiente en número y disponer del material adecuado, en función de las circunstancias antes señaladas”*. Obriga desenvolta no Real Decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividades que poidan dar orixe a situacións de emerxencia e no Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia.

Informan ao respecto a axente de igualdade de oportunidades e a xefa do servizo de Igualdade, en data 18 de agosto de 2021 o seguinte:

“A escola infantil municipal de Bembrive comezará a prestación dos seus servizos o vindeiro mes de setembro de 2021 e resulta necesario contar cun plan de autoprotección para o centro para garantir a correcta actuación do persoal en caso de que se presente unha emerxencia.

O artigo 20 da Lei 31/1995, de 8 de novembro de prevención de riscos laborais establece:

O empresario, tendo en conta o tamaño e a actividade da empresa, así como a posible presenza de persoas alleas á mesma, deberá analizar as posibles situacións de emerxencia e adoptar as medidas necesarias en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores, designando para iso ao persoal encargado de poñer en práctica estas medidas e comprobando periodicamente, no seu caso, o seu correcto funcionamento. O citado persoal deberá posuír a formación necesaria, ser suficiente en número e dispoñer do material adecuado, en función das circunstancias antes sinaladas

O R.D. 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias adicados a actividades que podan dar orixe a situacións de emerxencia, inclúen entre os centros obrigados a realizar plans de autoprotección (artigo 2 / anexo I) a centros docentes, incluíndo neste apartado a establecementos de uso docente especialmente destinados a persoas discapacitadas físicas ou psíquicas ou a outras persoas que non poidan realizar unha evacuación polos seus propios medios.

O Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia inclúen entre os centros obrigados a realizar plans de autoprotección (artigo 1 / anexo I) a centros docentes, incluíndo neste apartado ás garderías e escolas de educación infantil.

Tendo en conta o exposto, resulta necesario modificar o contrato suscrito con Pedro Murciego Delgado (exp. 386/2202) para a realización das seguintes actuacións na nova escola infantil municipal, tal e como consta no PCAP para o resto das escolas infantís municipais:

- *Elaboración do informe de situación inicial*
- *Elaboración do Plan de autoprotección, visado, elaboración e colocación de planos e redacción de consignas para contratas*
- *Formación e adestramento dos equipos de emerxencias*
- *Simulacro e informe”.*

Con relación o prezo da modificación dí o citado informe que:

“Segundo o apartado 15 das FEC do PCAP, en caso de incorporación dun centro de traballo ao obxecto deste contrato, se incrementará o prezo nunha cantidade igual ao valor do prezo de cada prestación que deba realizarse, de acordo ao prezo do contrato segundo o indicado no punto 3.G desta FEC coa aplicación da porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario. Polo tanto, é necesario realizar unha modificación do contrato na seguinte cantidade:

Elaboración do informe de situación inicial	230,19 €
Elaboración do Plan de autoprotección, visado, elaboración e colocación de planos e redacción de consignas para contratas	1035,86 €
Formación e adestramento dos equipos de emerxencias + preparación e realización de simulacro + informe de simulacro:	298,68 €
Total	1564,73 €

”.

Podemos concluír, á vista do citado informe, que a modificación proposta:

- Está comprendida nos supostos previstos no PCAP toda vez que, obedece a necesidade de elaborar un plan de autoprotección por consecuencia da entrada en funcionamento dunha nova escola municipal.
- Supón un incremento do prezo do contrato de 1.564,73 euros, que equivale a un 6'80 % do prezo do contrato. Polo tanto, atópase dentro do límite da porcentaxe máxima de modificación do mesmo, que é do 20% do seu prezo, segundo o disposto no apartado 15.D da FEC.

Á vista do anterior, a modificación proposta está comprendida nos supostos de modificación previstos no PCAP (aspectos, circunstancias e límites) e na LCSP.



Concello de Vigo

Da concorrencia dos requisitos para a modificación do contrato

A potestade de modificación unilateral da Administración ou ius variandi, queda sometida a tres tipos de límites:

- Límites procedimentais: a previa audiencia do contratista (artigo 191.1 LCSP) e informe do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma respectiva, no caso das modificacións previstas no PCAP cando a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 por cento do prezo primitivo do contrato, cando este sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros (artigo 191.3.b LCSP).
- Límites materiais: os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público, nos casos e na forma previstos na lei, ou no seu caso, no prego.
- Límites económicos: a obriga da Administración de compensar ao contratista pola alteración económica que a modificación lle supoña.

Respecto dos límites procedimentais, é preciso dar audiencia ao contratista, se ben non resulta necesario solicitar informe do Consello Consultivo de Galicia por canto o prezo primitivo do contrato é inferior a 6.000.000 euros. Evacuado trámite de audiencia ao contratista manifesta que está conformes coa modificación proposta.

Respecto dos límites materiais, a modificación obedece a unha razón de interese público que é dotar dun plan de autoprotección a unha escola infantil municipal, obriga imposta polo artigo 20 da Lei 31/1995.

Respecto dos límites económicos, ao tratarse dun contrato de servizo é preciso compensar ao contratista respecto da alteración económica que esta modificación supón. Tal e como se desprende do citado informe do servizo xestor, a modificación ascende a 1.564,73 €, que imputaranse á aplicación orzamentaria 920.1.2279900“PLAN RISCOS LABORAIS”. Distribuirase do seguinte xeito:

- Exercicio 2021: 1.564,73 €

Unha vez adoptado o acordo de modificación, este poñerá fin á vía administrativa e será inmediatamente executivo (artigo 114.3 TRRL). A modificación acordada será obrigatoria para o contratista e deberá formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 LCSP e publicarse (artigo 203.3 LCSP).

Respecto á publicidade determina o artigo 207.3 que cando se modifique un contrato durante a súa vixencia, con independencia de se este está ou non suxeito a regulación harmonizada e da causa que xustifique a modificación, deberá publicarse en todo caso un anuncio de modificación no perfil de contratante do órgano de contratación no prazo de 5 días desde a súa aprobación, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de todos os informes que, de ser o caso, se solicitasen con carácter previo á súa aprobación, incluídos aqueles achegados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación.

Do reaxuste da garantía definitiva

O artigo 109.3 da LCSP determina que cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o seu prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado. O reaxuste deberá realizarse no prazo de quince días contados desde a data en que se notifique ao empresario o acordo de modificación.

-V-

Do cumprimento dos restantes trámites do procedemento de modificación

Examinada a concorrencia dos requisitos legais esixidos para o exercicio do ius variandi, resta cumprimentar os restantes trámites do procedemento para efectuar modificacións nos contratos administrativos que detalla o artigo 102 RLCAP: fiscalización do gasto correspondente e aprobación polo órgano de contratación. Procedemento ao que é preciso engadir os requisitos esixidos para as entidades locais no artigo 114.3 TRRL: previo informe da Secretaría e da Intervención da Corporación. Se ben as referencias á Secretaría, no caso do Concello de Vigo, ao ser un municipio de grande poboación rexido polo Título X da LBRL, hai que entendelas feitas ao titular da Asesoría Xurídica, en virtude do disposto na disposición adicional 2ª da LCSP, que lle atribúe todas as funcións asignadas pola lexislación sobre contratos das Administracións públicas aos secretarios con excepción da formalización dos contratos en documento administrativo.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da intervención municipais (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda da LCSP).

-VII-

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.-Modificar o contrato de servizos de redacción e implantación e posterior revisión de plans de autoprotección para as escolas infantís municipais, escola municipal de música e escola de teatro (expediente 386-2202), incrementando as escolas infantís municipais e os centros incluídos no obxecto do contrato engadindo a Escola infantil de Bembrive.

2º.- A modificación supón un incremento do importe total do contrato de 1.564,73 euros, (IVE incluído), que aboarse con cargo á aplicación orzamentaria 920.1.2279900 “PLAN RISCOS LABORAIS”. Esta modificación representa un 6,80% do prezo do contrato. Distribuirase do seguinte xeito:

- *Exercicio 2021: 1.564,73 €*



Concello de Vigo

3º.- Unha vez aprobado o acordo de modificación, o contratista deberá reaxustar a garantía definitiva, no prazo dos quince días seguintes á notificación do acordo e con carácter previo á súa formalización”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(796).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2020-2021. EXPTE. 20425/333.

Visto o informe xurídico do 23/07/21 e o informe de fiscalización do 03/09/21, dáse conta do informe-proposta do 14/07/21, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, e concelleiro-delegado de Área e polo adxunto ao xefe do Servizo, que di o seguinte:

I- ANTECEDENTES:

Vista a proposta do 12 de xullo de 2021 da comisión de avaliación (Órgano Colexiado de Avaliación) composta polo Concelleiro de Deportes D. José Manuel Fernández Pérez, polo Xefe do servizo de deportes-Director deportivo, e o Adxunto do xefe do servizo-director técnico, como secretario, e consonte o establecido na cláusula 14ª das bases que regulan esta convocatoria, este técnico procede a realizar a proposta á Xunta de Goberno local en base á análise realizada pola dita comisión de avaliación.

Na cláusula 8ª das bases da convocatoria establécese que a o importe destinado ás subvencións distribuirase entre tódalas entidades deportivas que, por reunir os requisitos esixidos para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento tendo en conta os criterios e baremos que figuran na cláusula 7ª das mesmas, na que se detalla que os datos a puntuar corresponderán ás actividades da tempada 2020-2021, ou no ano 2021 de ser o caso, sobre un máximo de 86 puntos, establecéndose do seguinte xeito:

a) Actividades xeral da entidade solicitante:

a.1. Relevancia do proxecto e da entidade deportiva no ámbito da cidade: Valorarase de forma xeral o proxecto, con ata 20 puntos, sempre que este reúna as condicións mínimas para que sexa técnica e economicamente viable e tendo en conta os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.

a.2. Organización de eventos deportivos que colaboren co sistema deportivo local. Valorarase un só evento por entidade.

A valoración deste criterio será incompatible con outras subvencións outorgadas polo Concello de Vigo

Para ser tido en conta, o proxecto deberá obter, como mínimo, 2 puntos no apartado.

Valoraranse de forma xeral os proxectos, con ata 20 puntos, sempre que estes reúnan as condicións mínimas para que se consideren técnica e economicamente viables e tendo en conta os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Volume de participación.
- Nivel deportivo da competición.
- Oficialidade da competición (Incluída no calendario oficial da federación)
- Ámbito territorial da competición (Internacional, Nacional, autonómico, provincial ou local).
- Antigüidade do proxecto.
- Atención ó deporte feminino.
- Atención ó deporte adaptado.
- % de financiamento privado.

b) Promoción do deporte base:

b.1. Número de licencias ata categoría previa á absoluta incluída. Ata 22 puntos

Volume de licencias ata categoría previa á absoluta e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 10 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 50 licencias.
- 4 puntos: De 51 a 100 licencias.
- 5 puntos: De 101 a 150 licencias.
- 8 puntos: De 151 a 200 licencias.
- 10 puntos: De 201 a 250 licencias.
- 12 puntos: De 251 a 300 licencias.
- 14 puntos: De 301 a 350 licencias.
- 16 puntos: De 351 a 400 licencias.
- 18 puntos: De 401 a 450 licencias.
- 22 puntos: >450

Volume de licencias de base ata categoría previa á absoluta e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 50 a 100 licencias.
- 2 puntos: De 101 a 450 licencias.
- 3 puntos: De 451 a 650 licencias.
- 4 puntos: De 651 a 999 licencias.
- 5 puntos: De 1.000 a 1.200 licencias.
- 7 puntos: De 1.201 a 1.300 licencias.
- 9 puntos: De 1.301 a 1.400 licencias.
- 12 puntos: De 1.401 a 1.500 licencias.
- 15 puntos: De 1.501 a 2.000 licencias.
- 22 puntos: > de 2.000 licencias.



Concello de Vigo

b.2. Número de licencias de categoría feminina: Ata 6 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación (*excepto Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis).

- 1 punto: De 15 a 30 licencias.
- 2 puntos: De 31 a 45 licencias.
- 3 puntos: De 46 a 60 licencias.
- 4 puntos: De 61 a 75 licencias.
- 5 puntos: De 76 a 90 licencias.
- 6 puntos: >90 licencias.

Volume de licencias femininas e puntuación para Actividades subacuáticas, Bádminton, Golf, Hípica, Judo, Karate, Montañismo, Pádel, Surf, Taekwondo e Tenis:

- 1 punto: De 45 a 150 licencias.
- 2 puntos: De 151 a 300 licencias.
- 3 puntos: De 301 a 400 licencias.
- 4 puntos: De 401 a 450
- 4 puntos: De 451 a 500
- 6 puntos: >500 licencias.

c) Deporte e discapacidade: 3 puntos.

Outorgaranse 3 puntos ós proxectos deportivos federados cuxo fin estea orientado fundamentalmente ó deporte adaptado, e que cumpran cos requisitos da convocatoria.

d) Gastos en aluguer de instalacións deportivas municipais en concepto de aluguer de instalación para adestramentos e competicións deportivas. Ata 15 puntos

A entidade solicitante recibirá un punto, ata un máximo de 15, por cada 600,00€ de gasto en aluguer de instalacións deportivas municipais realizados no ano 2020. O Concello comprobará de oficio o gasto efectivo realizado polas entidades solicitantes.

- 1 punto por cada 600,00€ de gasto acreditado.

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2020/2021, ou en calquera caso, no ano 2020 nas modalidades cuxa tempada deportiva se corresponda co ano natural.

A esta convocatoria presentáronse un total de 174 solicitudes, das que se admitiron definitivamente 169 e rexeitáronse 5 por diferentes motivos segundo se detalla no anexo II.

Da avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14^a das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7^a das bases, obtense que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes é de 1290 puntos.

Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 925.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 717,05€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas.

A comisión de valoración das solicitudes acredita que da información que ten no seu poder o instrutor se desprende que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvención tal e como esixe o artigo 21.6 da Lei 9/2007.

A comisión de valoración das solicitudes presentadas certifica ademais que os documentos acreditativos de estar ao corrente coa Seguridade Social, a facenda autonómica e a AEAT, solicitados e presentados polas entidades solicitantes están vixentes no momento da súa revisión.

No anexo I relaciónanse os importes propostos correspondentes a cada unha das entidades solicitantes de subvención admitidas no proceso.

Nas bases da convocatoria, se esixe que as entidades solicitantes certifiquen o número de licencias por categoría. Na comprobación de este concepto utilizáronse os certificados emitidos polas Federacións Deportivas de cada modalidade.

Por outra banda, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións superiores a 3.000,00€ acrediten mediante a presentación de certificados oficiais, estar ao corrente de pagos coa a Facenda autonómica autorizando ó Concello a comprobar este dato coa Seguridade Social, a AEAT e o Concello de Vigo. Da mesma forma, as bases da convocatoria establecen que as entidades que soliciten subvencións por importe inferior a 3.000,00€, poden acreditar que non teñen débedas coas administracións públicas mediante a presentación dunha declaración responsable. A comisión avaliadora constatou, e así o certifica na súa avaliación de 12 de xullo de 2021, a validez destes certificados e declaracións no momento da súa revisión.

As entidades solicitantes da subvención declaran que todos os datos reflexados na solicitude son certos e se axustan á realidade. Cómpre ter en conta na responsabilidade na que incorrerían as entidades no caso de falsear os datos na solicitude.

No apartado de Organización de actividades e competicións deportivas que colaboren co sistema deportivo local, avaliáronse os datos referentes á importancia e repercusión da actividade ou competición, a participación, e a súa relevancia no desenvolvemento do sistema deportivo local.

No anexo I relaciónanse os importes das subvencións propostas para cada unha das entidades solicitantes admitidas. Estes importes están definidos polo produto dos puntos acadados por cada entidade e o valor unitario do punto. Na avaliación realizada polo órgano colexiado (cláusula 14ª das bases da convocatoria) en base ós criterios de avaliación e baremos establecidos na cláusula 7ª das bases, obtívose que a suma das puntuacións acadadas polo total de entidades solicitantes foi de 1.290 puntos. Tendo en conta que o importe total da convocatoria é de 925.000,00€, o valor unitario de cada punto se concreta en 717,05€.

Non obstante, o importe que inicialmente corresponde a algunhas das entidades solicitantes en base ó valor unitario do punto, supera o solicitado por estas, o que provoca un axuste á baixa na subvención proposta inicialmente para elas.

Por todo o dito anteriormente, propónse á Xunta de Goberno Local adopte o seguinte acordo:

1. Distribuír as subvencións entre os clubs relacionados segundo consta no Anexo I, por un importe total de 838.906,10€, con cargo á partida orzamentaria 3410.489.00.00. do orzamento do 2021, correspondentes á resolución da Convocatoria de subvencións a entidades deportivas pola súa actividade na tempada 2020-2021.

2. Rexeitar as solicitudes das seguintes entidades pola seguintes causas:

- Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
----------	-----	--------



Concello de Vigo

ASOCIACIÓN DEPORTIVA BASKETGAL	G27817584	20600-333
PRADO SURF	G36850014	20630-333

- a) Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.4 de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2020/2021 ou no ano 2021:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
EXODUS TM	G27878610	20456-333

- b) Por non cumprir ningún dos requisitos detallado na base 5ª.4:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
CLUB BOMBEIROS DE VIGO	G36884493	20559-333
SLOT CLUB RÍAS BAIXAS	G27766575	20613-333

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO I: LISTADO DEFINITIVO DE ENTIDADES E SUBVENCIÓNS ACADADAS POLAS MESMAS NA "CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2020-2021.

Nº EXPTE		ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe con Ajuste inicial
20590-333	1	AGRUPACIÓN VIGUESA ATLETISMO	G36645109	21	15.058,14 €
20606-333	2	C.A.R MARISQUEIRO	G27737477	2	1.434,11 €
20530-333	3	CLUB VETERANOS SAMIL	G36841906	1	717,05 €
20514-333	4	COMESAÑA SPORTING CLUB	G36645257	16	10.000,00 €
20575-333	5	CSCR BEADE	G36904530	6	2.311,96 €
20615-333	6	SD ATLETISMO SAN MIGUEL DE OIA	G36645018	9	5.800,00 €
20534-333	7	CLUB BADMINTON CIES	G36827418	6	3.500,00 €
20525-333	8	BASQUET RÍAS BAIXAS	G27777127	7	4.500,00 €
20566-333	9	CLUB BALONCESTO SALESIANOS	G36875391	22	6.000,00 €
20543-333	10	CLUB BALONCESTO SEIS DO NADAL	G36942142	41	29.399,22 €
20582-333	11	CLUB NOVOBASKET VIGO	G27791474	11	6.500,00 €
20598-333	12	C.B. SAN JOSE DE LA GUIA	G36756831	2	1.434,11 €
20506-333	13	AGRUPACION GALICIA SOCIAL	G36622934	5	3.585,27 €
20621-333	14	CLUB BALONMÁN SEIS DO NADAL	G36948115	30	21.511,63 €
20545-333	15	CLUB BALONMANO RECONQUISTA DE VIGO	G27871375	8	5.736,43 €
20481-333	16	CLUB BILAR MANHATTAN	G27852011	6	2.999,00 €
20607-333	17	CLUB BILLARISTA ERRANTES	G27825322	1	717,05 €
20542-333	18	CLUB BOLOS VALLADARES SAN BARTOLOME	G27738962	5	2.100,00 €
20528-333	19	CLUB POLIDEPORTIVO SAUDADE	G36662344	2	1.434,11 €
20498-333	20	CLUB DEPORTIVO SAGABOX	G36987626	3	2.151,16 €
20601-333	21	REBOURAS TEAM	G27812650	5	3.585,27 €
20611-333	22	+ENDURO	G27796556	1	717,05 €
20572-333	23	CLUB CICLISTA BICI VERDE	G36814515	1	717,05 €
20474-333	24	CLUB CICLISTA CORUXO	G27710730	8	5.000,00 €
20642-333	25	CLUB CICLISTA RÍAS BAIXAS	G36842946	8	5.736,43 €
20484-333	26	CLUB CICLISTA TEIS	G36754323	5	3.585,27 €

Nº EXPTE		ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe con Ajuste inicial
20641-333	27	CLUB CICLISTA VIGUES	G36650885	24	17.209,30 €
20471-333	28	CLUB PEÑA CICLOTURISTA TRAVIESAS	G36703213	1	717,05 €
20592-333	29	GIOS KIWI ATLÁNTICO	G27707652	1	717,05 €
20564-333	30	AGRUPACION DEPORTIVA SODIM	G27727965	4	2.700,00 €
20578-333	31	AGRUPACION SOCIO DEPORTIVA ALTER-NATIVA	G27776459	4	2.500,00 €
20511-333	32	ASOC.PLAYA DE SAMIL	G36918084	4	2.000,00 €
20472-333	33	ASOCIACION DEPORTIVA MENELA	G36817575	4	2.000,00 €
20491-333	34	CLUB DEPORTIVO SAN RAFAEL	G36814093	4	2.868,22 €
20523-333	35	CLUB MINAUTA	G36834240	4	2.868,22 €
20501-333	36	CLUB POLIDEPORTIVO ASPANAEX	G36819779	4	2.415,18 €
20637-333	37	CLUBE SALADINO CORTIZO	G36836716	6	1.100,00 €
20627-333	38	FUNDACION CELTA DE VIGO	G36810042	4	2.868,22 €
20477-333	39	CLUB ESGRIMA DE VIGO	G36869873	13	8.500,00 €
20496-333	40	SALA VIGUESA ESGRIMA ANTIGA	G94027513	4	2.868,22 €
20550-333	41	FALCATA	G27775808	1	717,05 €
20562-333	42	CLUB ALBORADA FRONTENIS	G36683118	4	2.000,00 €
20571-333	43	ARENAS DE ALCABRE SCD	G36823912	15	10.755,81 €
20486-333	44	ASOC.DEPORTIVA LAVADORES CF	G36770931	8	5.736,43 €
20531-333	45	BALAIOS FC	G36737724	17	12.000,00 €
20538-333	46	CLUB DE FUTBOL SAN MIGUEL	G36743433	7	5.019,38 €
20502-333	47	CLUB DEPORTIVO NIETO	G36687309	7	5.019,38 €
20548-333	48	CLUB PEÑASCO	G27804970	9	6.453,49 €
20500-333	49	CLUB POLIDEPORTIVO ALERTANAVIA	G36649283	33	23.500,00 €
20513-333	50	CLUB RAPIDO DE BOUZAS	G36711513	21	15.058,14 €
20519-333	51	CLUB SAN ROQUE CASABLANCA	G36763084	12	8.604,65 €
20583-333	52	MOLEDO CLUB FUTBOL	G36734226	6	2.999,00 €
20619-333	53	RACING DE CASTRELOS FC	G36710762	11	7.887,60 €
20589-333	54	RAPIDO DE PEREIRO FC	G36874832	11	7.887,60 €
20488-333	55	SCD ATLANTIDA DE MATAMA	G36620854	16	11.472,87 €
20504-333	56	UVCD CANDEAN	G36863348	11	7.000,00 €
20608-333	57	C.D. TEIS	G36752640	4	2.868,22 €
20537-333	58	CLUB COLEGIO HOGAR SAN ROQUE	G36647311	13	8.500,00 €
20479-333	59	CLUB DEPORTIVO A GUIA	G36645612	13	9.321,71 €
20567-333	60	CLUB DEPORTIVO AREOSA	G36690519	8	5.736,43 €
20604-333	61	CLUB DEPORTIVO COYA	G36753911	13	9.321,71 €
20475-333	62	GRAN PEÑA, C.F.	G36663656	12	8.152,17 €
20499-333	63	INDEPENDIENTE, C.F.	G36710416	20	14.000,00 €
20640-333	64	S.D. CRISTO DE LA VICTORIA	G36684124	14	3.000,00 €
20625-333	65	UNION DEPORTIVA COMESAÑA	G36745586	5	3.585,27 €
20490-333	66	UNIÓN DEPORTIVA SANTA MARIÑA	G36628774	15	10.755,81 €
20493-333	67	ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO VIGO	G27808575	2	1.434,11 €
20639-333	68	C.D.A.P.A.Z F.S.	G27785039	6	3.000,00 €
20516-333	69	CLUB CIOS VIGO	G.36795680	7	5.000,00 €
20593-333	70	CLUB LABOR	G36926293	5	1.400,00 €
20579-333	71	ESCUELAS DEPORTIVAS VIGO 2015	G36982239	28	20.077,52 €
20469-333	72	IES CORUXO FS	G27726835	15	10.755,81 €
20533-333	73	TREBOADA FS SAN SALVADOR	G36645075	5	3.585,27 €



Concello de Vigo

Nº EXPTE		ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe con Ajuste inicial
20620-333	74	CLUB APOSTOL SANTIAGO	G36646446	29	9.160,27 €
20520-333	75	CLUB MARISTAS EL PILAR	G36690782	3	2.151,16 €
20507-333	76	PECHECHES FÚTBOL SALA	G27778521	6	4.302,33 €
20610-333	77	REAL AEROCUB DE VIGO	G36610384	5	3.000,00 €
20629-333	78	CLUB HALTEROFILIA VIGO	G36757623	5	2.500,00 €
20549-333	79	CD. ESTABLOS VIGO	G36982296	1	717,05 €
20587-333	80	ATLANTICO HOCKEY CLUB	G36684850	8	3.731,70 €
20524-333	81	TRAVIESAS HOCKEY CLUB	G36680239	14	10.038,76 €
20552-333	82	ASOCIACION DEPORTIVA FAMU	G36681633	16	11.472,87 €
20558-333	83	JUDO CLUB GALICIA SUR	G27781541	5	3.585,27 €
20503-333	84	AGRUPACION DEPORTIVA ZANSHIN	G36870160	7	5.019,38 €
20482-333	85	CLUB KENDO VIGO-FUJI DOJO	G27709120	2	1.200,00 €
20521-333	86	CLUB DE LOITA CIDADE DE VIGO	G36955565	3	2.151,16 €
20577-333	87	CLUB DE LUCHA EL CASTRO	G36707586	5	2.950,00 €
20553-333	88	CLUB LOITA SAN IGNACIO	G36708303	6	4.302,33 €
20466-333	89	KUZUSHI	G36696227	3	2.151,16 €
20458-333	90	CLUB DE MONTAÑA XISTRA	G36743540	1	717,05 €
20509-333	91	CLUB MONTAÑEIRO CELTAS	G36637890	1	717,05 €
20526-333	92	CLUB PEÑA TREVINCA MONTAÑEIRO DE GALICIA	G36630192	3	2.151,16 €
20594-333	93	SINGLETRACK OUTDOOR SPORTS	G36850378	5	3.585,27 €
20616-333	94	VIGOENDURO MTB	G27864107	1	717,05 €
20540-333	95	C.N.VIGO RIAS BAIXAS	G36827079	28	20.000,00 €
20480-333	96	CLUB NATACION TRAVIESAS	G36823524	1	717,05 €
20591-333	97	CLUB NATACION SINCRONIZADA RIAS BAIXAS VIGO	G27763812	15	10.755,81 €
20497-333	98	PADEL FEMENINO CIES	G27713759	2	1.434,11 €
20569-333	99	CLUB AS RODAS PATINAXE ARTISTICA	G36645091	18	12.906,98 €
20522-333	100	CLUB CASTRELOS PATINAXE ARTISTICA	G36811974	10	7.170,54 €
20603-333	101	CLUB DEPORTIVO FREESTYLE SLALOM VIGO	G27722305	14	10.038,76 €
20636-333	102	CLUB PATIN VAGALUME	G36982304	7	5.019,38 €
20560-333	103	CLUB PATINAJE BALAIOS	G27846864	14	6.000,00 €
20554-333	104	CLUB PATINAXE ART. VALLADARES	G36765733	6	4.302,33 €
20617-333	105	CLUB PATINAXE CORUXO	G27865831	6	3.000,00 €
20517-333	106	CLUB VIEJA ESCUELA ROLLER	G36571123	3	1.600,00 €
20510-333	107	FEDERACION VIGUESAPEÑAS REC EL OLIVO	G36704666	10	3.000,00 €
20487-333	108	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA XESTAS	G36628543	1	717,05 €
20602-333	109	CLUB A TOXEIRA	G36849040	1	717,05 €
20584-333	110	CLUB DO LUME	G36852671	1	717,05 €
20536-333	111	CLUB LLAVE Y PETANCA VALLADARES	G36796316	1	717,05 €
20634-333	112	CLUB PETANCA ASOC VECINOS DE SAMPALDO	G36930832	1	717,05 €
20623-333	113	CLUB PETANCA BREOGAN	G36802247	1	717,05 €
20535-333	114	CLUB PETANCA CARAPUCHA	G27779446	1	717,05 €
20596-333	115	CLUB PETANCA ENSINO	G36798866	4	2.868,22 €
20495-333	116	CLUB PETANCA FLORIDA	G36792711	1	700,00 €
20532-333	117	CLUB PETANCA GALAICOS	G27840750	1	717,05 €
20547-333	118	CLUB PETANCA GALICIA	G36881639	1	717,05 €
20632-333	119	CLUB PETANCA MADROA	G27722354	1	717,05 €
20576-333	120	CLUB PETANCA TEIS	G36288413	1	717,05 €

Nº EXPTE		ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe con Ajuste inicial
20515-333	121	CLUB PETANCA VIGO	G36702413	1	717,05 €
20557-333	122	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA PARDAVILA	G36648996	1	717,05 €
20561-333	123	CLUB KAYAK VIGO	G36978559	10	7.170,54 €
20609-333	124	CLUB PIRAGUISMO OLIVICO	G27822006	11	7.887,60 €
20588-333	125	CLUB DE REMO CORUXO	G36726750	6	4.302,33 €
20563-333	126	CLUB DE REMO VIRXE DA GUIA	G36650273	8	5.736,43 €
20638-333	127	CLUB REMO VIGO	G27852896	13	9.321,71 €
20586-333	128	CLUB CIES SQUASH	G27869437	12	8.604,65 €
20612-333	129	CLUB SQUASH RIA DE VIGO	G27736438	3	2.151,16 €
20544-333	130	VIGO SQUASH	G36929511	7	5.019,38 €
20463-333	131	A.D. KIAP	G36788594	3	2.151,16 €
20555-333	132	AS SPORT VIGO	G27749837	2	1.434,11 €
20465-333	133	CENTRO BUDO CASTRELOS	G36680106	2	1.434,11 €
20570-333	134	CLUB DEPORTIVO SEUN GSPORT	G27810761	1	717,05 €
20626-333	135	CLUB TAEKWONDO KAE SPORT	G27830975	1	717,05 €
20622-333	136	CLUB DE CAMPO DE VIGO	G36613685	5	3.585,27 €
20478-333	137	C.D. TENIS DE MESA HELIOS BEMBRIVE	G27762483	1	717,05 €
20635-333	138	CTM	G27779016	4	2.868,22 €
20624-333	139	ILLAS CIES TENIS DE MESA	G27849090	5	3.585,27 €
20597-333	140	CLUB ARQUEROS NITO RUIZ	G36807881	1	700,00 €
20644-333	141	GALICIA MAXICA TRAIL ADVENTURE	G27782168	2	1.434,11 €
20628-333	142	CLUB TRIATLON MAR DE VIGO	G27730597	12	8.604,65 €
20614-333	143	TRINORTH	G27796721	1	717,05 €
20494-333	144	C.D. COLEGIO MARIANO	G36649408	7	3.000,00 €
20529-333	145	CENTRO VECIÑAL E CULTURAL VALLADARES	G36805158	13	9.000,00 €
20468-333	146	CIRCULO MERCANTIL E INDUST	G36614097	6	4.302,33 €
20556-333	147	CLUB ESCUELA ROSALÍA	G27827856	5	3.585,27 €
20485-333	148	GIMNASIO CLUB SIMÓN	G36886901	5	2.600,00 €
20605-333	149	CLUB MARITIMO DE CANIDO	G36630127	3	2.151,16 €
20573-333	150	CLUB VOLEI PRAIA VIGO	G36990109	14	10.000,00 €
20568-333	151	BLACK VOLEY VIGO	G27747864	3	1.900,00 €
20574-333	152	CLUB DEPORTIVO XUVENIL DE TEIS	G36713493	21	15.058,14 €
20595-333	153	FIT SPORT	G36988947	2	1.434,11 €
20539-333	154	CLUB XADREZ DR.CASÁS VILA DE BOUZAS	G36918613	2	600,00 €
20492-333	155	CLUB FLIC FLAC	G36931582	29	20.794,57 €
20581-333	156	CLUB SIEIRO ACROBACIA VIGO	G36846608	13	9.321,71 €
20467-333	157	MANIOTAS	G36684819	24	17.209,30 €
20483-333	158	CLUB PETANCA SALGUEIRA	G36894517	1	500,00 €
20518-333	159	CLUB DEPORTIVO MOTOBOX	G36973105	1	717,05 €
20541-333	160	CLUB CICLISTA XTREIMBIKE	G36223139	1	717,05 €
20546-333	161	CLUB DEPORTIVO SAN JOSE DE CLUNY VIGO	G27857465	2	1.434,11 €
20565-333	162	XADREZ LUCENA	G36893154	3	2.151,16 €
20580-333	163	CLUB DEPORTIVO PASOS-BAILE GALICIA	G27750371	1	717,05 €
20599-333	164	REAL CLUB NAUTICO DE VIGO	G36612752	16	11.472,87 €
20618-333	165	CLUB DEPORTIVO ATLANTIGAS	G27867571	1	717,05 €
20643-333	166	VIGO RUGBY CLUB	G36680924	17	12.189,92 €
20633-333	167	CLUB MONTAÑA ALUD	G36897437	1	717,05 €



Concello de Vigo

Nº EXPTE		ENTIDADE	CIF	TOTAL PUNTOS	Importe con Ajuste inicial
20631-333	168	club baile deportivo baila al compas	G27711597	19	1.000,00 €
20551-333	169	CLUB ARADELAS	G36642247	2	1.434,11 €

ANEXO II: SOLICITUDES REXEITADAS NA AVALIACIÓN REALIZADA POLO ÓRGANO COLEXIADO ENCARGADO DO PROCESO DE AVALIACIÓN DAS MESMAS EN BASE Á “CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE VIGO EN RELACIÓN Á SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DA TEMPADA 2020-2021”.

- Por non subsanar a documentación presentada consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común e na base 12ª.

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
ASOCIACIÓN DEPORTIVA BASKETGAL	G27817584	20600-333
PRADO SURF	G36850014	20630-333

- c) Por non cumprir o requisito establecido na base 5ª.4 de ter un mínimo de 10 licencias vixentes na tempada 2020/2021 ou no ano 2021:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
EXODUS TM	G27878610	20456-333

- d) Por non cumprir ningún dos requisitos detallado na base 5ª.4:

ENTIDADE	CIF	EXPTE.
CLUB BOMBEIROS DE VIGO	G36884493	20559-333
SLOT CLUB RÍAS BAIXAS	G27766575	20613-333

7(797).- BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIÓNS DE CAMPOS DE FÚTBOL DE TITULARIDADE PRIVADA DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 20444/333.

Visto o informe xurídico do 1/09/21 e o informe de fiscalización do 03/09/21, dáse conta do informe-proposta de data 30/08/21, asinado polo xefe do Servizo de Depoertes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Co obxecto de dar continuidade á tramitación do expediente nº 20444/333 sobre as Bases e a Convocatoria de subvencións orientadas á mellora de campos de fútbol da cidade de Vigo, e atendendo ás observacións detalladas no informe xurídico de data 07/04/2021, procédese a informar sobre as ditas consideracións e á modificación da proposta tal e como a continuación se detalla:

1. Modificouse a cláusula décimo sétima substituíndo o importe de 65.000,00€ por 60.000,00€.
2. Modificouse a cláusula décimo novena, substituíndo “aval” por “garantía”.
3. Corrixíuse o término “moble” sendo substituído por “inmoble” nas bases 7ª e 8ª.
4. Engadiuse nos antecedentes a xustificación sobre a condición de beneficiarios en relación ós centros escolares.

Polo exposto, procédese á modificación da proposta considerando e atendendo as observacións detalladas:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou, na sesión ordinaria celebrada o 27 de decembro de 2019, o plan de dinamización e desenvolvemento do deporte na cidade de Vigo, Liñas estratéxicas básicas da actuación no período 2019/2023.

Este plan de dinamización inclúe entre outras cuestións o desenvolvemento da promoción, dinamización, apoio e fomento da actividade deportiva na cidade de Vigo, que ten entre os obxectivos fundamentais a dinamización dunha oferta deportiva ampla e diversa e a optimización dos recursos destinados á promoción do deporte, incluíndo o desenvolvemento de estratexias de colaboración do tecido deportivo asociativo da cidade que permita implementar sinerxías orientadas á optimización dos usos dos espazos deportivos.

A actividade deportiva en Vigo, ten unha transcendencia dunha significación extraordinaria en relación á participación no tecido deportivo, asociativo e educativo en todas as facetas do deporte, e de forma moi considerable no ámbito do fútbol.

A Concellería de Deportes, está a impulsar proxectos de dinamización deportiva, que potencien as posibilidades para o acceso á práctica deportiva á poboación en xeral da cidade nunhas condicións óptimas. Neste ámbito, destácase a gran importancia que ten o tecido asociativo-deportivo e educativo como axente dinamizador do sistema deportivo nun municipio, os cales promoven sinerxías moi importantes para dinamizar actividades deportivas.

A Concellería de deportes considera necesario coaduxar no fomento de proxectos de inversión que teñan por obxecto a mellora das condicións dos campos de fútbol de titularidade privada nos que se desenvolven proxectos de gran interese para a cidade. A proposta trata de dar resposta a unha necesidade detectada nos derradeiros anos pola Concellería de deportes, xa que se entende que os proxectos de inversión de certa envergadura requiren a implicación das administracións públicas, co fin de establecer sinerxías que permitan o desenvolvemento de proxectos de interese para a cidade.

É por isto que esta convocatoria ten por obxecto o financiamento de obras de primeiro establecemento, ou reforma, restauración, rehabilitación ou gran reparación de bens inmobles xa existentes. Nestes conceptos se contemplarían, tal como se detalla no artigo 232 da Lei 9/2007, de 8 de novembro, de Contratos do sector público, actuacións que cumpriran as seguintes características:

- Obras de primeiro establecemento, que dan lugar á creación dun ben inmovle.
- Reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovle xa existente.

Estas cuestións fundamentan que dende a Concellería de deportes do Concello de Vigo se considere adecuado colaborar na mellora e adecuación das instalacións deportivas da cidade, en concreto ás vinculadas ó ámbito do fútbol, vinculadas ó desenvolvemento de proxectos deportivos fundamentalmente relacionados co deporte de base, que se desenvolven en campos de fútbol de titularidade privada, pero que supoñen un importante impulso á práctica deportiva na cidade e que permiten que un gran número de deportistas da cidade teñan espazos necesarios de adestramento e competición.

O desenvolvemento da proposta fundaméntase na propia actividade das distintas entidades dinamizadoras do fútbol da cidade, que veñen impulsando proxectos deportivos de gran arraigo en Vigo, que inclúen tanto a dinamización do deporte afeccionado en categoría absoluta, como o



Concello de Vigo

desenvolvemento de programas de dinamización e fomento do fútbol base, a través da promoción de escolas de fútbol que acollen fundamentalmente a xóvenes deportistas vigueses.

A relación de colaboración que se establece entre o Concello e o tecido impulsor do deporte fundaméntase basicamente na relevancia que para a cidade de Vigo supón o desenvolvemento de proxectos deportivos arraigados na cidade, dinamizados por entidades sen ánimo de lucro que contribúen ó fomento do deporte nesta cidade, e representan unha importante parte da actividade deportiva da poboación.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ás entidades copartícipes da promoción e fomento do deporte na cidade de Vigo e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadanas.

Os obxectivos xerais destes proxectos de subvencións responden ó desexo de xerar proxectos comúns, que propicien actuacións prioritarias na búsqueda da potenciación de sinerxías no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- O tecido asociativo deportivo da nosa cidade é o reflexo do compromiso de centos de persoas coa mellora das condicións de vida e a defensa dos intereses xerais da poboación. A mellora dos recursos para a dinamización do deporte en todos os aspectos é unha das prioridades de actuación en materia de deporte.
- A colaboración cos axentes deportivos no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, contén cun proxecto deportivo de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

Tendo en conta o que vai dito, o Concello de Vigo ten interese en colaborar na implantación e mellora das instalacións e equipamentos dos campos de fútbol de titularidade privada ubicados na cidade de Vigo contribuindo ao financiamento das seguintes actuacións:

- Liña 1: Actuacións de inversión en centros educativos privados ubicados na cidade de Vigo que dispoñan de campos de fútbol nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol en concepto de inversións orientadas a:
 - Obras de primeiro establecemento, que dean lugar á creación dun ben inmovible.
 - Reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.
- Liña 2: Actuacións de inversión en campos de fútbol de titularidade privada nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, en concepto de inversións orientadas a:
 - Iluminación dos terreos de xogo.
 - Cambio de sistemas de xeración de auga quente sanitaria.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no apartado 2.I do artigo 25, establece que o Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da

lexislación do Estado e das Comunidades autónomas a “Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación de tempo libre”.

Da mesma forma a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, nos apartados a) e b) do artigo 86.1 establece que para a xestión dos seus intereses e unha vez se garanta a prestación dos servizos mínimos, o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias doutras administracións Públicas e, en particular, as relativas “á educación” e “á cultura, a xuventude e o deporte” respectivamente.

A proposta de financiamento a través desta convocatoria das actuacións de inversión en centros educativos de carácter privado excluindo os centros públicos, fundaméntase da mesma forma en que a cooperación dos municipios co Ministerio de Educación e Ciencia sobre necesidades de ampliación ou modificación da rede escolar de centros docentes públicos non universitarios e a súa xestión, realízase mediante convenio con este, quen determina as condicións xerais á que deberán axustarse este tipo de convenios, sendo o propio Ministerio de Educación e Ciencia o que procederá ó seu financiamento, con suxeición ós prezos límite establecidos ás prescricións técnicas vixentes e ó contido do convenio, tal como establecen os artigos 2, e 5.4 do Real Decreto 2274/1993, de 22 de decembro, de cooperación das corporacións locais co Ministerio de Educación e Ciencia.

En base a todos os aspectos expostos, o obxecto do presente expediente, busca fomentar unha colaboración entre o CONCELLO DE VIGO e o tecido asociativo-deportivo e educativo do ámbito privado da cidade de Vigo para subvencionar a mellora e adecuación dos campos de fútbol da cidade, que mellore as condicións de práctica deportiva, en base á relación de complementariedade das actuacións de Concello e entidades que impulsan e colaboran na promoción do deporte da cidade, o cal constitúe unha importante ferramenta de traballo para o desenvolvemento de calquera programa de dinamización e actuación no sistema deportivo na cidade de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas destinadas ó fomento de proxectos de dinamización deportiva na cidade de Vigo na mellora das condicións dos campos de fútbol de titularidade privada na cidade de Vigo, o Concello de Vigo obrígase a achegar a seguinte contía, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello para 2021:

Liñas	Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
Liña 1	3420.7700000 “Subv. Instalacións deportivas centros educativos”	150.000,00 €	2021
Liña 2	3420.7800011 “Axuda investimentos inst. deportivas”	65.000,00€	2021

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

Con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión da subvención nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.



Concello de Vigo

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as vixentes Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á mellora e adecuación de campos de fútbol da cidade Vigo e súa convocatoria.

SEGUNDO: Autorizar o gasto por importe de 215.000,00 € (Dous centos quince mil Euros), condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello para 2021:

Liñas	Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
Liña 1	3420.7700000 "Subv. Instalacións deportivas centros educativos"	150.000,00 €	2021
Liña 2	3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas"	65.000,00€	2021

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DE SUBVENCIONS ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIONES DE CAMPOS DE FÚTBOL DE TITULARIDADE PRIVADA DA CIDADE DE VIGO.

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as bases que regularán a concesión de subvencións para fomentar a inversión na mellora dos campos de fútbol de titularidade privada ubicados no termo municipal de Vigo, mediante a entrega dunha axuda económica ás entidades propietarias que, cumprindo os requisitos desta convocatoria, promovan e executen durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2021, actuacións de inversión na mellora en campos de fútbol.

Esta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN. LIÑAS SUBVENCIONABLES.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa inversión en actuacións orientadas á mellora de campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo, o que contribuír á dinamización e mellora da oferta deportiva da cidade, a través do desenvolvemento de actuacións de promoción da práctica do fútbol en todas as idades, para o cal o Concello de Vigo no seu ámbito competencial conta coa competencia propia en materia de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre, ao abeiro do artigo 25.2 l) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) -na redacción dada pola Lei 27/2013- e 80.2n) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Actuacións de inversión subvencionables:

- Obras de primeiro establecemento, que dean lugar á creación dun ben inmovible.
- Reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.

Liñas de subvención:

- Liña 1: Actuacións de inversión en centros educativos privados ubicados na cidade de Vigo que dispoñan de campos de fútbol nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol en concepto de inversións orientadas a:
 - Obras de primeiro establecemento, que dean lugar á creación dun ben inmovible.
 - Reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.
- Liña 2: Actuacións de inversión en campos de fútbol de titularidade privada nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, en concepto de inversións orientadas a:
 - Iluminación dos terreos de xogo.
 - Cambio de sistemas de xeración de auga quente sanitaria.



Concello de Vigo

Non serán subvencionables actuacións relacionadas con obras de reparación simple, obras de conservación e mantemento ou obras de demolición.

SEGUNDA.- GASTOS SUBVENCIONABLES.

Serán gastos subvencionables as actuacións aqueles realizados entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2021, que de xeito determinado correspondan á execución das actuacións subvencionables, incluídos os gastos financeiros derivados do investimento.

Serán gastos subvencionables a execución das obras na instalación deportiva nos terreos onde se desenvolva a actuación subvencionada. Os honorarios profesionais correspondentes á redacción do proxecto, dirección de obra e execución, a coordinación de seguridade, os actos previos ó proxecto como, no seu caso, a realización de estudos xeotécnicos, levantamentos topográficos, etc., aínda que se incorporen ó mesmo para a súa realización en obra, serán subvencionables so ata o 5 % do importe total da axuda concedida.

En todo caso, non serán gastos subvencionables:

- Os incrementos do orzamento de gastos que non se tiveran recollido na solicitude achegada.
- Os gastos de mantemento das instalacións ou infraestruturas cuxa execución se subvenciona.
- Os gastos que non estean claramente definidos e que non se tiveran reflectido no orzamento e/ou proxecto.
- Os intereses debedores das contas bancarias.
- Intereses, recargos e sancións administrativas e penais.
- Os gastos de procedementos xudiciais.

TERCEIRA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 215.000,00 € (Douscentos quince mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás seguintes partidas orzamentarias en función das liñas a subvencionar:

Liñas	Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
Liña 1	3420.7700000 "Subv. Instalacións deportivas centros educativos"	150.000,00 €	2021
Liña 2	3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas"	65.000,00€	2021

Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

CUARTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN.

1.- Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade, procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

2.- A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

3.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS, CONDICIÓNS DOS TERREOS E AS EDIFICACIÓNS E LIÑAS SUBVENCIONABLES:

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas:

- Liña 1: Centros educativos privados que dispoñan de campos de fútbol nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, con personalidade xurídica propia, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.
- Liña 2: Entidades titulares de instalacións nas que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Na liña 2, entidades con ánimo de lucro.

3. Condicións dos terreos e as edificacións:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Os proxectos que se presenten serán por importe superior a 40.000,00€

4. Que a entidade solicitante teña a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios en que se pretende realizar as actuacións. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e acreditarase mediante escritura pública ou calquera medio válido en dereito

5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar acollendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.



Concello de Vigo

7. Débedas coas Administracións Públicas: As entidades solicitantes acharanse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo. Entenderase que o solicitante, ao presenta-la solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para comprobar de oficio os datos acreditativos de tal extremo ós departamentos administrativos responsables, aínda que de non ser posible esta comprobación a comisión poderá esixir ás solicitantes a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

SEXTA.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

1.- Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Presentar proxectos de inversión en actuacións orientadas á mellora de instalacións vinculadas con campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.
- b) Executar a actuación subvencionada consonte o proxecto presentado coa solicitude.
- c) Dinamizar proxectos deportivos de competición e de formación no ámbito do fútbol vinculados coa instalación obxecto da subvención, deixando constancia do financiamento municipal en calquera actividade celebrada na instalación coa inclusión da imaxe corporativa oficial.
- d) Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.
- e) Dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo a través de cartelería elaborada ao efecto con medidas mínimas de 2X2m, que deberá permanecer na instalación en lugar visible por un período mínimo de cinco anos.
- f) Facilitar ao persoal técnico e ao persoal da inspección municipal o acceso á instalación para canta comprobación teñan que realizar aos efectos de comprobación das actuacións realizadas, así como a colaboración co persoal municipal a efectos de comprobación de canta documentación e información lle sexa requirida.
- g) Na súa condición de promotora da obra, achegará ao expediente copia dixitalizada do proxecto, da licenza ou título habilitante e das autorizacións que conforme a lexislación sectorial aplicable resulten preceptivas.
- h) Executar as obras de acordo co proxecto en base cal se concedeu licenza e conforme as prescricións sinaladas e autorizacións sectoriais preceptivas
- i) Nomear a dirección facultativa das obras para a execución do proxecto de obra e nomear a dirección da coordinación de seguridade e saúde na súa condición de promotor do outorgamento do contrato de execución das obras subvencionadas.
- j) Con carácter previo á contratación, a entidade beneficiaria, deberá solicitar aloments tres orzamentos a distintos construtores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
- k) Asumir ao seu cargo todos os gastos, de calquera tipo, e obrigas derivados da execución do proxecto de obra (en particular, os de redacción dos proxectos que fosen necesarios, a dirección de obra, a coordinación de seguridade e saúde, etc.)

SÉTIMA.- CRITERIOS PARA A DETERMINACIÓN DA SUBVENCIÓN E UMBRAIS MÍNIMOS.

1.- Umbrais mínimos de puntuación: Á vista das limitación orzamentarias para obter a condición de beneficiario, o solicitante deberá cumprir os seguintes umbrais mínimos:

- Liña 1:
 - Acadar 100 puntos na valoración dos criterios.
- Liña 2:
 - Acadar 50 puntos na valoración dos criterios.

2.- Para efectuar a proposta de concesión da subvención, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 175 puntos:

a) Polo tipo de actuación en función da liña subvencionable:

- Liñas 1 e 2:
 - Obras de primeiro establecemento. Ata 75 puntos.
 - 20 puntos para proxectos de importe de entre 40.000,01€ e 80.000,00€
 - 40 puntos para proxectos de importe de entre 80.000,01€ e 120.000,00€
 - 75 puntos para proxectos de importe superior a 120.000,00€
 - Obras de reforma cuxo obxectivo fora a ampliación, mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente. Ata 25 puntos.
 - 10 puntos para proxectos de importe de entre 40.000,01€ e 80.000,00€
 - 15 puntos para proxectos de importe de entre 80.000,01€ e 120.000,00€
 - 25 puntos para proxectos de importe superior a 120.000,00€

b) Liñas 1 e 2: Promoción do deporte base e do deporte en igualdade: Estar desenvolvendo proxectos deportivos orientados á formación e que potencien a participación da muller.

b.1. Número de licencias de categorías previas á absoluta. Ata 50 puntos

Volume de licencias ata categoría xuvenil e puntuación.

- 0 puntos: <100 licencias deportivas.
- 25 puntos: De 100 a 150 licencias deportivas.
- 50 puntos: >150 licencias deportivas.

b.2. Número de licencias femininas: Ata 10 puntos

Volume de licencias femininas e puntuación.

- 0 puntos: <20 licencias deportivas.
- 5 puntos: De 20 a 50 licencias deportivas.
- 10 puntos: >50 licencias deportivas.

c) Liñas 1 e 2: Actividade xeral da entidade solicitante: Relevancia do proxecto deportivo no ámbito da cidade. Valorarase a relevancia, repercusión e traxectoria do proxecto deportivo no desenvolvemento social da zona na que se ubica o ámbito de actividade da entidade, relación co deporte e a discapacidade, repercusión mediática e social tanto no ámbito da cidade de Vigo como a nivel nacional e internacional...: Ata 30 puntos, segundo os seguintes criterios:

- Impacto e repercusión mediática e social na cidade.
- Desenvolvemento dun programa de deporte de base, no que se terá en conta o seu volume total, o volume en relación a proxectos similares da modalidade, e en relación ós proxectos de deporte de base do resto de modalidades.
- Volume porcentual de licencias con respecto ás da modalidade na cidade, e con respecto ó total de licencias deportivas en Vigo.
- Nivel competitivo das competicións nas que participan as entidades nas fases regulares da tempada.
- Ámbito territorial das competicións nas que participa a entidade nas fases regulares da tempada deportiva.
- Desenvolvemento de proxectos, programas e/ou accións paralelas á actividade deportiva principal da entidade vinculados co deporte e a discapacidade, o deporte e a igualdade, ou o deporte e a inclusión de colectivos vulnerables.



Concello de Vigo

Os datos a puntuar corresponderanse coas actividades desenvolvidas na tempada 2019/2020.

d) Medidas de xestión medioambiental : Valoraranse as propostas de medidas de xestión medioambiental incluídas nos proxectos construtivos: Ata 10 puntos, según os seguintes criterios:

Sistema de xestión ambiental dos materiais da obra	Ata 5 puntos
Sistema de xestión de residuos e control da contaminación.	Ata 3 puntos
Selo de calidade dos produtos que se vaian a utilizar	Ata 2 puntos

Á vista das solicitudes admitidas no procedemento por cumprir cos requisitos establecidos, e no suposto de que o crédito dispoñible sexa insuficiente para atender os importes inicialmente propostos para cada liña, a comisión avaliadora reducirá proporcionalmente por liña estes importes iniciais ata o límite orzamentario da convocatoria, tendo en conta as puntuacións acadadas polas entidades solicitantes admitidas no proceso e o porcentaxe que estas puntuacións supoñan.

OITAVA.- CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCIONS.

1.- O importe total da convocatoria distribuirase entre os solicitantes segundo os seguintes límites e en función das liñas:

- Liña 1: Ata un máximo de 150.000,00 euros do custo efectivo de actuacións realizadas en campos de fútbol ubicados en centros educativos de titularidade privada en concepto de inversións orientadas a:
 - Obras de primeiro establecemento, que dean lugar á creación dun ben inmovible.
 - Reforma cuxo obxectivo fora a ampliación , mellora, modernización, adaptación, adecuación ou reforzo dun ben inmovible xa existente.
- Liña 2: Ata un máximo de 65.000,00 euros do custo efectivo de actuacións en concepto de inversións orientadas á mellora da eficiencia enerxética en campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo, nos seguintes conceptos:
 - Iluminación dos terreos de xogo.
 - Cambio de sistemas de xeración de auga quente sanitaria orientados a mellora na eficiencia enerxética e/ou as enerxías limpas.

O importe a subvencionar por beneficiario en ningún caso poderá superar o importe máximo previsto, nin ser de tal contía que illada ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas, supere o custo da actuación subvencionada.

Cada beneficiario só pode acollerse a solicitar unha subvención por unha actuación única e vinculada a unha das dúas liñas.

NOVENA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.- PRAZO E PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese o emprego, de xeito exclusivo, de medios electrónicos para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións, nos termos do art. 30 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das AAPP.

As solicitudes de subvención achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electrónicamente polo/a representante da entidade, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Cada entidade poderá unicamente presentar unha solicitude por unha actuación única.

Todas as solicitudes, así coma as posibles subsanacións telemáticas contempladas no parágrafo anterior, deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo. A estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que tivese realizado a subsanación.

DECIMO PRIMEIRA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude asinada electronicamente polo/a representante legal da entidade, segundo o modelo que figura como anexo I.1 desta convocatoria, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, que no seu caso, figuran nos demais anexos desta convocatoria.

2.- As entidades solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

A) Anexos:

- Anexo I.2. Declaración responsable.

B) Outra documentación obrigatoria:

-Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.

-Documentación que acredite a propiedade/Dispoñibilidade da instalación obxecto da actuación.

-No suposto de terreos/instalacións cedidos por outros entes públicos ou privados, as entidades petitionarias deberan presentar, igualmente, a autorización expresa de ditos entes para realizar as actuacións obxecto de subvención.

-Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.

- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.

-Copia da acta de constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno da entidade xurídica.

-Copia do D.N.I. do representante legal da entidade xurídica asinante da solicitude de subvención.

-Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas co proxecto deportivo desenvolvido na instalación na tempada 2019/2020.

-Memoria valorada explicativa da actuación, que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.

- Memoria do proxecto deportivo desenvolvido na instalación obxecto da solicitude de subvención.

Ao tratarse de actuacións subvencionables que superan a contía de 40.000,00 euros (IVE excluído), o solicitante deberá achegar como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores da actuación a subvencionar, de conformidade co establecido no artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro,



Concello de Vigo

xeral de subvencións, e no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme os criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa, nos termos establecidos no artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Esta memoria presentarase no momento da xustificación da subvención.

A Concellería de deportes poderá requirir canta outra documentación considere precisa para acreditar o cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria, verificar ou completar datos e/ou informacións facilitadas polos solicitantes para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

DÉCIMO SEGUNDA.- SUBSANACIÓN DA SOLICITUDE.

Consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e arquivarase o expediente.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

DECIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación según cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxectos subvencionados.

Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións deberán dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actuación subvencionada na instalación mediante a colocación, en lugar visible, dun cartel informativo elaborado ao efecto con medidas mínimas de 2X2m, que deberá permanecer na instalación en lugar visible por un período mínimo de cinco anos.

DÉCIMO CUARTA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo

Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instructor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electronicamente ós solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítanse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- Transcorrido o devandito prazo de seis meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda.

DÉCIMO QUINTA.- SUBCONTRATACIÓN.

Os beneficiarios poderán subcontratar con terceiros a actuación subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2021 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.



Concello de Vigo

- Liñas 1 e 2:

Para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica <https://sede.vigo.org> e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados. Concretamente

- Copia simple da licenza de obras ou título habilitante para a realización da actuación, ou indicación do número de expediente municipal correspondente, sempre que non se achegase con anterioridade.
- Contratos de adxudicación das obras.
- Actas de comprobación do replanteo.
- Certificados de obras subscritos polo director da obra e contratista. Xunto coa certificado final de obra asinado por técnico competente deberá achegar acta de recepción e fotografías da actuación/obra/instalación realizada e finalizada.
- Orixinal ou copias compulsadas da/s factura/s expedida/s pola empresa adxudicataria dos traballos realizados. Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.
- Proba gráfica da difusión dada ao investimento que se financia coa axuda do o Concello de Vigo.
- Declaración doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- Só para Liña 1:
 - Nomeamento do director de obra e coordinador de seguridade e saúde. (liña
- Só para Liña 2:
 - Nomeamento do director técnico da obra.

Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.

A documentación da conta xustificativa conformada incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

- Que os xustificantes de gasto incluídos na conta xustificativa foron aplicados ás actividades subvencionadas.
- Que no caso de que os gastos presentados constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do imposto sobre as Rendas das Persoas Físicas ou Xurídicas e suxeito a Retención, que esta foi practicada, así como que foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Que a entidade beneficiaria está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributaras e coa Seguridade Social.

- Manifestación doutros ingresos ou subvencións que financiaran o proxecto subvencionado con indicación do seu importe e procedencia.
- A xustificación deberá facerse con documentos electrónicos pola parte subvencionada. Se poderá substituír a presentación de facturas pola parte do gasto non subvencionado do proxecto ou actividade pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de euros.
- Non se admitirán facturas que non reúnan as condicións previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE, os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto da subvención.

En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.

2.4.- Outra documentación:

- Anexo II.1 Relación asinada de documentación presentada acreditativa do pago polo importe subvencionado.
- Anexo II.2. Declaración responsable

2.5.- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión, será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes.

Tal e como establece o art. 30.2 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para subvencións de capital superiores a 60.000,00 €, no seu cómputo individual, destinadas a inversións en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material da inversión polo órgano concedente, quedando constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada, tanto polo representante da administración como polo beneficiario.

O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

Os inspectores/arquitectos municipais poderán xirar visita para comprobar, deixar constancia e informar sobre o estado das obras obxecto de subvención antes da resolución do expediente de outorgamento.

DECIMO OITAVA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO NOVENA.- PAGAMENTO.



Concello de Vigo

1.- Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a cada liña subvencionable, será abonado ás beneficiarias que o soliciten mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos. Para este pago anticipado establécese que as entidades beneficiarias, previo abono das subvencións, e segundo o establecido no art. 46 do R.D 887/2006 de 21 de xullo de 2006 polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, depositarán unha garantía por un importe igual á cantidade do pago anticipado.

En calquera caso, tal como establece o art. 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando se houbera solicitado a declaración de concurso, foran declarados insolventes en calquera procedemento, foran declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial ou foran inhabilitados conforme á Lei Concursal sen que concluíra o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso, foran declarados en quiebra, en concurso de acreedores, insolvente fallido en calquera procedemento ou suxeito a intervención xudicial, ter iniciado expediente de quita e espera ou de suspensión de pagos ou presentado solicitude xudicial de quiebra ou de concurso de acreedores, en tanto, no seu caso, non foran rehabilitados.

2.- O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención. O pagamento realizarase con cargo ás partidas orzamentarias 3420.780.00.11 e 3420.7700000 do orzamento da Concellería de deportes segundo a liña subvencionable.

3.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social mediante a presentación das correspondentes certificacións.

VIXÉSIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

1.-Perda do dereito ao cobro:

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento por parte da beneficiaria da subvención de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; á obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

c) A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

b) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- os datos de carácter persoal serán tratados e protexidos de conformidade co Regulamento Xeral de Protección de Datos, respectando, en todo caso, na súa recollida e tratamento os principios relativos ó mesmo (art. 5 e ss RPDP), así como, os dereitos dos interesados (art. 12 e ss RPDP) sen prexuízo da aplicación da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A presente convocatoria rexerese por estas bases, pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local e de procedemento administrativo común; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; as vixentes Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN							
Entidade					CIF:		
Modalidade:							
Enderezo			Localidade:			CP:	
Tlf. 1			Tlf.2			Fax:	
E-Mail a efectos de notificación							
E na súa representación, o/a representante legal:							
Apelidos:			Nome:			DNI:	
Enderezo:			Localidade:			CP:	
Tlf 1:			Tlf 2:			E-mail:	

SOLICITA,



Concello de Vigo

da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, unha subvención por importe de _____ €, pola actuación detallada na documentación adxunta.

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

Anexo I.1: Instancia de solicitude.

- Documento acreditativo da persoa que actúe en representación da entidade solicitante.
- Documentación que acredite a propiedade da instalación obxecto da actuación.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria da entidade solicitante.
- Copia do código de identificación fiscal da entidade solicitante.
- Copia da acta de constitución da actual xunta directiva ou órgano de goberno.
- Copia do D.N.I. do representante legal da entidade asinante da solicitude de subvención.
- Certificado da Federación correspondente que acredite o número de licencias vinculadas coa entidade solicitante na tempada 2019/2020.
- Certificados de ausencia de débedas coa AEAT, S.Social, ATRIGA e Concello de Vigo.
- Memoria valorada xustificativa da actuación que inclúa un orzamento detallado e desglosado por conceptos.
- Proxecto deportivo

O/A que abaixo asina declara que:

Esta entidade reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable destes datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia. A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción do deporte, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable. A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo a estas bases. O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento. Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

Sinatura do representante legal

Vigo , de de 20__

Sr. CONCELEIRO DELEGADO DE DEPORTES



Concello de Vigo

ANEXO I.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dna.		DNI.	
Representante legal da entidade		CIF	

Declara,

- Que esta entidade solicitou e/ou ten concedidas as seguintes subvencións en relación ó proxecto obxecto da subvención solicitada ó Concello de Vigo:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€
	€	€

<ul style="list-style-type: none">• Que esta entidade non está incurso en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
<ul style="list-style-type: none">• Que segundo consta no documento de data, D/Dna..... con DNI:, figura como representante legal da entidade, o que lle outorga, a representación legal da entidade para o trámite obxecto da solicitude.

Vigo, de de 20__

Sinatura do/da representante legal

ANEXOII.1.- CONTA XUSTIFICATIVA-

Entidade				CIF	
Enderezo		Localidade		C.P.	
Tef.		Fax		E-Mail	

Subvención concedida polo Concello de Vigo		€		
Importe xustificado	Base Impoñible	€	IVE	€

Relación de documentos xustificativos de pago (No mesmo orden no que se presentan os orixinais):

	CONCEPTO
1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	
11	
12	
13	
14	
15	

TOTAL	Base Impoñible	€	IVE	€
-------	----------------	---	-----	---

D. _____ DNI _____ representante legal da entidade
 _____ CIF: _____ certifica que os documentos que se detallan na
 conta xustificativa, cuxo importe ascende á cantidade de _____ € de base
 imponible e _____ € correspondente ó IVE dos devanditos documentos, corresponden con gastos vinculados
 directamente coa actuación subvencionada pola Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Vigo, de de 20__

Sinatura do/da representante legal



Concello de Vigo

ANEXO II.2.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna.		DNI:	
Repres. legal da Entidade		CIF:	

DECLARA:

- Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.
- Que a actuación subvencionada realizouse tal como figura na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.
- Que o custo total da actuación que foi obxecto da subvención foi de€
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actuación subvencionada.
- Que as subvencións ou achegas obtidas para as actuacións subvencionadas non superaron o custe total da mesma.
- Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria, a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, non é debedora por resolución de procedencia de reintegro e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).
- Que autoriza ó servizo de Deportes do Concello de Vigo a comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables de acreditar o cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Tributaria e para coa Seguridade Social.
- Que, no seu caso, o importe do IVE derivado dos gastos da axuda a xustificar en relación á subvención concedida polo Concello de Vigo en relación ó desenvolvemento do proxecto é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que esta entidade ten solicitadas, concedidas e/ou recibiu as seguintes subvencións para o desenvolvemento da mesma actividade subvencionada polo Concello de Vigo:

SÍ	
NON	

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a subvención	Importe concedido	Importe recibido
	€	€
	€	€

Vigo, de de 20__

Sinatura do/da secretario/a	Conforme do/da Presidente/a	Selo da entidade:

ANEXO III.1.

CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES ORIENTADAS Á MELLORA DAS INSTALACIONES DE CAMPOS DE FÚTBOL DA CIDADE DE VIGO

O obxecto desta convocatoria ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atopase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións é contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa inversión en actuacións orientadas á mellora de campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 215.000,00 € (Douscentos quince mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás partidas orzamentarias:

Liñas	Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
Liña 1	3420.7700000 "Subv. Instalacións deportivas centros educativos"	150.000,00 €	2021
Liña 2	3420.7800011 "Axuda investimentos inst. deportivas"	65.000,00€	2021

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

1. Poderán solicitar e obter a condición destas axudas:

- Liña 1: Centros educativos privados que dispoñan de campos de fútbol nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, con personalidade xurídica propia, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.
- Liña 2: Entidades nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

2. Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Institucións e organismos oficiais.
- Os clubs, asociacións ou entidades pertencentes ou integrados en institucións oficiais.
- Na liña 2, entidades con ánimo de lucro.



Concello de Vigo

3. Condicións dos terreos e as edificacións:

- O terreo no que se executen as obras debe atoparse en solo coa clasificación necesaria para o desenvolvemento do proxecto a subvencionar, e a actuación debe ser compatible coa normativa urbanística vixente aplicable.
- Os proxectos que se presenten serán por importe superior a 40.000,00€

4. Que a entidade solicitante teña a plena dispoñibilidade sobre os terreos ou predios en que se pretende realizar as actuacións. Este requisito deberá estar cumprido antes do remate do prazo de presentación de solicitudes e acreditarse mediante escritura pública ou calquera medio válido en dereito

5. Nas instalacións obxecto das actuacións deberán estar desenvolvéndose proxectos deportivos e estar acollendo competicións oficiais ou campionatos organizados polas federacións deportivas, e sen ter consideración de competicións consideradas profesionais nin vinculadas a clubs ou equipos profesionais.

6. Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.

CUARTA.- PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

A comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera oportuno.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

1.- As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2021 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince

días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

NOVENA.- PAGAMENTO.

Ata o 50% do importe total da subvención proposta para cada entidade beneficiaria, proporcionalmente para cada unha delas e co límite do importe máximo dispoñible na aplicación orzamentaria destinada a cada liña subvencionable, será abonado ás beneficiarias que o soliciten mediante transferencia bancaria trala aprobación da resolución de adxudicación das subvencións, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais que supón o desenvolvemento das primeiras fases dos proxectos.

O resto do importe abonarase ás entidades beneficiarias logo da xustificación da actuación para a que se concedeu a subvención.

ANEXO III.3.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data (completar unha vez aprobado) de 2021, polo que se aproba a convocatoria de subvencións orientadas á mellora das instalacións de campos de fútbol da cidade de Vigo

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións é contribuír no financiamento dos gastos vinculados coa inversión en actuacións orientadas á mellora de campos de fútbol de titularidade privada ubicados no ámbito da cidade de Vigo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 215.000,00 € (Douscentos quince mil Euros) que se farán efectivos con cargo ás partidas orzamentarias:

Liñas	Aplicación orzamentaria	Importe	Anualidade
Liña 1	3420.7700000 “Subv. Instalacións deportivas centros educativos”	150.000,00 €	2021
Liña 2	3420.7800011 “Axuda investimentos inst. deportivas”	65.000,00€	2021

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

- Liña 1: Centros educativos privados que dispoñan de campos de fútbol nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, con personalidade xurídica propia, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da



Concello de Vigo

actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

- Liña 2: Entidades nos que se desenvolvan proxectos deportivos de interese xeral para a cidade de Vigo no ámbito do fútbol, personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro, acrediten a titularidade dos terreos obxecto da actuación (ou a cesión do dereito de uso da instalación por un período mínimo de 10 anos) e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de 20 días hábiles, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ó BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As beneficiarias das subvencións teñen de prazo ata o 15 de outubro de 2021 (Incluído) para dar cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos.

8(798).- BASES E CONVOCATORIA ESPECIFICA DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE AXUDAS ORIENTADAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 20736/333.

Visto o informe xurídico do 06/09/21 e o informe de fiscalización do 07/09/21, dáse conta do informe-proposta de data 31/08/21, asinado polo xefe do Servizo de Depoertes, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A actividade deportiva en Vigo, no ámbito da competición deportiva ten unha transcendencia moi importante en relación, tanto á participación de entidades deportivas de todas as facetas do deporte, como á participación dos e das deportistas da cidade de Vigo en competicións da máis alta esixencia de rendemento deportivo.

Entre os obxectivos da Concellería de Deportes, atopámonos cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ó desenvolvemento do deporte nas súas distintas manifestacións e a consolidación destes proxectos deportivos que xera a cidade de Vigo, como medio de promoción e difusión da cultura deportiva, posibilitando un maior achegamento a todos os cidadáns e cidadás.

Os obxectivos xerais destes proxectos de axudas responden ó desexo de xerar sinerxías orientadas a potenciar proxectos comúns para a cidade de Vigo e que propicien a potenciación de colaboracións no ámbito social, destacando no proxecto:

- O interese xeral pola formación do capital humano no ámbito do deporte.
- A búsqueda dunha personalidade propia e definida de acción, en base ós principios do compromiso da sociedade sobre os valores do deporte.
- A mellora dos recursos destinados á dinamización do deporte de alto nivel en todos os aspectos é un aspecto fundamental polo que este representa como exemplo para a mocidade.
- A colaboración no financiamento e ordenación do sistema deportivo vigués para que se produza unha evolución harmónica da actividade deportiva ata o nivel do alto rendemento.
- Conseguir que os deportistas vigueses e as deportistas viguesas, conten con referencias de proxectos deportivos de continuidade e futuro no seu entorno.
- Contribuír a que os deportistas e as deportistas vigueses máis xóvenes teñan pautas de referencia positivas para a consecución de logros deportivos.
- Optimizar os recursos que se destinan ó deporte de cara a consolidar a imaxe deportiva de Vigo.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción do deporte a través do apoio, difusión e axudas ós deportistas da cidade de Vigo que participan en competicións do máis alto nivel, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2021 consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”, un crédito por un importe total de 50.000,00€ (cincuenta mil euros), que o Concello de Vigo a través da Concellería de Deportes pretende destinar á actuación de colaboración no apoio ós programas de adestramento e competición dos e das deportistas do máis alto nivel da cidade de Vigo.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O obxecto desta convocatoria bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, que no ano en curso estean recoñecidos como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes. Concretamente o artigo 36 da Lei de Deportes de Galicia determina que o recoñecemento da condición de deportista de alto nivel poderá comportar a posibilidade de acceder aos seguintes beneficios, axudas económicas y becas académicas, e entre outras concesión de axudas económicas.

Con carácter previo ao outorgamento das axudas deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión das mesmas nos termos establecidos na Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e proceder a súa convocatoria.

Así mesmo os vixentes orzamentos do Concello de Vigo consignan, na partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”, un crédito por un importe total de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros); crédito orzamentario que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Deportes, destina a colaborar no financiamento de proxectos de axudas orientadas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo.

Así mesmo, atendendo ó establecido na Lei 15/2014, de 16 de setembro, de Racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa, que modifica o contido da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS) que se contempla no apartado 20.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, que regula no apartado 20.8 o contido que se debe publicar a través do sistema Nacional de Publicidade das Subvencións, e que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2016, e tendo en conta a Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de



Concello de Vigo

Publicidade de Subvencións, que regula o rexistro das convocatorias de subvencións e axudas públicas na Base de Datos Nacional de Subvencións e o traslado do seu extracto ao diario oficial correspondente, deberá aprobarse o texto do extracto e da convocatoria de subvencións que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvencións, e que se anexan ó expediente. Considerando tales preceptos legais, axúntanse como anexos na proposta de aprobación o texto da convocatoria e o extracto da mesma, tal como establece o punto cuarto da Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência e obxectividade.

A lexislación aplicable ás bases reguladoras e convocatoria específica destas subvencións será a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2019; Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; así como as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Aprobar as bases reguladoras da concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo

SEGUNDO: Aprobación do texto da convocatoria para a concesión de axudas destinadas a apoiar aos/ás deportistas de alto nivel da cidade de Vigo e do extracto da mesma, que se remitirán á Base de Datos Nacional de Subvenciones, en base ó establecido na Resolución de 10 de decembro de 2015 da Intervención xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

TERCEIRO: Autorizar o gasto de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) con cargo á partida orzamentaría 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite" do vixente orzamento.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

"BASES ESPECÍFICAS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE AXUDAS ORIENTADAS A DEPORTISTAS DE ALTO NIVEL DA CIDADE DE VIGO.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

É obxecto das presentes bases regular a convocatoria e a concesión, en réxime de concorrência competitiva, das axudas económicas dirixidas a deportistas de alto nivel da cidade de Vigo, coa finalidade de axudar a sufragar os gastos vinculados coas competicións e cos adestramentos necesarios para o desenvolvemento da súa modalidade deportiva, en orde ó logro dun mais alto nivel nun futuro próximo.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 "Axudas a deportistas individuais de elite". Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS.

Estas axudas serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración, ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, e incompatibles coas axudas dinamizadas no programa de axudas da Fundación Vigo en deporte do ano 2021 para deportistas individuais.

CUARTA. - REQUISITOS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS.

Poderán participar na convocatoria os/as deportistas que cumpran os seguintes requisitos:

- Reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incurso en prohibición para ser beneficiario da axuda das previstas no citado artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incurso nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10 da Lei 9/2007.
- Acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social e co Concello de Vigo.
- En calquera dos casos, entenderase que o/a solicitante, ao presenta-la solicitud de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar e comprobar de oficio os datos e certificados acreditativos necesarios ós departamentos administrativos responsables.
- Requisitos específicos:
 - Estar empadroadado na cidade de Vigo, con vixencia mínima dende 01/01/2020, dato que será comprobado de oficio pola propia administración.
 - Ter competido participando de xeito individual, parella, trío ou como guía de deporte adaptado na competición a baremar.
 - Non estar cumprindo sanción disciplinaria ou administrativa en materia deportiva de carácter grave ou moi grave.
 - Cumprir como mínimo un dos seguintes requisitos:
 - Estar recoñecido/a no ano 2020 ou 2021 como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo Consejo Superior de Deportes.
 - Ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional da modalidade en calquera momento do ano 2020 ou 2021, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 50 deportistas.
 - No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación española da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.



Concello de Vigo

- No caso de participar como “Guía” dunha modalidade de deporte adaptado, certificado emitido pola autoridade federativa competente.

De conformidade co artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, salvo que conste no procedemento a súa oposición expresa ou a lei especial aplicable requira consentimento expreso, enténdese outorgado o consentimento para que o órgano administrativo competente consulte de forma electrónica ou por outros medios, a esta Administración Pública, outras Administracións ou Entes, os datos persoais necesarios para a resolución deste expediente/solicitud, en especial, os que acrediten os requisitos de empadramento, atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de la Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de economía e facenda e co Concello de Vigo.

QUINTA.- OBRIGAS DOS/DAS BENEFICIARIOS.

Serán obrigas dos/das beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

- a) Deixar constancia da financiamento municipal coa inclusión da imaxe institucional en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.
- b) Responder da veracidade dos datos da solicitud, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitud.
- c) Someterse ás comprobacións que, de considerarse oportuno, puidera realizar a Concellería de deportes, así como calquera tipo de comprobación e control financeiro que puideran realizar os órganos de control competentes.
- d) Comunicar á Concellería de deportes a obtención doutras axudas para o mesmo fin.
- e) Acreditar con anterioridade a que se dite a proposta de resolución de concesión que se atopa ó corrente coas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social.
- f) Participar nas actividades e eventos de difusión e promoción que o Concello de Vigo puidera programar durante o ano seguinte á notificación da resolución.
- g) Proceder ó reintegro da axuda así como dos xuros de demora correspondente no caso de:
 - Obter a axuda falseando datos.
 - Obstruír a comprobación e control financeiro.
 - Incumprir as obrigas establecidas nas bases da convocatoria.

SEXTA.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA AXUDA.

1.- Para efectuar as propostas de concesión das axudas, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación.

- O número máximo de competicións que se valorarán por deportista será de 3.
- A puntuación mínima esixida para ser beneficiario/a das axudas é de 10 puntos.
- Consideracións específicas:
 - Os Campionatos de Europa e do Mundo, para ser tidos en consideración como tal, deberán ter a designación oficial, que deberá ser acreditado pola autoridade federativa competente.
 - Participación mínima por proba para que a competición sexa tida en consideración:
 - Campionatos de Europa, Campionatos do Mundo e Outras competicións internacionais: 25 participantes na proba e 8 países en categoría masculina, e 12

- participantes e 6 países en categoría feminina.
 - Fase final de Campeonatos de España: 12 participantes na proba en categoría masculina e 8 participantes na categoría feminina.
 - Non se esixirá participación mínima en competicións de deporte adaptado, aínda que de non alcanzala, a puntuación obtida na competición da que se trate multiplicarase por 0,75.
 - A categoría de “Outras competicións Internacionais” engloba Copas do Mundo, Copas de Europa e Circuitos incluídos no calendario internacional como probas de alto nivel europeo ou mundial.
 - No caso de participar en varias probas dentro do mesmo campionato, só valorarase o resultado que outorgue unha maior puntuación.
 - No caso de solicitantes que participen como “Guías” en modalidades de deporte adaptado, a puntuación final obtida multiplicarase por 0,25.
 - Datras de inicio das competicións: Serán tidas en conta as competicións con data de inicio comprendida entre o 1 de setembro de 2020 e o 30 de agosto de 2021.
- Puntuacións:

	Outras compet. Intnais		Fase final Cto. España		Fase Final Cto. Europa		Fase final Cto. Mundo	
	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absol.	Outras cat.	Cat. Absoluta	Outras cat.
1º a 4º Posto	10 puntos	5 puntos	30 puntos	15 puntos	100 puntos	50 puntos	150 puntos	75 puntos
5º a 8º Posto	5 puntos	3 puntos	15 puntos	8 puntos	50 puntos	25 puntos	75 puntos	50 puntos
Participación	- puntos	- puntos	- puntos	- puntos	10 puntos	5 puntos	20 puntos	15 puntos

SÉTIMA.- CONTÍA E LÍMITE INDIVIDUALIZADA DAS AXUDAS.

Establécense os seguintes límites máximos dos importes das axudas:

- a) Límites máximos segundo a orde de prelación:

ORDE SEGUNDO PUNTUACIÓNS OBTIDAS	IMPORTE
1ª a 7ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	2.500,00€
8ª a 17ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.250,00€
18ª a 29ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	1.000,00€
30ª a 45ª MÁXIMA PUNTUACIÓN	500,00€

- b) Límites máximos dos importes en función das puntuacións obtidas:

PUNTUACIÓNS	IMPORTE
-------------	---------



Concello de Vigo

	MÁXIMO
De 10 a 40 puntos	1.250,00€
Máis de 40 puntos	2.500€

- c) Nos casos de empate, a orde de prelación determinarase tendo en conta os seguintes criterios de desempate:
- 1º.- Mellor resultado nun campionato do mundo.
 - 2º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de Europa.
 - 3º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado nun campionato de España.
 - 4º.- En caso de persistir o empate, mellor resultado en "Outras competicións internacionais".

OITAVA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS AXUDAS.

O procedemento para a concesión destas axudas será en réxime de concorrencia competitiva a través da correspondente convocatoria. Para estes efectos, ten consideración de concorrencia competitiva o procedemento mediante o cal a concesión das axudas realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración fixados nas presentes Bases reguladoras, e adxudicar proporcionalmente, dentro do límite do crédito dispoñible fixado na convocatoria, en aplicación dos citados criterios.

Para a adxudicación, o órgano colexiado formulará, a través de órgano instrutor, proposta de concesión ao órgano concedente.

O importe total da convocatoria distribuirase entre as solicitudes admitidas no proceso segundo a distribución e límites máximos establecidos na cláusula 7ª e tendo en conta os criterios establecidos na cláusula 6ª.

NOVENA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

En cumprimento da obriga imposta polos artigos 14.1 e 14.2.^{a)} e 14^{d)} da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, establécese que as persoas físicas poderán elixir o uso de medios electrónicos ou non para a súa comunicación coa administración.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

As solicitudes de axudas achegaranse debidamente cumprimentadas e asinadas electronicamente polo/a deportistas, mediante os modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org),

Só admitirase unha solicitude por solicitante.

- Solicitude presencial: Unha vez cuberto o Formulario de solicitude aloxado na Web do Concello de Vigo <https://hoxe.vigo.org>, o/a solicitante ou o/a representante legal no caso de menores de idade deberá obrigatoriamente imprimir e asinar o documento resultante e, xunto coa documentación requirida, presentalo no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou en calquera dos lugares establecidos no art.16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Solicitude telemática: Seguindo as instrucións que se indican e unha vez cuberto o Formulario de Solicitude aloxado na web <https://hoxe.vigo.org> , terá que entrar no rexistro electrónico na sede electrónica do Concello de Vigo, onde haberá que incorporar o arquivo resultante do proceso anterior (Formulario de Solicitude) anexando a documentación requirida. Unha vez realizado este proceso poderá descargar o xustificante do Rexistro.

DÉCIMA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN.

1.- Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo I.1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos da convocatoria.

2.- A instancia de solicitude será asinada polo/a solicitante ou o/a representante legal no caso de menores de idade, e presentarse no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, ou por algún dos procedementos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento Administrativo Común das Administracións públicas.

As solicitudes e documentación adxunta poderán presentarse no rexistro electrónico da Administración ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera dos suxeitos q os que se refire o artigo 2.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, nas oficinas de Correos na forma que regulamentariamente se estableza, nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro, nas oficinas de asistencia en materia de rexistros e en calquera outro que establezan as disposicións vixentes, de conformidade co previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

3.- Os/As solicitantes deberán presentar xunto coa solicitude (Anexo I.1) a seguinte documentación:

- Anexo I.2. Certificado das competicións asinado pola Federación Correspondente.
- Anexo I.3. Declaración responsable.
- Certificado Orixinal actualizado da titularidade da conta bancaria do/da solicitante, ou no caso de menores de idade, do/a seu/súa representante legal.
- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade (DNI) ou do pasaporte (en caso de cidadáns de países da Unión Europea) ou da tarxeta de residente en vigor (en caso doutras nacionalidades).
- No caso dos menores de idade, ademais da fotocopia do seu DNI ou outro documento previsto no apartado anterior ou a autorización da súa consulta á Administración Pública, achegarse o do pai ou o da nai ou o do titor.
- Copia da licenza Federativa da tempada subvencionada (2020/2021).
- Documentación que acredite o cumprimento dun dos requisitos específicos establecidos na base 4ª:



Concello de Vigo

- Recoñecemento como deportista de alto nivel pola Secretaría Xeral para o deporte ou polo CSD do ano 2020 ou 2021.
- Certificado da Federación de ter estado clasificado/a entre o 20% dos mellores deportistas do Ranking nacional da modalidade en calquera momento do ano 2020 ou 2021, sempre que este Ranking estea formado como mínimo por 50 deportistas.
- No caso de deportistas con discapacidade que participen en competicións de deporte adaptado, certificado emitido pola federación nacional da modalidade que acredite que o/a solicitante está considerado/a deportista de alto nivel.
- No caso de participar como “Guía” recoñecido pola autoridade competente duha modalidade de deporte adaptado, certificado emitido pola Federación Deportiva que corresponda.

Os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración. A Administración actuante poderá consultar ou solicitar devanditos documentos salvo que o interesado opuxésese a iso. Non caberá a oposición cando a achega do documento esixísese no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

DECIMO PRIMEIRA.- EMENDA DA SOLICITUDE.

De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se a solicitude non reúne algunha das exixencias contidas nesta orde ou na citada normativa, requirirase a persoa interesada para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desiste na súa petición, logo da correspondente resolución.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE.

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público. Os/As beneficiarias das subvencións deberán empregar-lo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Deportes – Concello de Vigo” en calquera competición na que participe durante un ano a contar desde a notificación da resolución da convocatoria.

DECIMO TERCEIRA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDEMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

2.- A Comisión Avaliadora, a través da Concellería de Deportes, como órgano instructor, formulará proposta motivada de concesión das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada. A proposta incluirá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os beneficiarios cumpren con todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

3.- A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para resolver e notificar a resolución será de seis meses, como máximo, contados a partir da publicación desta convocatoria.

A resolución notificarase electronicamente ás persoas xurídicas solicitantes e polos medios previstos no art. 14 da LPAC ás persoas físicas no prazo de dez días a partir da súa data a través da sede electrónica. Remítiranse aos/ás interesados/as os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

4.- As persoas beneficiarias das axudas están obrigadas no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación a comunicar por escrito á Concellería de Deportes a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

5.- A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ó da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ó da notificación, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

6.- O prazo máximo para la resolución da convocatoria será de seis meses a contar dende ao día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Cumprido o prazo de resolución sen que se haxa e notificado a resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude de concesión da subvención.

DÉCIMO CUARTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN.

Os/As beneficiarios/as deberán facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DECIMO QUINTA.- PAGAMENTO.



Concello de Vigo

1.- O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

DECIMO SEXTA.- XUSTIFICACIÓN.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

DÉCIMO SÉTIMA.- PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONS. RÉXIME DE INFRACCIONS E SANCIONS.

1.- Perda do dereito ao cobro:

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da axuda o incumprimento por parte do/da beneficiario/a da mesma de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da axuda; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da axuda; a variación da finalidade da actuación; calquera incumprimento en materia de loita anti-dopaxe e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.

2.- Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

a) Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

b) Canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvenciones.

DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

1.- Os datos dos/das solicitantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso desta convocatoria, polo que a súa achega é obrigatoria.

2.- Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 3/2018, de 13 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

O/A beneficiario/a poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN.

En todo o que non estea previsto na presente bases será de aplicación a Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2021, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

ANEXO I.1.- INSTANCIA DE SOLICITUDE

SOLICITUDE SUBVENCIÓN INDIVIDUAL ALTO NIVEL TEMPADA 2020/2021			
D/Dna		DNI:	
Enderezo		Localidade:	CP:
Tlf. 1		Tlf.2	Fax:
E-Mail a efectos de notificación			
Entidade deportiva vinculada		CIF	
Modalidade:			

E, NO CASO DE MENORES DE IDADE , na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Apelidos:		Nome:	DNI:
Enderezo:		Localidade:	CP:
Tlf 1:		Tlf 2:	E-mail:

SOLICITA,

unha axuda vinculada coa convocatoria de axudas para potenciar programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel

Documentación obrigatoria que se achega coa solicitude:

- 1. Anexo I.1:** Instancia de solicitude.
- 2. Anexo I.2:** Certificado federativo individual de competicións.
- 3. Anexo I.3: Declaración responsable.**
- 4. Copia do DNI do/da solicitante (e o representante legal no caso de menores de idade) e da licenza deportiva.**
- 5. Certificado orixinal da titularidade da conta bancaria do/da solicitante ou o/a representante legal no caso de menores..**
- 6. Acreditación do cumprimento dun dos requisitos establecidos na base 4ª.**

***Campo obrigatorio**

O/A que abaixo asina declara que reúne os requisitos establecidos no artigo 10 da LSG, e que todos os datos que contén esta solicitude axústanse ós requisitos establecidos, e que nos comprometemos a cumprir co disposto nas bases da subvención, e polo tanto solicito. Así mesmo autorízase ó Concello de Vigo a solicitar e/ou verificar de oficio os datos e certificados que estime oportunos en relación á solicitude presentada.

Sinatura do/a solicitante	Sinatura do/da Representante legal no caso de menores
---------------------------	---

Vigo, de de 2021

Sr. CONCELEIRO DELEGADO DE DEPORTES

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

S.ord. 10/09/2021

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓNS DE ALTO NIVEL**A CUMPRIMENTAR POLA FEDERACIÓN (folla 1 de 2)**

D/Dna.		DNI	
Secretario/a da Federación			
CERTIFICA QUE son certos os datos que a continuación se detallan:			

D/Dna.		DNI	
Nº Lic		Categoría	
Club		CIF CLUB	

Participou, entre o 01/09/2020 e o 30/08/2021, nas competicións que a continuación se detallan segundo os datos que se especifican:

1. Posto Ranking Nacional (De existir):

Mellor posto no Ranking nacional ou internacional no ano 2020 ou 2021	
Nº deportistas que integran o Ranking no ano 2020 ou 2021	

2. Datos competicións: Obrigatorio cumprir todos os apartados.

Nome oficial da competición 1:			
Data de inicio da competición:			
Tipo de competición	Fase final Campionato do Mundo		
	Fase final Campionato de Europa		
	Copa do Mundo		
	Copa de Europa		
	Fase Final Campionato de España		
	Circuíto Internacional oficial		
Categoría de participación	Absoluta		
	Outras categorías		
Posto acadado			
Nº participantes na proba			
Forma de participación	Individual		
	Parella		
	Trío		
Nº Países participantes na proba			

Vigo a de de 2021

Sinatura do/a secretario/a da Federación	Conforme do/da presidente/a da Federación	Selo da Federación
--	---	--------------------

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.



Concello de Vigo

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.2.CERTIFICADO INDIVIDUAL DE COMPETICIÓNS DE ALTO NIVEL (CONTINUACIÓN)

Nome oficial da competición 2:		
Data de inicio da competición:		
Tipo de competición	Fase final Campionato do Mundo	
	Fase final Campionato de Europa	
	Copa do Mundo	
	Copa de Europa	
	Fase Final Campionato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto acadado		
Nº participantes na proba		
Forma de participación	Individual	
	Parella	
	Trío	
Nº Países participantes na proba		

Nome oficial da competición 3:		
Data de inicio da competición:		
Tipo de competición	Fase final Campionato do Mundo	
	Fase final Campionato de Europa	
	Copa do Mundo	
	Copa de Europa	
	Fase Final Campionato de España	
	Circuíto Internacional oficial	
Categoría de participación	Absoluta	
	Outras categorías	
Posto acadado		
Nº participantes na proba		
Forma de participación	Individual	
	Parella	
	Trío	
Nº Países participantes na proba		

Vigo a de de 2021

Sinatura do/a secretario/a da Federación	Conforme do/da presidente/a da Federación	Selo da Federación
--	---	--------------------

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lécitimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO I.3.-DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./Dna.	DNI.
---------	------

NO CASO DE MENORES DE IDADE, na súa representación, PAI, NAI, REPRESENTANTE LEGAL,			
Apelidos:	Nome:	DNI:	
Enderezo:	Localidade:	CP:	
Tlf 1:	Tlf 2:		
E-mail:			

Declara,

Ter solicitadas e/ou ten concedidas as seguintes axudas para o desenvolvemento do programa obxecto da solicitude de subvención:

Organismo no que ten solicitada e/ou concedida a axuda	Importe solicitado	Importe concedido
	€	€
	€	€
	€	€

Non estar incurso/a en ningunha das prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e que se autoriza ó Concello de Vigo a facer as verificacións necesarias.

Estar informado/a e autorizar a verificación dos datos incluídos na solicitude de subvención nas áreas e administracións competentes, incluídos os datos fiscais

Atoparme ao corrente de pagos coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, a Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Seguridade Social e co Concello de Vigo, substituindo esta declaración ós certificados emitidos por ditos organismos, e autorizando á Concellería de Deportes a facer as verificacións posteriores que considere necesarias.



Concello de Vigo

Vigo, de de 2021

Sinatura do/a solicitante	Sinatura do/da Representante legal no caso de menores
---------------------------	---

Protección de datos: O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPd do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento e promoción da igualdade, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

A finalidade do tratamento dos datos é a tramitación do expediente administrativo relativo á Convocatoria de axudas a deportistas de alto nivel do Concello de Vigo.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante

O órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo dpd.vigo@vigo.org.

ANEXO

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE AXUDAS PARA POTENCIAR O DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE ADESTRAMENTO E PARTICIPACIÓN DE DEPORTISTAS DA CIDADE DE VIGO EN COMPETICIÓNS OFICIAIS DE ALTO NIVEL.

O obxecto destas bases ven a desenvolver as actuacións de promoción do deporte en beneficio do desenvolvemento deportivo local, definidas no ámbito do artigo 25.2. apartado l) da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, e así mesmo, dita actuación atópase recollida no ámbito das competencias definidas para os municipios no artigo 8 apartados 2 e 9, da Lei 3/2012 de 2 de abril del deporte de Galicia.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases é potenciar o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cincuenta mil Euros) que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00 “Axudas a deportistas individuais de elite”. Poderán outorgarse axudas superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31.2 da Lei de subvencións de Galicia.

TERCEIRA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar esta subvención Deportistas de forma individual que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse nun prazo de quince días hábiles a contar desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria en forma de extracto no Boletín Oficial da Provincia por conduto da Base

de Datos Nacional de Subvenciones, que publicará o texto íntegro da mesma no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

1.- A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local con referencia ó boletín oficial no que aparece publicada, e na paxina web www.vigo.org, unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local. A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda de estas axudas, facilitaranse nas oficinas da Concellería de Deportes e na propia paxina web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN.

1.- A Concellería de Deportes será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas se realizará por unha Comisión de Valoración composta polo Concelleiro de Deportes, o Xefe de Servizo da Área de Deportes e un Técnico da mesma área que actuará como secretario.

OITAVA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

NOVENA.- PAGO.

O pagamento da axuda terá lugar logo da aprobación da resolución por parte da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.

ANEXO

Extracto do acordo da Xunta de Goberno Local de data (completar unha vez aprobado) de 2021, polo que se aproba a convocatoria específica para o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

“De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

PRIMEIRA.- OBXECTO DA SUBVENCIÓN.

Potenciar o desenvolvemento de programas de adestramento e participación de deportistas da cidade de Vigo en competicións oficiais de alto nivel.

SEGUNDA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO.

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 50.000,00 € (Cinquenta mil Euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria 3410.480.00.00.



Concello de Vigo

TERCEIRA. - BENEFICIARIOS.

Deportistas de forma individual que cumpran os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

CUARTA.- PROCEDIMIENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIONES.

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

QUINTA.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SEXTA.- BASES REGULADORAS.

As Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO), remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen perxuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCIONES.

De acordo co disposto no apartado 7 do artigo 30 da Lei Xeneral de Subvencións, a concesión destas axudas non requirirá outra xustificación que a acreditación previa á concesión de que o solicitante reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(799).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS AUXILIARES NECESARIOS PARA O FUNCIONAMENTO DUNHA AULA DE ESTUDO SITA NO EDIFICIO AUDITORIO-PAZO DE CONGRESOS. EXPTE. 23062/332.

Visto o informe xurídico do 26/08/21 e o informe de fiscalización do 31/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 23/08/21, asinado pola xefa do Servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

1.- Aprobación expediente de contratación: A Xunta de Goberno Local, na sesión do 9 de maio de 2019, aprobou o expediente de contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dunha aula de estudos, da Aula UNED e doutros espazos no edificio Auditorio Pazo de Congressos (expediente 23062/332), por procedemento aberto, así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 03/04/2019 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 08/04/2019 que rexen a licitación, e aprobou o gasto por importe de 169.338,14 euros, acordando a apertura do procedemento de licitación.

2.- Adjudicación: A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria de 1 de outubro de 2019 acordou adjudicar a INTEGRA MANTENIMENTO XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO GALICIA S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dunha aula de estudos no edificio Auditorio Pazo de Congressos, por un prezo total de 141.106,61 euros euros (IVE incluído) co seguinte detalle:

- Unha parte fixa que engloba os custos laborais derivados dos servizos fixos que se prestan todo o ano, dos medios e materiais necesarios para a prestación do servizo e os de xestión/organización, por un importe de 118.354,61 euros;

- e unha parte variable constituída polos custos laborais derivados da prestación de servizos por incremento do horario da sala de estudos e de servizos de conserxería en relación a eventos nun total de 900 horas por ano, por un importe máximo de 22.752,00 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 09/05/2019 e a oferta presentada.

3.- Prazos: O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

“1.- O adjudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.

2.- (...)”

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) *PRAZO TOTAL: 2 anos.*

B) *PRAZOS PARCIAIS: non*

C) *PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: sí, tres prórrogas dun ano de duración cada unha. (...)*”.

4.- Formalización do contrato: O contrato foi formalizado en data 22 de novembro de 2019 entre o Concello de Vigo e a empresa adjudicataria, establecéndose na cláusula 4ª do mesmo que *“O presente contrato terá unha duración de dous anos, contados desde o día 1 de decembro de 2019. Están contempladas tres prórrogas de un ano cada unha”*. En consecuencia, a data de finalización prevista para este contrato é o 30 de novembro de 2021.

En data 20 de decembro de 2021, asinouse unha Adenda do contrato na que se especificaban as partes fixa e variable incluídas no prezo do contrato, que non quedaron recollidas no antedito documento de formalización.

5.- Preaviso da prórroga: En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que *“Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC. A prórroga será obrigatoria para o adjudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de*



Concello de Vigo

antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.”

En data 16 de xullo de 2021, a adxudicataria recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a prórroga de un ano para o contrato dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dunha aula de estudos no edificio Auditorio Pazo de Congressos, conforme ao estipulado no mesmo .

6.- Prestación do servizo: A prestación dos servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dunha aula de estudos no edificio Auditorio Pazo de Congressos por parte da empresa actualmente adxudicataria (Integra Mantemento Xestión e Servizos Integrados Centro Especial de Emprego Galicia S.L.) estase a realizar a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do establecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade do servizo mediante a materialización da prórroga de un ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 01/12/2021 e o 30/11/2022.

7.- Orzamento: O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 141.106,61 euros, sendo o prezo por anualidade de 70.553,30 euros. No apartado 3K das Follas de características do contrato indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 70.553,30 euros, IVE incluído, que se dividiría en dúas anualidades: 5.879,44 euros con cargo ao exercicio orzamentario 2021 (mes de decembro) e 64.673,86 euros con cargo ao exercicio 2022 (de xaneiro a novembro) e podería imputarse á aplicación orzamentaria 3231.227.9902 (Funcionamento Aula de Estudos Beiramar) dos exercicios 2021 e 2022, conforme á anterior división.

En relación aos créditos para o exercicio 2021, faise constar que xa existe a operación contable RC 202100003361, por importe de 5,879,44 euros, de retención de crédito para a tramitación da primeira prórroga do contrato.

8.- Competencia: A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, propónse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral e Asesoría Xurídica, a adopción dos seguintes **acordos**:

1º.- Autorizar a prórroga do contrato para os servizos auxiliares necesarios para o funcionamento dunha aula de estudos no edificio Auditorio Pazo de Congressos (expte. 23062/332) para o período comprendido entre o 01/12/2021 e o 30/11/2022, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Autorizar e comprometer un importe de 70.553,30 euros correspondente a esta prórroga, a favor de Integra Mantemento Xestión e Servizos Integrados Centro Especial de Emprego Galicia SL, CIF B-27.715.879. Este gasto imputarase con cargo á aplicación

orxamentaria 3231.227.9902 (Funcionamento Aula de Estudos Beiramar), e a súa distribución anual será a seguinte:

- Con cargo ao exercicio orxamentario 2021 (de 01/12/2021 a 31/12/2021): 5.879,44 euros.
- Con cargo ao exercicio orxamentario 2022 (de 01/01/2022 a 30/11/2022): 64.673,86 euros.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(800).- PROPOSTA PARA DESIGNAR RESPONSABLE DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “DESBROCE E LIMPEZA DE BIOMASA VEXETAL EN FINCAS CON RISCO DE INCENDIOS”. EXPTE.12747/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/09/21, asinado polo xefe de Montes, Parques e Xardíns, o concelleiro-delegado de Área e pola secretaria de Admón. Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 18 de marzo de 2021, formalizouse contrato entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Excavaciones y Desbroces Rocha, S.L., para a prestación do servizo de *Desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendios (expte. 12747/446)*, con estricta suxeición aos pregos de cláusulas técnicas e administrativas aprobados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo na súa sesión ordinaria de data 16 de outubro de 2020.

2.- Na cláusula 1.c) das follas de características do contrato (FEC) do prego de cláusulas administrativas que rexe o contrato, consta como responsable do contrato o xefe da Área de Servizos Xerais.

3.- Dado que actualmente o posto de xefe da Área de Servizos Xerais atópase vacante, tras a resolución de data 9 de agosto de 2021 (expte. 28196/220), procede a designación dun novo responsable do Contrato.

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).



Concello de Vigo

- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

ACORDO:

Designar como responsable do contrato formalizado en data 18 de marzo de 2021, entre o Concello de Vigo e a entidade mercantil Excavaciones y Desbroces Rocha, S.L., para a prestación do servizo de *Desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendios (expte. 12747/446)*, ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, toda vez que actualmente o posto de xefe da Área de Servizos Xerais atópase vacante tras a resolución de data 9 de agosto de 2021 (expte. 28196/220).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(801).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DA CESIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010. EXPTE. 6650/241.

Dáse conta do informe-proposta de data 07/09/21, asinado pola técnica de Admón. Xeral (P.A. da xefa do Servizo de Contratación), a concelleira-delegada de Área e polo interventor xeral, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- En data 1 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local (en adiante a XGL), acordou, entre outros extremos, aprobar o expediente de contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010, autorizar o gasto e abrir a licitación deste procedemento.

Segundo.- En data 7 de setembro de 2017, tras a tramitación do procedemento de licitación, a Xunta de Goberno local, acordou:

“Adxudicar a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. o procedemento aberto para a contratación do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321) coas seguintes condicións:

a) O prezo total do contrato é de 934.313,60 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 162.153,60 euros.

b) Propón un incremento de 10 horas semanais (total 306 horas semanais).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

Terceiro.- O 29 de setembro de 2017 formalizouse o contrato en documento administrativo por un período de 4 anos con posibilidade de dúas prórrogas dun ano de duración cada unha, comezando a súa execución o 1 de novembro.

Cuarto.- Con data do 2 de setembro de 2021 CONTACTNOVA, S.L. presenta solicitude de cesión do contrato (documento nº 210180933) achegando a seguinte documentación:

- Acordo de cesión asinado por D. Eduardo Orusco Almazán, con DNI número ****.*13.11***, en representación de GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. (en concurso de acreedores) (en adiante, cedente), D. Francisco Martínez Casado, con DNI ****.*89.26***, en representación de MOORE RESTRUCTURING AND INSOLVENCY MANAGEMENT (administrador concursal) e D. José Luis Castro Romero, con DNI nº ***.*02.40***, en representación de CONTACTNOVA, S.L.U. (en adiante, cesionaria).
- Certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores y Empresas Clasificadas del Sector Público da cesionaria que acredita a súa aptitude para contratar co sector público, que non está incurso en prohibición para contratar e a súa solvencia económica e financeira e técnica e profesional ao posuír a clasificación alternativa prevista no PCAP en categoría superior á indicada (U-8-5 e o PCAP recollía a U-8-2).

Consta no expediente certificado acreditativo da garantía constituída por CONTACTNOVA, S.L.U., mediante transferencia, por importe de 38.608,00 euros (recibo nº 5762), así como o poder de representación tanto do representante da cesionaria como do cedente.



Concello de Vigo

Quinto.- En data 3 de setembro de 2021, a xefa de Participación Cidadá, responsable do contrato e Desenvolvemento Local, coa conformidade da concelleira de Patrimonio, Contratación e Xestión Municipal, emite informe manifestando que non existen impedimentos á cesión do contrato, e dá traslado do expediente ao Servizo de Contratación para tramitar a proposta de autorización.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

-I-

Lexislación aplicable á cesión

Resulta preciso determinar, en primeiro lugar, a lexislación á aplicar a esta cesión. Os contratos réxense en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa duración e réxime de prórrogas, polo establecido no propio contrato, no prego de cláusulas administrativas particulares e pola lexislación vixente no momento no que foron celebrados (disposición transitoria primeira da LCSP e disposición transitoria segunda CC), é dicir:

- Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), no que non se opoña ao TRLCSP

-II-

Natureza da cesión do contrato e requisitos da mesma

A cesión dun contrato implica unha novación subxectiva dunha das partes do contrato, o contratista, que é substituído por un terceiro que se subroga na súa posición xurídica. Este terceiro, cesionario, quedará subrogado en todos os dereitos e obrigacións que correspondesen ao contratista ou cedente.

Tratase dun negocio privado entre dous empresarios, sexan persoas físicas ou xurídicas, polo cal un substitúe ao outro no cumprimento dun contrato, se ben, para a súa validez necesita do concurso da vontade da Administración contratante.

A cesión, por imperativo do artigo 105 do TRLCSP, rexese polas súas propias normas. O TRLCSP contén a súa regulación no artigo 226. O PCAP que rexe este contrato regúlaa na cláusula 37.

O presuposto básico da cesión é que o contrato sexa susceptible de cederse. O artigo 226.1 do TRLCSP non permite a cesión nos seguintes supostos:

- Cando as calidades técnicas ou persoais do cedente fosen razón determinante da adxudicación do contrato
- Cando da cesión resulte unha restrición efectiva da competencia no mercado
- Cando a cesión supoña unha alteración substancial das características do contratista si estas constitúen un elemento esencial do contrato

Os requisitos indispensables para a cesión do contrato están recollidos no artigo 226.2 do TRLCSP. Estes son:

➤ Requisitos obxectivos:

- Que o cedente teña executado polo menos un 20% do importe do contrato ou, cando se trate da xestión de servizo público, que efectúe a súa explotación durante polo menos unha quinta parte da súa duración. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopándose o adxudicatario en concurso aínda que se teña aberto a fase de liquidación.

➤ Requisitos subxectivos:

- Que o cesionario teña capacidade para contratar coa Administración
- Non estea incurso nunha prohibición de contratar
- Teña a solvencia esixible ou, no seu caso, a debida clasificación si foi esixida ao cedente

➤ Requisitos formais:

- Que o órgano de contratación autorice previa e expresamente a cesión
- Que a cesión se formalice entre o adxudicatario e o cesionario en escritura pública

O PCAP non esixe requisitos adicionais.

Analizaremos a continuación se o este contrato é susceptible de cesión e, en caso afirmativo, se concorren os requisitos legais para a autorizala.

O obxecto do contrato que nos ocupa é o servizo de información cidadá a través do teléfono 010. Neste contrato non se esixiu ningunha característica técnica ou persoal ao contratista, nin se adxudicou en atención ás súas calidades, así o pon de releve a responsable do contrato en informe de 3 de setembro de 2021

Da cesión deste contrato non resulta ningunha restrición á competencia no mercado pois nin pola súa contía, nin pola súa duración (apartado 4.A da FEC), afecta de modo significativo ao mercado do sector.

Comprobado que o contrato que nos ocupa é susceptible de cesión, resta comprobar se se cumpren os requisitos esixidos pola lei. Dos requisitos citados, é preciso comprobar se concorren os obxectivos e os subxectivos, por canto, respecto aos requisitos formais, a autorización do órgano de contratación só poderá outorgarse de concorrer aqueles, e a formalización por escrito é posterior ao acordo de autorización.

Respecto ao cumprimento dos requisitos obxectivos, hai que por de releve que o cedente xa executou máis dun 20% do importe do contrato. Como se indicou nos antecedentes o contrato ten unha duración de 4 anos e finaliza o próximo 29 de setembro, polo que o contrato está practicamente executado. No entanto, tal e como se indica no acordo de



Concello de Vigo

cesión achegado coa solicite, o cedente atópase en fase de concurso e pendente de liquidación, polo que este requisito non resulta esixible.

En relación á acreditación dos requisitos subxectivos, comprobada a documentación achegada polo cesionario así como a consultada de oficio por esta Administración, tanto no Rexistro de Contratistas de Galicia como nas plataformas de interconexión con outras Administracións, quedan acreditados os requisitos de capacidade xurídica e de obrar, e a solvencia do cesionario para subrogarse na posición do cedente neste contrato, así como que está o corrente das súas obrigas fiscais e tributarias coas diferentes administracións territoriais e coa Seguridade Social.

Podemos concluír que, dado que o contrato é susceptible de cesión, cúmprense os requisitos obxectivos e subxectivos esixidos polo artigo 226 do TRLCSP, e que a responsable do contrato, en informe de data 3 de setembro de 2021, manifesta non existir impedimentos á cesión do contrato, procedería outorgar a autorización solicitada para a cesión do contrato. Pois, tal e como establece a doutrina dos tribunais especiais en materia de contratación, *“el control de los requisitos enunciados se lleva a cabo a través de la preceptiva autorización previa y expresa del órgano de contratación. Como ha señalado desde ya hace tiempo el Consejo de Estado (Dictamen 36898/1970, de 9 de julio), «dicha autorización debe entenderse no como un nuevo otorgamiento discrecional, sino como un mero control de la regularidad de la transmisión», de lo cual se infiere un cierto carácter reglado en el otorgamiento de la autorización, sin perjuicio del matiz discrecional que implica la valoración de las cualidades técnicas y personales del cedente como determinantes, o no, de la adjudicación del contrato. En cualquier caso, la autorización del órgano de contratación reviste carácter preceptivo, sin la cual la cesión (insistimos, que es un negocio privado entre empresas) carece de efectos jurídicos frente a la Administración. En consecuencia, la respuesta de la Administración a la cesión contractual solo podrá ser negativa si, de forma motivada, se argumenta que el cesionario no acredita la solvencia y capacidad adecuadas para sustituir al contratista originario”* (Acordo 59/2013, de 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón).

-III-

Garantías do contrato

O TRLCSP regula no seu Título IV o Réxime de garantías esixibles na contratación do sector público. Na actualidade unicamente é preceptiva a esixencia de garantía definitiva. Se ben se permite que en casos especiais, o órgano de contratación poida establecer no prego de cláusulas que, ademais da garantía definitiva, se preste unha complementaria de ata un 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, podendo alcanzar a garantía total un 10 por 100 do prezo do contrato (artigo 95.2).

A garantía definitiva responde, segundo o artigo 100 do TRLCSP:

- a) Das penalidades impostas ao contratista conforme ao artigo 212.
- b) Da correcta execución das prestacións contempladas no contrato, dos gastos orixinados á Administración por mora do contratista no cumprimento das súas obrigacións, e dos danos e prexuízos ocasionados á mesma con motivo da execución do contrato ou polo seu incumprimento, cando non proceda a súa resolución.
- c) Da incautación que pode decretarse nos casos de resolución do contrato, de acordo

co que nel ou nesta Lei estea establecido.

- d) Ademais, no contrato de subministro a garantía definitiva responderá da inexistencia de vicios ou defectos dos bens subministrados durante o prazo de garantía que se previu no contrato.

Esta garantía esíxese aos que presenten as ofertas economicamente máis vantaxosas nas licitacións dos contratos que celebren as Administracións Públicas. A súa contía é dun 5 por 100 do importe de adxudicación do contrato, excluído o imposto sobre o valor engadido (artigo 95.1 do TRLCSP).

A súa constitución é requisito imprescindible para que se poida adxudicar o contrato ao licitador primeiro clasificado. De no constituírse no prazo concedido para o efecto, decaerá o seu dereito á adxudicación do contrato, e o órgano de contratación adxudicará o contrato ó licitador seguinte, polo orde no que quedasen clasificadas as ofertas (artigo 99 en relación co artigo 151 do TRLCSP).

Para responder do cumprimento deste contrato o cedente constituíu unha garantía definitiva por importe de 36.608,00 euros (nº operación 201700078722 do 18 de agosto de 2017).

Co obxecto de manter a integridade da garantía definitiva, prevese a súa reposición e reaxuste nos seguintes casos:

- No caso de que se fagan efectivas sobre a garantía as penalidades ou indemnizacións esixibles ao adxudicatario (artigo 99.2 do TRLCSP).
- Cando, como consecuencia dunha modificación do contrato, experimente variación o prezo, deberá reaxustarse a garantía, para que garde a debida proporción co novo prezo modificado (artigo 99.3 do TRLCSP).

No caso que nos ocupa o contrato non foi modificado. En consecuencia, o importe da garantía prestada polo actual adxudicatario permanece invariable (artigo 102.4 do TRLCSP).

Nos casos de cesión, a lei prevé que o cesionario deberá constituír a garantía definitiva. Unha vez que se atope formalmente constituída a garantía polo cesionario, procederá á devolución ou cancelación da garantía prestada polo cedente. Consta no expediente certificado acreditativo da garantía constituída por CONTACNOVA, S.L.U., mediante transferencia, por importe de 38.608,00 euros (recibo nº 5762).

-IV-

Formalización do acordo de cesión do contrato

Outorgada a autorización para a cesión, para que esta se perfeccione e produza efectos xurídicos é preciso que se formalice en escritura pública, requisito formal constitutivo da mesma (artigo 226.2.d do TRLCSP).

Consecuentemente, este acordo sometese á condición suspensiva de formalización da cesión en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.



Concello de Vigo

-V-

Data dos efectos da cesión

Respecto á data dos efectos da cesión do contrato, a xurisprudencia sinala como tal a data do inicio do prazo contractual, se ben admíte a posibilidade de que a Administración poida autorizar que os efectos se produzan a partir dunha data determinada, sempre e cando iso non resulte contrario ao interese público. Nesta liña, establece a Sentenza do Tribunal Supremo de 14 de outubro de 2005 (LA LEY 1938/2005) que *“a tenor del párrafo segundo del artículo 182 del Reglamento, el cesionario queda subrogado en todos los derechos y obligaciones que correspondían al cedente, debiendo entenderse que esta subrogación se refiere a la totalidad del tracto de la relación contractual, y no se produce sólo a partir del momento en que se suscribe el contrato de cesión”.* “[...] la finalidad del acto administrativo que autoriza la cesión es garantizar el interés público en el cumplimiento del contrato y de las obligaciones derivadas del mismo. Por tanto si existe otra entidad contratista que se considera apta para asumir las obligaciones contractuales y se entiende que el interés Público está garantizado, nada se opone a que la Administración esté actuando conforme a derecho al autorizar la cesión, y ello incluso en el caso de que sus efectos se contraigan a las obligaciones y derechos posteriores a la cesión misma. Pues la cuestión decisiva es que resulte garantizado el interés público en la ejecución de la obra, y así sucede cuando los posibles incumplimientos anteriores a la cesión puedan dar lugar a un resarcimiento de la Administración. Por otra parte y por lo que se refiere al caso de autos, ya que se hizo sin ninguna reserva, la autorización afectaba a la totalidad del negocio jurídico de cesión, y por tanto a la cláusula del contrato en que se materializó ésta en la que se establecían los derechos y obligaciones del cedente y el cesionario”.

Consecuentemente, dado que na solicitude de cesión o cesionario e o cedente propoñen como data efectiva o 15 de setembro de 2021, a subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirá efectos desde a citada data.

-VI-

Competencia

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

Neste caso non é preceptivo o informe da Asesoría Xurídica nin a fiscalización da Intervención Xeral (artigo 114.3 TRRL apartados 3 e 8 da disposición adicional segunda do TRLCSP), ao non comportar gasto para a Administración municipal. Neste senso pronúnciase a Xunta Consultiva de Contratación Administrativa, no seu informe 24/1996, que determina que non é necesaria a fiscalización previa xa que a cesión non orixina para a Administración ningunha obriga que non estea xa contemplada no contrato cedido. Criterio seguido tamén polo Acordo 59/2013, do 28 de outubro de 2013, do Tribunal Administrativo de Contratos Públicos de Aragón.

Tendo en conta que procederá axustar os actos de execución orzamentaria á nova situación, o acordo adoptado será trasladado ao Servizo de Contabilidade para os efectos oportunos.

-VII-

S.ord. 10/09/2021

Acordo

En base ao anterior, propónse á Xunta de Goberno local, na súa cualidade de órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

1º.- Autorizar a cesión do contrato do servizo de información cidadá a través do teléfono 010 (3.574-321), adxudicado a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de setembro de 2017, a favor de CONTACTNOVA, S.L.U. (B-36.819.456).

2º.- A cesión quedará condicionada á súa formalización en escritura pública, sen a cal carecerá de efectos, e a súa posterior comunicación ao Concello.

3º.- A subrogación do cesionario nos dereitos e obrigas derivados do contrato producirase con efectos do día 15 de setembro de 2021.

4º.- Devolver a GRUPO NORTE AGRUPACIÓN EMPRESARIAL DE SERVICIOS, S.L.U. a garantía constituída por importe de 36.608,00 euros (operación nº 201700078722 do 18 de agosto de 2017).

5º.- Notificar este acordo aos interesados”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(802).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL NO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO DO FESTIVAL “OUTONO LÍRICO 2021”. EXPTE. 3826/330.

Visto o informe xurídico do 07/09/21, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local na sesión do 6 de agosto do 2021 resolveu:

“... Primeiro.-Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo, para o financiamento do "Outono Lírico 2021" que terá lugar entre os meses de setembro e novembro do 2021, organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera".

Segundo.-Dar conta á Deputación Provincial de Pontevedra da aprobación do convenio que se incorpora a este expediente e solicitar a súa subscripción....”

A acordo de aprobación do dito convenio foi notificado á Deputación de Pontevedra o día 25.08.2021, xunto co resto da documentación requirida, rexistro de saída 71637/2020.



Concello de Vigo

O día 02.09.2021 a Deputación de Pontevedra achega a través da sede electrónica (doc. 210180830) escrito solicitando a rectificación do acordo do 6 de agosto do 2021 polo que se aproba o texto do convenio entre a Excmá Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo Concello de Vigo para o financiamento do Outono Lírico 2021 no que se refire aos seguintes extremos:

- No apartado II do EXPOÑEN do texto achegado establece “Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2021, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de **transferencias de capital**, para convenios co Concello de Vigo”.
- No pacto segundo (FINANCIAMENTO DO CONVENIO) do texto do convenio achegado especificase que “o pago da anualidade do 2021 realizarase contra a aplicación **20/942.9420.462.14** do orzamento provincial”.
- No pacto sexto do texto do convenio (PUBLICIDADE) establece que “por outra parte, en cumprimento do establecido na **resolución de 10 de decembro de 2015**, da Intervención Xeral da Administración (...)”.

Que deberá quedar como a seguir se indica:

- No apartado II do EXPOÑEN do texto achegado debe dicir “Que a Deputación Provincial de Pontevedra, nos orzamentos do ano 2021, contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de **transferencias correntes**, para convenios co Concello de Vigo”.
- No pacto segundo (FINANCIAMENTO DO CONVENIO) do texto do convenio debe dicir “o pago da anualidade do 2021 realizarase contra a aplicación **21/942.9420.462.14** do orzamento provincial (Concellos-Investmentos en Convenios (Vigo e Pontevedra))”.
- No pacto sexto do texto do convenio (PUBLICIDADE) debe dicir que “por outra parte, en cumprimento do establecido na **resolución do 15 de xuño do 2020**, da Intervención Xeral da Administración...”

Conforme o artigo 7.4 da LSG a competencia para conceder subvencións nas Entidades Locais corresponde aos órganos que teñan atribuída na súa normativa específica correspondendo a Xunta de Goberno local a concesión da subvención e aprobación do gasto en virtude da delegación de facultades efectuada por resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 e artigo 127 g) da Lei 7/85, do 2 de abril.

Á vista do exposto, previa conformidade do concelleiro da Área de Cultura e Emprego e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a modificación do convenio de colaboración entre a Excmá Deputación Provincial de Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo, para o financiamento do "Outono Lírico 2021" que terá lugar entre os meses de setembro e novembro do 2021, organizado pola "Asociación de Amigos de la Ópera" en los extremos mencionados anteriormente.

SEGUNDO.-Manter firme o resto do convenio no que non resulte modificado polo presente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(803).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº7”. EXPTE. 597/441.

Visto o informe xurídico de data 19/08/21 e o informe de fiscalización do 25/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 30/07/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Con data 14 de decembro de 2016, o Boletín Oficial do Estado, nº 301, publica Resolución de 12 de decembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se resolve definitivamente a primeira convocatoria para a selección de Estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sustentable 2014-2020, efectuada por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, na cal entre outros aspectos CONCÉDESE de forma definitiva axuda do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominada “VIGO VERTICAL”, por un importe de 15.000.000,00 €.

2º.- O proxecto EDUSI VIGO VERTICAL, ten como obxectivo principal impulsar a transformación da área seleccionada en termos físicos, ambientais, económicos, sociais e culturais, creando oportunidades de emprego e mellorando a contorna urbana, polo cal dita estratexia, segundo a Orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2427/2015, constitúe o marco para a posterior selección por parte das Entidades beneficiarias das operacións a desenvolver na cidade ou na área definida en cada caso.

3º.- No marco do devandito proxecto, por parte da Concellería de Política Social remítese, en data 13/03/2020, para a súa tramitación proxecto redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luís Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, de **“PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DE REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº7”**, cun orzamento base de licitación máis IVE de **SEISCENTOS CORENTA MIL EUROS (640.000,00 €)**.

4º.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 13/04/2020, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 26/06/2019 e 18/06/2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación



Concello de Vigo

administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

5º.- Previo informe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asistencia Municipal de data 13/04/2020, e o pertinente informe xurídico con proposta de resolución de data 15/04/2020, a Xunta de Goberno Local, en sesión de data 30/04/2020 aprobou o proxecto de **“REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº7”** subscrito polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez, cun orzamento base de licitación máis IVE de **SEISCENTOS CORENTA MIL EUROS (640.000,00 €)**, e sinatura dixital de data 13/04/2020.

6º.- No expediente de contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 30/04/2020 que se corresponde co expediente administrativo 4637/443 e que inclúen o Prego de Prescricións Técnicas redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez, con data 13/04/2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola Técnica de Xestión, polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal e polo Xefe do Servizo Administrativo de Control Orzamentario en data 15/04/2021.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 15/04/2021.
- D) Memoria económica asinada pola Técnica de Xestión, o Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 16/04/2021.
- E) Certificados de existencia de crédito (RC nº202100039063 e RCFUT1 nº202100039064) asinados polo Director Superior Contable en data 19/04/2021.
- F) Acta de replanteo do proxecto asinada polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez, en datas 29 e 30/04/2021.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 29/07/2021.
- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 30/07/2021.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola Xefa do Servizo de Contratación en data 30/07/2021.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (Disposición Adicional 2ª.4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigos 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 13/04/2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de que non existe desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril).

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da Asesoría Xurídica (Disposición Adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 da LCSP).

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (Disposición Adicional 2ª.4 da LCSP).

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente os devanditos informe da titular da Asesoría Xurídica e informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras de **“REFORMA INTERIOR E AMPLIACIÓN DO CENTRO MUNICIPAL DE SERVIZOS SOCIAIS, PRAZA DA PRINCESA, Nº7”** redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luís Piñeiro Ferradas e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de 640.000,00 €.

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 30/07/2021.



Concello de Vigo

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **SEISCENTOS CORENTA MIL EUROS (640.000,00 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 111.074,38 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 2310.632.00.10 (DUSI, OT9, LA21, REESTRUTURACIÓN AT. SOCIAL), segundo a distribución de anualidades proposta.

2021	540.000,00 €
2022	100.000,00 €
TOTAL	640.000,00 €

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(804).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL”. EXPTE. 4649/443.

Visto informe de fiscalización do 06/09/21, dáse conta do informe-proposta de data 06/09/21, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 30 de decembro de 2020, acordou a prórroga, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, da concesión administrativa da “Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo”, outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990, á U.T.E. “SERAGUA-FOCSA VIGO”, hoxe denominada, abreviadamente “FCC Aqualia Vigo UTE”, con arranxo ás condicións económico-administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato.

II.- No informe técnico de inversións a curto prazo, en materia de abastecemento, emitido polo Enxeñeiro de Caminos Canais e Portos Municipal e o Enxeñeiro xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestructuras, con data 28.12.2020, que figura no expediente da dita prórroga, indicábase a conveniencia e a idoneidade da actuación de ampliación e modernización da ETAP do Casal, nos termos que seguen:

«2.2.1. Renovación ETAP Casal

En relación a esta infraestructura, debese atender os aspectos indicados no informe inicial que xustifica a necesidade da prorroga do actual contrato e do mesmo debese destacar:

A ETAP de O Casal é a principal estación de tratamento de auga potable de Vigo e dende ela, ademais do concello de Vigo, abastécense os concellos de Cangas e Moaña e, en menor medida, zonas dos concellos de Redondela e Mos, circunstancia esta prevista nos instrumentos de planificación autonómica (Plan Xeral Galego de Abastecemento – Plan Auga), sen que Augas de Galicia teña previsto a data de hoxe outros recursos alternativos para atender as necesidades destes concellos.

A configuración actual da planta non permite facer fronte aos previstos incrementos de demandas no futuro. Resulta ademais necesario adaptar a mesma ao novo marco normativo, así como incorporar as mellores técnicas dispoñibles de modo que se permita optimizar o aproveitamento da auga bruta debido á menor dispoñibilidade de recursos consecuencia do cambio climático.

En relación a esta infraestructura o Concello de Vigo redactou o proxecto de “Ampliación e modernización da ETAP de O Casal” valorándose as obras en 22,7 millóns de euros. O mesmo permitirá garantir unha capacidade de tratamento de 1.500 litros/ segundo nunha primeira fase e 2.200 litros/ segundo para o futuro. O período de execución das obras e posta en marcha estímase en 18 meses».

III.- A devandita prorroga do contrato de concesión do servizo de «Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo» vinculouse á execución e financiamento dun plan de investimentos, no período da prórroga, por importe de 40.471.411,63 € —ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custe financeiro e da activación dos desembolsos— nas contías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020, que figura, tamén, no expediente da prórroga, no que como principal investimento figura a ampliación e modernización da ETAP do Casal, por importe de 22.700.000,00 euros.

O cadro de contías e prazos de execución dos investimentos no período de prorroga que figura no dito informe económico é o que segue:

ANO	Recuperación desviación de tarifa do ano 2020 (estimación)	INVESTIMENTO ETAP DO CASAL	OUTROS INVESTIMENTOS
2021	212.825,00 €	2.700.000,00 €	2.558.586,63 €
2022		10.000.000,00 €	2.500.000,00 €
2023		10.000.000,00 €	2.500.000,00 €
2024			5.000.000,00 €
2025			5.000.000,00 €
	212.825,00 €	22.700.000,00 €	17.558.586,63 €
TOTAL		40.471.411,63 €	



Concello de Vigo

IV.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento e Servizos, á vista da recoñecida necesidade da ampliación e modernización da ETAP do Casal e con independencia da forma de financiamento desta, resolvera xa, con data 14.01.2020, autorizar o gasto para a contratación da redacción do proxecto para a dita ampliación e modernización a prol da empresa a ESINPRO INGENIERÍA S.L..

V.- O proxecto presentado ante o concello de Vigo en execución do contrato, foi redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo e ten un orzamento base de licitación, IVE incluído, de VINTE DOUS MILLÓNS OITOCENTOS VINTE SEIS MIL CATROCENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SETENTA E TRES CÉNTIMOS (22.826.485,73 EUROS).

VI.- O obxecto do proxecto é a definición das actuacións necesarias para a ampliación e modernización da actual estación de tratamento de auga potable ubicada na rúa Cantabria. O proxecto aborda a mellora e ampliación da capacidade de tratamento dende a entrada da auga bruta na ETAP (saída do túnel da Madroa) ata a chegada da auga tratada ao depósito de cabeceira da rede de distribución, situado na parte sur da mesma parcela municipal.

As actuacións teñen por obxecto incrementar a capacidade de tratamento da planta ata un caudal futuro de 2.200 l/s, se ben nunha primeira fase dotárase de equipamento electromecánico para un caudal de 1.500 l/s. En base a estes obxectivos, plantéxanse as seguintes actuacións:

- Liña de tratamento consistente nunha primeira cámara de aireación e mistura rápida; dúas liñas de floculación; cámaras para adición de CO₂ e cal; prefiltración mediante filtros de malla rotativos e ultrafiltración presurizada con membranas; depósito de cloración.
- Deséñase un novo edificio de dúas alturas e planta circular no que se acollen as canles de floculación e remineralización e os depósitos de bombeo na planta inferior e o sistema de filtración e ultrafiltración na planta superior. De igual xeito se deseña un novo edificio onde se almacenan os reactivos.
- Proxéctase tamén unha nova liña de tratamento de fangos consistente en liña de coagulación floculación e decantación e espesado con recirculación de fangos. A fase final de deshidratación de fangos será realizada mediante centrífugado.
- O espazo actualmente ocupado polo laboratorio, oficinas e sala de ozono redeseñase para utilizalo como taller, laboratorio e sala de control e arquivo.
- Urbanización da parcela adecuando os espazos circundantes ás instalacións proxectadas.
- Conexión dos servizos urbanos coas redes xerais.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DEZAQITO) 18 meses.

VII.- Con data 30/03/2020, o Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos, dispuxo a iniciación do expediente para a aprobación do proxecto, cuxa primeira actuación foi a solicitude á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia do preceptivo e vinculante informe sanitario sobre o mesmo, remitíndose a tal fin, coa mesma data, a documentación indicada na «Guía para a emisión de informe sanitario sobre proxecto de construción de novos abastecementos ou infraestruturas de auga» da Xunta de Galicia.

Tras un primeiro requirimento da Administración sanitaria da Xunta de Galicia a esta

Administración municipal de remisión do proxecto completo e posteriores requirimentos de distinta documentación xustificativa, para a súa incorporación ao proxecto, e de actualización da Memoria e anexos deste, con data 1 de xullo de 2021, a xefa territorial da Delegación Territorial de Pontevedra, da Consellería de Sanidade, emitiu o informe favorable que segue:

“A documentación recibida é acorde co Real decreto 140/2003 e cos aspectos indicados no documento GC-13T-02-01-03 “Guía para a emisión de informe sanitario sobre proxecto de construción de novos abastecementos ou infraestruturas de auga”.

Como mínimo 30 días antes á posta en funcionamento deberán:

1.- Solicitar o informe sanitario á posta en funcionamento a esta xefatura territorial, para que unha vez en funcionamento, en cumprimento do artigo 13 do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano, se poida realizar unha inspección sanitaria de comprobación da adecuación do proxecto presentado. Solicitud dispoñible na seguinte ligazón:

https://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/3717/F-13T-02-01-19_SOLICITUDE_INF_POSTA_FUNCIONAMENTO.PDF

Información sobre a solicitude de informe previo á construción/posta en funcionamento dun abastecemento, dispoñible na seguinte ligazón:
<https://www.sergas.es/Saude-publica/Construcción-abastecementos-ou-partes-deste>

2.- Presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación complementaria:

2.1.- Analíticas para poder emitir o informe sanitario á posta en funcionamento. Unha análise completa da auga bruta, unha análise completa da auga tratada e análises de controis coa frecuencia establecida segundo o seu procedemento de autocontrol, que non poderá ser inferior á establecida no Anexo V do Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, incluíndo pH, turbidez, cor, ferro e aluminio.

2.2.- Datos de materiais de construción. Certificado/s do/s fabricante/s de que estes produtos, por eles mesmos ou polas prácticas de instalación que utilicen, non transmitirán á auga substancias ou propiedades que contaminen ou empeoren a súa calidade e supoñan un incumprimento dos requisitos especificados no anexo I do Real decreto 140/2003 ou un risco para a saúde da poboación abastecida. Sempre se deberá garantir que os materiais que utilicen cumprirán coas indicacións do artigo 14 do Real decreto 140/2003 e as recomendacións do Ministerio de Sanidade.

2.3.- Certificados das limpezas e desinfeccións realizadas antes da posta en funcionamento, especificando os produtos e substancias empregados e as persoas/empresas que as realizan.

2.4.- Respecto ao tratamento por cloraminación, presentarán resultado dos estudos realizados, concentración específica a empregar en función da extensión, tempo de retención, evolución e demanda do propio sistema, vixilancia para evitar o proceso de nitrificación, plan de actuación en caso de producirse este e o control de subprodutos.



Concello de Vigo

2.5.- *En relación ao sistema de desinfección con dióxido de cloro, enviarán resultado dos estudos realizados, a concentración específica a empregar e control de subprodutos xerados por este tratamento, tales como cloritos e cloratos.*

2.6.- *Resultado das probas de laboratorio realizadas para a elección final de coagulantes, floculantes, carbón activo en po e resto de produtos empregados no tratamento da auga, así como para o cálculo da concentración específica de reactivos a empregar.”*

VII- A incorporación ao proxecto do anterior informe sanitario e da documentación e actualizacións requiridas pola Administración sanitaria da Xunta de Galicia, deu lugar ao documento final, de data agosto de 2021, con sinatura dixital de data 06/08/21.

VIII.- O Enxeñeiro de Caminos, Canais e Portos municipal e o Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emitiron en data 20.08.2021 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, no que conclúen o que se segue:

“Dado que a contía do proxecto é superior a 500.000 euros, este informe ten carácter preceptivo, según o previsto no art. 235 da Lei 9/2017. Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.

CONCLUSIÓN:

Os custos unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estimándose que son custes xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

IX.- Pola súa parte a concesionaria do servizo de augas municipal «FCC Aqualia-Vigo U.T.E.», á que se deu vista do proxecto en canto que obrigada, segundo vai dito máis arriba, á súa execución, en escrito de de 2 de setembro de 2021 manifesta que:

«(...) tras la revisión técnica del citado proyecto realizada por nuestro personal, confirmamos que el proyecto es válido para su ejecución tanto por las soluciones constructivas, materiales de diseño, el proceso de tratamiento definido, el cumplimiento de las leyes y reglamentos de aplicación y la interferencia con la planta de tratamiento actual, que debe seguir generando agua potable durante la ejecución de las obras.

Entendemos que el proyecto facilitado cumple con los requerimientos técnicos y los

objetivos de renovación integral de la ETAP detectados por la empresa concesionaria».

CONSIDERACIONES TÉCNICAS E XURÍDICAS

I. Ainda que a execución do proxecto de obras, obxecto do presente expediente, será realizada pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, como actuación do plan de inversións aprobado para a segunda prórroga do contrato, arriba referida, e, daquela, non será obxecto dun específico procedemento de contratación, tal execución require igualmente, conforme ao establecido no artigo 231 da LCSP para a adxudicación do contrato de obras, a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- O proxecto reúne os contidos mínimos e as esixencias que sinalan os artigos 233 LCSP e 125 a 133 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, para os proxectos de obras que deban ser obxecto de específico procedemento de adxudicación.

III.- O proxecto de obras foi, tamén, obxecto de supervisión pola Oficina de Supervisión de Proxectos municipal e, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, o proxecto cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- Igualmente, a concesionaria do servizo municipal de augas, FCC Aqualia Vigo UTE, tras o traslado que se lle deu do proxecto para o seu coñecemento e alegacións, conclúe que o proxecto cumpre cos requirimentos técnicos e os obxectivos de renovación integral da ETAP detectados pola mesma concesionaria.

V.- O proxecto, segundo vai dito, executarase pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC Aqualia Vigo UTE, en cumprimento do plan de inversións correspondente a segunda prórroga do contrato de xestión de servizo público, en forma de concesión, da "Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo", outorgada polo Pleno da Corporación Municipal o 25/10/1990. A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local e de conformidade, tamén, co establecido no procedemento a seguir para a execución das obras incluídas nos Plans de Investimentos da Concesión, aprobado pola Xunta de Goberno Local en acordo de 8 de marzo de 2013.

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:



Concello de Vigo

ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de obras de “**AMPLIACIÓN E MODERNIZACIÓN DA ETAP DO CASAL**”, redactado polo Enxeñeiro Industrial Casimiro Fontenla Bugallo cun orzamento base de licitación IVE non incluído de DEZAOITO MILLÓNS OITOCENTOS SESENTA E CATRO MIL OITOCENTOS CUARENTA E TRES EUROS con CINCUENTA CÉNTIMOS (18.864.843,50 EUROS) con sinatura dixital de data agosto de 2021 e dispoñer a súa execución pola concesionaria do servizo municipal de augas FCC AQUALIA VIGO UTE, no marco do plan de investimentos aprobado para a segunda prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo Municipal de Abatecemento de Auga e Saneamento de Vigo.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo a FCC AQUALIA VIGO UTE, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(805).- RECTIFICACIÓN DE ERRO MATERIAL EN RELACIÓN COA APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I”.EXPTE. 3620/443.

Dáse conta do informe-proposta de data 03/09/21, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

Antecedentes

I.- A Xunta de Goberno Local, en sesión de 16 de xullo de 2021, acordou entre outros asuntos:

“Aprobar o proxecto de obras de “HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I”, redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago López Fontán e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 €) e data maio de 2021.”

II.- Revisado o expediente detectase un erro material na autoría dun dos redactores do devandito proxecto, xa que o mesmo foi redactado e asinado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo.

Fundamentos técnicos e xurídicos

I.- O artigo 109 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas establece que as administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio o a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- O erro material resulta do propio expediente, polo que lle corresponde a súa rectificación á Xunta de Goberno Local como autora do acordo adoptado en data 16 de xullo de 2021.

Polo anteriormente exposto, **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Rectificar o erro no Acordo da Xunta de Goberno de data 16 de xullo de 2021 no referente a autoría da redacción do proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I", polo que o mesmo debера figurar como segue:

"Aprobar o proxecto de obras de "HUMANIZACIÓN DA RÚA ROMIL FASE I", redactado polos Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos Santiago Javier Pérez Vázquez e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de UN MILLÓN DOUSCENTOS VINTE E NOVE MIL NOVECIENTOS NOVENA E NOVE EUROS con NOVENTA E NOVE CÉNTIMOS (1.229.999,99 €) e data maio de 2021."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(806).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA OPERACIÓN XURÍDICA COMPLEMENTARIA NO PROXECTO DE EQUIDISTRIBUCIÓN DO POLÍGONO II DA A-3-10 ESTURÁNS. EXPTE. 4855/401.

Dáse conta do informe-proposta do 26/07/2021, asinado pola técnica xurídica de Planemento de Desenvolvemento e Xestión e polo xefe de Urbanización e Infraestruturas, que di o seguinte:

Con data do 07.12.2012 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, acordou, entre outros pronunciamentos, e no que aquí nos interesa, prestar aprobación a *proposta de equidistribución do Polígono II da «AOD A-3-10 ESTURÁNS» do PXOM de Vigo, promovido pola mercantil "PRAZADOURO, S.L." protocolizada en escritura pública de 20.08.2012 polo notario D. José Pedro Riol López, co número 1585 do seu Protocolo.*

Con data do 10.11.2015 o Tribunal Supremo ditou sentenza no recurso de casación num.: 1658/20141, polo que, estimou o recurso contencioso-administrativo interposto pola Asociación Alternativa Veciñal de Vigo e declarou a nulidade da Orde da Consellería de



Concello de Vigo

Política Territorial, Obras Públicas e Transporte da Xunta de Galicia, de data 16 de maio de 2008, pola que se aproba definitiva e parcialmente o Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo e contra a Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, de data 13 de xullo de 2009, pola que se aproba definitivamente o documento de cumprimento da citada Orde en canto as cuestións que na mesma quedaron en suspenso. Como consecuencia de dita anulación e conforme a xurisprudencia e (STS 22.01.2006, STS 2.03.2016 entre outras) a anulación xudicial de todo o plan comporta que recobre a súa vixencia a ordenación urbanística preexistente (Neste caso o PGOU 1993 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia en data 29.04.1993).

Deste xeito o planeamento vixente na actualidade no Concello de Vigo, trátase do PGOU de 1993, que constitúe un documento de adaptación do PGOU de 1988 á Lei 11/1995, do 22 de agosto, de adaptación do solo de Galicia (LASGA), aprobado definitivamente por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29.04.1993 (DOG núm. 87, do 10.05.1993; BOP núm. 133, do 14.07.1993, coas súas modificacións puntuais.

Con data do 24.07.2019 o Pleno do Concello de Vigo, en sesión extraordinaria, prestou aprobación ao Instrumento de ordenación provisional do Concello de Vigo (en diante IOP), elaborado polos servizos técnicos da Xerencia municipal de urbanismo, con data da sinatura de 26.04.2019, (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019) e inscrito no rexistro de planeamento urbanístico de Galicia por Resolución do 11.09.2019 e que tal e como se reflicte na memoria informativa e xustificativa, a súa tramitación responde a finalidade e espírito que recolle a LMFAO (artigo 84); Trátase dunha ferramenta posta a disposición das administracións urbanísticas cuxos plans xerais foran declarados xudicialmente nulos aos efectos, de que ao teor do pautado na LMFAO poidan recuperar a ordenación contida no instrumento declarado nulo en tanto en canto non conten cun novo PXOM definitivamente aprobado.

Neste senso, e no que aquí nos ocupa, o IOP definitivamente aprobado recupera a ordenación detallada do referido PXOM08 en determinadas zonas de solo urbano consolidado, nalgúns sistemas xerais e en dous polígonos de solo urbano non consolidado dado o grao de desenvolvemento acadado neles no seu momento (A-3-37 Tomás Paredes 1 e o polígono 2 do AOD A-3-10 Esturáns), mantendo os terreos restantes as condicións urbanísticas establecidas no PXOU93.

O Anexo 3.1 da Memoria informativa e xustificativa do IOP (V.5) adicada a Ordenación detallada da AOD A-3-10 ESTURANS. Polígono II, recolle o seu ámbito e características, as ordenanzas propias da presente ordenación, os criterios seguidos para a implantación dos servizos (anexos: cálculo de demandas), xustificación do cumprimento da Lei 8/1997, de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas e planimetría, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e que se incorpora e forma parte da presente proposta (Anexo I) e na que se reflicte entre outra orde de consideracións que, a presente ordenación detallada, se corresponde coa prevista no interior do polígono núm. 2, no ámbito do solo urbano non consolidado previsto no PXOM de Vigo de 2008, identificado como APR, A-3-10, ESTURANS, cuxa superficie abrangue 11.227 m², dos 17.364 m² que figuraban como ámbito completo.

Dita ordenación provisional soamente inclúe o Polígono 2, coas seguintes características

POLÍGONOS	SUPERFICIE m2	SUPERFICIE COMPUTABLE	EDIFICABILIDADE (M2)	EDIF. PONDERADA	APROV. TIPO
POLÍGONO 2	11.227	10.126	15.428	16.129	1,593

Este polígono desenvolveuse polo sistema de concerto, e o seu proxecto de equidistribución, tramitado no expediente núm. 4855/401 acadou a aprobación definitiva mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar con data do 07.12.2012, do xeito e co resultado que se indicou nas alíneas precedentes.

Así as cousas, con data do 17.07.2020 a Xunta de Goberno local do Concello de Vigo, adoptou o seguinte acordo: *Ratificar definitivamente o acordo adoptado pola Xunta de goberno local, na sesión que tivo lugar o 21.12.2012, polo que se prestou aprobación, con carácter inicial ao "Proxecto de Urbanización da «APR A-3-10 Esturáns», instrumento urbanístico promovido pola entidade "Prazadouro, SL", documento redactado polos enxeñeiros de camiños, canais e portos, D. Juan M. Aneiros Blanco e D. Ignacio Teijeiro Calvo, na súa versión refundida conformada polo proxecto visado polo Colexio de enxeñeiros de camiños, canais e portos de Galicia de día 02.09.2010 e documentación reformada -sen visar- integrada no referido proxecto como "reformado" coa sinatura do enxeñeiro técnico de obras públicas dos Servizos Técnicos en data 23.11.2012 (exp. 4856/401); e no mesmo acto prestar aprobación con carácter definitivo a documentación complementaria da anterior, que divide o proxecto en fases, presentada no rexistro xeral desta XMU con data do 16.05.2013 (doc. 130057020) subscripta por EAM – "Enxeñería e análise medioambiental"- en data maio de 2013, coa documentación que o integra, consistente en: Memoria descritiva do proxecto, estudo de seguridade e saúde, planimetría, prego de condicións e orzamento; así como prestar aprobación definitiva ao documento nomeado "Proyecto de conexión exterior con la red de pluviales complementario del proyecto de urbanización del polígono 2 de la APR- A-3-10 ESTURANS", redactado por "Urbing ingeniería", e asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos D. Julio Roberes de Cominges con data de setembro de 2019, documentación toda ela que se incorpora e forma parte do presente expediente.*

Neste estado da tramitación, con data do 22.06.2021, a entidade "Prazadouro, SL" insería no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, (COD.SOL.: W580803-7276) impreso de solicitude ao que xunta escrito, no que dá conta da existencia dun erro na descrición das parcelas de resultado nomeadas R1, R2, R3- de titularidade da dita entidade mercantil, e na R4- de titularidade municipal, que figuran no proxecto de equidistribución definitivamente aprobado, e solicita que se proceda a súa corrección.

FUNDAMENTOS DE DEREITO OU VALORACIÓN XURÍDICA

I.- Normativa examinada

- Real Decreto Legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei



Concello de Vigo

- 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo,
- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación,
 - Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental
 - Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
 - Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas,
 - Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia
 - Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
 - PXOU 93. Plan Xeral de Ordenación Urbanística do Concello de Vigo. (Acordo Consello Xunta de Galicia do 29.04.1993).
 - Estatutos da XMU (versión consolidada AD Pleno do Concello do 06.09.2010)
 - Ordenanza municipal reguladora da tramitación de licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Vigo (Pleno de 28.10.2013; BOP de 9.12.2013)
 - Instrumento de Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobado polo Pleno do concello de Vigo na sesión extraordinaria do 24.07.2019 (DOG núm. 160 do 26.08.2019; BOP núm. 181 do 20.09.2019)
 - O resto da disposicións que poidan afectar

II.- Operación xurídica complementaria

A operación xurídica complementarias segundo definición de Tomás Ivorra Ardite (*“Las operaciones jurídicas complementarias: normativa, jurisprudencia y resoluciones de la Dirección General de los Registros y del Notariado”, Revista de Derecho Urbanística. Novembro 2006*), é aquel acto administrativo de carácter urbanístico que altera de xeito non substancial e perfecciona o instrumento de reparcelación orixinario, sen contradicir nin opoñerse ao mesmo nin ao plan que se execute. O límite das mesmas son as alteracións substanciais ou revisións de reparcelación.

O artigo 273 do vixente Regulamento da Lei do solo de Galicia, baixo o título “Operacións xurídicas complementaria e modificacións ao proxecto” establece no seu teor literal que, *“(…)Se entenden como operacións xurídicas complementaria a un proxecto de equidistribución os documentos ou datos que completan ou aclaran as súas determinacións, sen alterar en ningún momento o seu contido substancial. As operacións xurídicas complementarias, que non se opoñan ao planeamento que se executa nin ao proxecto de equidistribución definitivamente aprobado, poderán ser aprobadas sen información pública polo Concello, quen deberán reflectilas en certificación administrativa que será obxecto de inscrición no rexistro da propiedade por o promotor do proxecto.*

A presente proposta de rectificación que se propón, ven derivada dunha incorrecta descrición das parcelas R1, R2, R3 e R4, tal e como se ten expresado e detectado por esta administración, logo da advertencia polos propietarios únicos do ámbito.

A rectificación que se propón non afecta á participación dos titulares das fincas aportadas nin á cuantificación do aproveitamento urbanístico atribuído ás fincas resultantes, nin altera as previsións de cesións de zonas verdes, viais e equipamentos do ámbito.

III.- Competencia:

En virtude do disposto no artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta de goberno local.

Xa que logo e, de conformidade cos fundamentos xurídicos anteriormente expostos, formúlase a seguinte proposta de **ACORDO**

PRIMEIRO: Realizar a operación xurídica complementaria da proposta de equidistribución do polígono II da «AOD A-3-10 ESTURÁNS», aprobada mediante acordo da Xunta de Goberno local de data 28.01.2013 (Exp. 4855/401) , no sentido de reflectir a descrición correcta das parcelas resultantes nomeadas R1, R2, R3 e R4 co seguinte tenor literal:

PARCELA RESULTANTE Nº: R1

DESCRIPCIÓN: Parcela situada no termo municipal de Vigo no Polígono II da Área de Ordenación detallada A-3-10 ESTURANS, destinada a uso residencial de vivenda multifamiliar libre, con forma de polígono irregular, cunha superficie de solo de 1.003,33 m²s. Linda ao Norte, con parcela EQ en liña recta de 71,30 m; Leste, viario, en liña recta de 20, 18 m; Sur, viario, en liña recta de 28, 19 m e parcela 2A nº rexistral 63867, propiedade de PRAZADOURO S.L., nunha liña quebrada de 69,01 metros; Oeste, M^a Isabel Rodal Molanes en liña recta de 9,93 m. Sobre a rasante do terreo hai un área de movemento da edificación de superficie 620,81 m², e baixo rasante o edificado de conformidade coa ordenanza recollida no artigo EST-4 Residencia Multifamiliar da AOD A-3-1 O ESTURÁNS poderá ocupar ata un máximo do 85 % da superficie total da parcela.

PARCELA RESULTANTE Nº: R2

DESCRIPCIÓN: Parcela situada no termo municipal de Vigo no Polígono II da Área de Ordenación detallada A-3-10 ESTURANS, destinada a uso residencial de vivenda multifamiliar libre, con forma de polígono irregular, cunha superficie de solo de 1.220,76 m²s. Linda ao Norte con parcela R5 en liña recta de 27,61 m, e con Inversiones Costa Esmeralda S.L. en liña quebrada de 33,61 m; Leste, con parcela R3, en liña quebrada de 34,57 m; Sur, con viario, en liña recta de 55,80 m; Oeste, con viario, en liña recta de 21, 77 m. Sobre a rasante do terreo hai un área de movemento da edificación de superficie 968,52 m², e baixo rasante o edificado de conformidade coa ordenanza recollida no artigo EST-4 Residencia Multifamiliar da AOD a-3-1 O ESTURÁNS poderá ocupar ata un máximo do 85 % da superficie total da parcela.

PARCELA RESULTANTE Nº: R3

DESCRIPCIÓN: Parcela situada no termo municipal de Vigo no Polígono II da Área de Ordenación detallada A-3-1 O ESTURANS, destinada a uso residencial de vivenda multifamiliar acollida a algún réxime de protección, con forma de polígono irregular, cunha superficie de solo de 978,95 m²s. Linda ao Norte, con Inversiones Costa Esmeralda S.L. en liña recta de 49,56 m e coa parcela R4 en liña recta de 25, 1 lm; Este, con parcela R4 en liña recta de 13,08m e con viario en liña recta de 27,49 e 6, 19 m; Sur, parcela R2 en liña quebrada de 34,57 m, e coa parcela R4 en liña recta de 39,86 m; Oeste, Inversiones Costa Esmeralda S.L. en liña quebrada de 30, 73 m. Sobre a rasante do terreo a edificación hai un área de movemento da edificación de superficie 439,84 m², e baixo rasante o edificado de



Concello de Vigo

conformidade coa ordenanza recollida no artigo EST-4 Residencia Multifamiliar da AOD a-3-10 ESTURÁNS poderá ocupar ata un máximo do 85 % da superficie total da parcela.

PARCELA RESULTANTE Nº: R4

DESCRIPCIÓN: Parcela situada no termo municipal de Vigo no Polígono II da Área de Ordenación detallada A-3-1 O ESTURANS, destinada a uso residencial de vivenda multifamiliar acollida a algún réxime de protección, con forma de polígono irregular, cunha superficie de solo de 693, 75 m²s. Linda ao Norte, coa parcela R3. en liña recta de 39,86 m; Este, viario en liña recta de 34,52 m; Sur, parcela R3 en liña recta de 25, 11 m; Oeste, parcela R3 en liña recta de 13,08 m. Sobre a rasante do terreo hai un área de movemento da edificación de superficie 359,66 m², e baixo rasante o edificado de conformidade coa ordenanza recollida no artigo EST-4 Residencia Multifamiliar da AOD A-3-10 ESTURÁNS poderá ocupar ata un máximo do 85 % da superficie total da parcela.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo a todos os interesados no presente procedemento, significándolle que contra á mesma cabe interpoñer, alternativamente, recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun (1) mes ao abeiro do previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses, consonte ao disposto nos artigos 8- 1 e 46-1 da Lei 29/1998, do 13 de xuño, da xurisdición contenciosa administrativa, a contar ambos prazos dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo do exercicio doutras accións que consideren procedentes. No caso de interpoñer recurso potestativo de reposición, non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación por silencio administrativo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 07/09/21, acordou elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(807).- APROBACIÓN DEFINITIVA DOS CONVENIOS URBANÍSTICOS DE CESIÓN DE TERREOS AFECTADOS POLA EXECUCIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE "HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA". EXPTE. 897/441.

Visto o nforme de fisclaización do 12/08/21, dáse conta do informe-proposta de data 10/08/21, asinado pola técnica de Xestión, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial (Resolución do 30/07/21) e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

1º.- O Concelleiro-Delegado da Área de Fomento, en data 18/11/16, resolveu autorizar o gasto para a redacción dun proxecto de humanización da rúa Tercio de Afora a prol da empresa Urbing Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil S.L. (B36982510).

2º.- A empresa Urbing Proyectos de Urbanismo e Ingeniería Civil S.L. presenta proxecto de "HUMANIZACIÓN DA RÚA TERCIO DE AFORA", redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos D. Julio Roberes De Cominges, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUS-CENTOS SETENTA E CATRO MIL DEZANOVE EUROS E TRINTA E SEIS CÉNTIMOS (274.019,36 €).

3º.- A execución da devandita obra de humanización afecta ás seguintes parcelas:

Nº	DIRECCIÓN	REF. CATASTRAL	SUP. Catastral m2	SUP. CESIÓN m2	PROPIETARIOS CATASTRO	N.I.F.
5	Rúa Tercio de Afora Nº13	3960033NG2735N0001EK	289	21	Isabel Magdalena Pereiro Becerra	35.962.158-W
		3960033NG2735N0001EK			Lourdes Esther Castro Pereiro	35.986.713-Q
6	Rúa Tercio de Afora Nº15 - P.SM	3960032NG2735N0001JK	238	16	Electro Naval Galicia, S.L.	B36787968
	Rúa Tercio de Afora Nº15 - P.Baja	3960032NG2735N0003LB			Patricia Amaro Álvarez	36.143.350-T
	Rúa Tercio de Afora Nº15 - P.1ª	3960032NG2735N0004BZ			María Rodríguez Díaz	35.814.415-B
					Juan Carlos Paredes Rodríguez	V-11.640772
	Rúa Tercio de Afora Nº15 - P.2ª	3960032NG2735N0005ZX			María José Paredes Rodríguez	39.464.088-K
					Mª Paz Cacheiro Durán	76.852.406-E
José Carlos Rey Vázquez	35.414.737-G					
7	Rúa Tercio de Afora Nº20	3960042NG2735N0001AK	148	27	Rosa Alonso Iglesias	35.998.681-R
8	Rúa Tercio de Afora Nº18 - P.Baja	3960041NG2735N0001WK	122	24	Andrea López González	33.560.150-E
	Rúa Tercio de Afora Nº18 - P.1ª	3960041NG2735N0002EL			Isabel Casal Álvarez	36.145.951-W
	Rúa Tercio de Afora Nº18 - P.2ª	3960041NG2735N0003RB			Casilda Paramos Alonso	35.533.630-X
9	Rúa Tercio de Afora Nº16 - P.SM	3960040NG2735N0002JL	163	33	Flora Alonso Iglesias	35.991.079-N
	Rúa Tercio de Afora Nº16 - P.Baja	3960040NG2735N0003KB				
	Rúa Tercio de Afora Nº16 - P.1ª	3960040NG2735N0004LZ				
	Rúa Tercio de Afora Nº16 - P.2ª	3960040NG2735N0005BX				

4º.- En vista do anterior, en datas 20 e 23/04/2021, asináronse os correspondentes convenios urbanísticos de cesión que figuran na relación seguinte:

ASINANTES	DATA SINATURA CONVENIO	Nº NO PARCELARIO DAS PARCELAS AFECTADAS
Isabel Magdalena Pereiro Becerra	20/04/2021	Parcela nº5
Lourdes Esther Castro Pereiro		



Concello de Vigo

Elena Costas Soto en representación de Electro Naval Galicia, S.L.		
Patricia Amaro Álvarez		
María Rodríguez Díaz, no seu nome e en representación do seu fillo Juan Carlos Paredes Rodríguez	23/04/2021	Parcela nº6
María José Paredes Rodríguez		
Mª Paz Cacheiro Durán		
José Carlos Rey Vázquez		
Rosa Alonso Iglesias	23/04/2021	Parcela nº7
Andrea López González		
Isabel Casal Álvarez	20/04/2021	Parcela nº8
Casilda Paramos Alonso		
Flora Alonso Iglesias	23/04/2021	Parcela nº9

5º.- Constan no expediente: (i) os convenios urbanísticos de cesión iniciais asinados polos titulares de dereitos sobre os terreos afectados pola humanización do vial, nos que ceden gratuitamente ao Concello de Vigo para o dito fin, coas condicións e cargas sinaladas nos mesmos; (ii) documentación acreditativa da titularidade dos dereitos transmitidos; e (iii) planos das porcións das parcelas catastrais afectados polas obras de ampliación.

6º.- Asinados os convenios que se relacionan no antecedente 4º da presente proposta de acordo, iniciouse o trámite de información pública dos mesmos, polo prazo de un mes, mediante publicación no Diario Oficial de Galicia, no taboleiro de edictos do Concello e nun dos periódicos de maior difusión da provincia, tal e como establece o artigo 168.1 da Lei 2/2006, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG). Sendo a data da última publicación (no Faro de Vigo) a do 25 de xuño de 2021, polo que o prazo de información pública remataba o 26 de xullo de 2021.

7º.- Figura no expediente certificación da Secretaria de Goberno Local (encomenda de funcións resolución 22/07/2021), de data 29 de xullo de 2021, na que fai constar que durante o devandito trámite de información pública dos convenios, por prazo dun mes, non se presentou ningunha alegación.

II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Os terreos cuxa cesión gratuíta se ofrece ao Concello de Vigo son terreos afectos a unha dotación pública sita en solo consolidado, que cabe cualificar de sistema local, toda vez que se trata dunha vía secundaria de titularidade municipal e, daquela, de uso xeral, que une as rúas Urzáiz e Escultor Gregorio Fernández.

Segundo.- O artigo 129.1 LSG, establece que: «1. Os terreos destinados polo planeamento a sistemas xerais que deban implantarse sobre solo urbano consolidado, de núcleo rural ou rústico, e a sistemas locais en solo urbano consolidado e en solo de núcleo rural obteranse mediante

expropiación forzosa, por convenio entre a Administración e o propietario ou por permuta forzosa con terreos do patrimonio público municipal do solo».

Terceiro.- Segundo o artigo 167 LSG: «Os convenios urbanísticos para a execución do planeamento son aqueles que, non afectando a ordenación urbanística, se limiten á determinación dos termos e as condicións da xestión e a execución do planeamento. Do cumprimento destes convenios en ningún caso poderá derivar modificación, alteración ou dispensa do planeamento». Así, os convenios urbanísticos de cesión obxectos do presente informe teñen por obxecto obter os terreos necesarios para a execución da humanización da rúa Tercio de Afora de acordo co vixente PXOU de Vigo, polo que teñen a natureza de convenio para a execución do planeamento.

Cuarto.- En canto ao procedemento a seguir para a formalización e perfección dos convenios de execución do planeamento, dispón o artigo 168 LSG que: “1. *Unha vez negociados e subscritos, os convenios someteranse ao trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión da provincia, por un período mínimo dun mes.*

(...)

3. *Tras a información pública, o órgano que negociase o convenio deberá elaborar, á vista das alegacións, unha proposta de texto definitivo do convenio, da que se dará vista á persoa ou ás persoas que negociasen e subscribisen o texto inicial para a súa aceptación, reparos ou, se é o caso, renuncia.*

4. *O texto definitivo dos convenios deberá ser ratificado polo órgano competente e deberá asinarse dentro dos quince días seguintes á notificación da aprobación do texto definitivo pola persoa ou persoas interesadas, privadas ou públicas. Transcorrido este prazo sen que o convenio sexa asinado, quedará sen efecto.”*

Quinto.- Toda vez que no período de información pública dos convenios non se formularon alegacións, considérase procedente a ratificación dos mesmos polo órgano competente que é a Xunta de Goberno Local (artigos 127.1.d. LRBRL y 3.6 dos estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo).

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local, previa aprobación polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Ratificar os convenios urbanísticos de cesión que de seguido se relacionan:



Concello de Vigo

ASINANTES	DATA SINATURA CONVENIO	Nº NO PARCELARIO DAS PARCELAS AFECTADAS
Isabel Magdalena Pereiro Becerra	20/04/2021	Parcela nº5
Lourdes Esther Castro Pereiro		
Elena Costas Soto en representación de Electro Naval Galicia, S.L.	23/04/2021	Parcela nº6
Patricia Amaro Álvarez		
María Rodríguez Díaz, no seu nome e en representación do seu fillo Juan Carlos Paredes Rodríguez		
María José Paredes Rodríguez		
Mª Paz Cacheiro Durán		
José Carlos Rey Vázquez	23/04/2021	Parcela nº7
Rosa Alonso Iglesias		
Andrea López González	20/04/2021	Parcela nº8
Isabel Casal Álvarez		
Casilda Paramos Alonso		
Flora Alonso Iglesias	23/04/2021	Parcela nº9

Segundo.- Notifíquese o presente acordo aos interesados, con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquera outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Terceiro.- Continúese coa tramitación dos expedientes.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Adxudicación do contrato de patrocinio publicitario para o “FARO EDUCA 2021” organizado polo Faro de Vigo S.A.U. Expte. 18527/101.
- .- Proxecto de convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra para o desenvolvemento e celebración do “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” na cidade de Vigo. Expte. 52048/444.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

18(808).- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA O “FARO EDUCA 2021” ORGANIZADO POLO FARO DE VIGO S.A.U. EXPTE. 18527/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 09/09/2021, daése conta do informe-proposta de data 08/09/21, asinado pola xefa do Departamento de Alcaldía e pola técnica de Admón. Xeral do Servizo de Contratación (P.D. 03/05/19), que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011



Concello de Vigo

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario para o “Faro Educa 2021” organizado polo FARO DE VIGO S.A.U. (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 3 de setembro de 2021, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Aprobar a contratación polo procedemento negociado sen publicidade, consonte ao disposto no artigo 168 da Lei 9/2017, para o contrato de patrocinio publicitario do proxecto “FARO EDUCA 2021”, á mercantil Faro de Vigo S.A.U., como organizador exclusivo do proxecto.

Segundo.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas particulares, redactado pola xefa da unidade administrativa da Alcaldía e asinado con data 15 de xuño de 2021.

Terceiro.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación, con data 25 de agosto de 2021.

Cuarto.- Autorizar o gasto por importe máximo de base á negociación de dun total de 112.295,00 € (CENTO DOCE MIL DOUSCENTOS NOVENTA E CINCO €) sendo o importe do IVE correspondente de 19.489,21 € de euros.

O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 9120.2279905 (Programas Alcaldía) o a súa bolsa de vinculación do vixente orzamento.

O valor estimado do contrato, de conformidade co disposto no artigo art.101.1 LCSP é de 92.805,79 €

Quinto.- Abrir o procedemento licitador para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente de acordo o procedemento negociado sen publicidade.

Sexto.- Exceptuar de someter ao control da Mesa de Contratación o procedemento negociado sen publicidade por razón de ser un contrato privado non requirindo ademais a consulta a ningunha outra empresa por ser un operador único, ao ser potestativa a súa constitución segundo artigo 326 da LCSP”.

Segundo.- O 6 de setembro de 2021 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a FARO DE VIGO S.A.U., concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

Terceiro.- O 7 de setembro de 2021 FARO DE VIGO S.A.U., presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

Cuarto.- O 8 de setembro de 2021, reúnense a xefa do Departamento de Alcaldía coa técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación de data 21.06.19), co obxecto de abrir a oferta presentada polo licitador invitado a participar.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación persoal, e comprobado que esta é conforme co esixido na cláusula 13.7.A) do PCAP, acordouse admitir neste procedemento a FARO DE VIGO, S.A.U.

A continuación, abriuse o “SOBRE B: PROPOSICIÓN ECONÓMICA”. Revisada a proposición, comprobouse que se axusta ás esixencias dos pregos.

Segundo o previsto na cláusula 15 do PCAP non procede a negociación “*dado que a empresa foi seleccionada, as características do patrocinio determinadas e o prezo fixado, non existen materias que poidan ser obxecto de negociación*”.

De conformidade coa cláusula 16 do PCAP “*Dadas as características do presente procedemento, non se considerará en ningún caso que a oferta poida conter valores anormais ou desproporcionados con independencia da baixa ofertada*” e de acordo coa citada cláusula 15 ao haber un único licitador non se lle outorga puntuación.

Dado que o licitador xa achegou no sobre A a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP e se considerou correcta, procede formular proposta de adxudicación a favor de FARO DE VIGO S.A.U., sen necesidade de clasificar a oferta (cláusulas 18.1 e 2).

Constan no expediente os certificados acreditativos de que o licitador está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Concello de Vigo, coa Axencia Tributaria Estatal e Autonómica, así como coa Seguridade Social.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador, FARO DE VIGO S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor e á xefa do Servizo de Contratación ou persoas nas que deleguen. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta do 8 de setembro de 2021 de apertura dos sobres A e B.



Concello de Vigo

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a FARO DE VIGO S.A.U. (A-36.600.815) o procedemento negociado sen publicidade do contrato de patrocinio publicitario para o “Faro Educa 2021” por un prezo total de 112.295,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 19.489,21 euros”.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(809).- PROXECTO DE CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO E CELEBRACIÓN DO “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” NA CIDADE DE VIGO. EXPTE. 52048/444.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 09/09/2021, dáse conta do informe-proposta de data 08/09/21, asinado pola xefa do Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES:

Dentro das actuacións que se están a levar dende o Concello de Vigo en aras a unha mellora ambiental, eficiencia e aforro enerxéticos, estase a estudar o cambio de tecnoloxías e control da iluminación que permitan unha mellora na xestión de consumo de enerxía vinculada á iluminación pública do viario de Vigo.

Estas actuacións inclúen, dentro das competencias municipais propias previstas no art.25.2.d, da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), que atribúe competencias“ infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”, entre outras cuestións, o promover actividades e prestar os ser-

vizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Na actualidade todos os proxectos vinculados ao cumprimento dos obxectivos enmarcados na Axenda 2030 sobre a eficiencia enerxética e a redución da dependencia enerxética así como a aplicación de novas tecnolóxicas no ámbito da iluminación pública, teñen un novo marco para o seu desenvolvemento dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobado polo Goberno de España, polo cal, o estudo, análise e debate sobre este ámbito posibilitará un mellor desenvolvemento de calquera das actuacións a desenvolver.

Neste contexto, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen desenvolvendo diversas actuacións para a mellora da eficiencia enerxética tanto no proxectos de humanización das rúas da cidade, como nos propios proxectos de mellora das infraestruturas dos campos de fútbol. Estes proxectos contemplan investimentos moi importantes na incorporación de novas tecnoloxías nos sistemas de iluminación o que redunda tanto na eficiencia lumínica, como no aforro do consumo de enerxía.

A vista destes antecedentes, débese destacar a proposta de apoio e colaboración que o Comité Español de Iluminación ven de trasladar ao Concello de Vigo para a celebración en Vigo do XLVII Simposium Nacional de Alumbrado, onde se tratarán temas de interese de cara a implementación de sistemas eficientes de alumbrado.

Este Simposium Nacional de Alumbrado, celebraríase en Vigo entre o 29 de setembro e o 1 de outubro do ano 2021, dando cabida a presentación das últimas novidades técnicas deste sector, polo cal considerase adecuado propoñer a formalización dun convenio de colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra para colaborar conxuntamente neste proxecto e posibilitar a súa realización en Vigo.

A Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo, en base aos principios de colaboración, cooperación e asistencia entre as diferentes Administracións Públicas no exercicio das súas competencias e en asuntos de interese común que se recollen na Lei 40/2015, de 1 de outubro, veñen desenvolvendo diversas actuacións para a mellora da eficiencia enerxética tanto no proxectos de humanización das rúas da cidade, como nos propios proxectos de mellora das infraestruturas dos campos de fútbol. Estes proxectos contemplan investimentos moi importantes na incorporación de novas tecnoloxías nos sistemas de iluminación o que redunda tanto na eficiencia lumínica, como no aforro do consumo de enerxía.

Asemade, o devandito proxecto desenvolve complementariamente unha serie de accións de comunicación e difusión no entorno profesional que fai deste evento unha boa oportunidade de promoción da cidade xa que a participación de profesionais do sector superará as trescentas persoas e conlevará unha importante difusión nacional.

É obxecto desta proposta desenvolver a través dun convenio ó réxime de colaboración entre ambas administracións locais para a promoción do sector profesional das industrias tecnolóxicas de iluminación e a súa importancia laboral, social e económica de Vigo e das Rías Baixas, no marco da celebración do XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO, na procura do cumprimento, entre outros, dos seguintes obxectivos:

- Promoción das industrias e profesionais do sector tecnolóxico da iluminación.
- Fomento na opinión pública da importancia social e económica do sector da iluminación, aforro enerxético e cidades intelixentes.



Concello de Vigo

- Mellorar o posicionamento estratéxico no desenvolvemento e coñecemento tecnolóxico no sector da iluminación pública sostible.
- Promoción de Vigo e as Rías Baixas como destino turístico.

II.- OBXECTO DO CONVENIO:

Co obxecto de proceder ó desenvolvemento deste proxecto, detállanse as seguintes especificacións resumidas:

Obxecto

Posibilitar a realización en Vigo do XLVII Simposium Nacional de Alumbrado, Data do 29 de setembro ao 1 de outubro de 2021, coa participación de mais de 300 profesionais do sector.

Alcance económico da actuación:

30.492,00 €

En data 05.07.21 o Concelleiro delegado da Area de Fomento e Servizos, resolveu iniciar o expediente para a elaboración e aprobación de ser o caso por parte do Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra dun convenio dun convenio de colaboración para o apoio e colaboración ao Comité Español de Iluminación para organizar en Vigo o XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO.

Con data 12 de agosto de 2021, a Xefa de Servizo de Electromecánicos e Aforro Enerxético e o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, co conforme do Concelleiro delegado da Area de Fomento e Servizos, asinan a memoria xustificativa na cal considérase oportuna e de interese público municipal a aprobación do convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra para celebración en Vigo o XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO, de acordo coa proposta de organización do Comité Español de Iluminación nas datas do 29 de setembro ao 1 de outubro de 2021, como unha actuación estratéxica encamiñada a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación no desenvolvemento dun proxecto de interese xeral para ambas entidades é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para o financiamento dos custes vinculados ao presente convenio.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O artigos 86 da Lei 39/2018, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, 111 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixentes de réxime local (TTRRL) contemplan que as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios e contratos, con persoas tanto de dereito público como privado sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico ou versen sobre materias non susceptibles de transacción e teñan por obxecto satisfacer o interese público encomendado, co alcance, efectos e réxime xurídico específico que en cada caso prevea a disposición que o regule.

Os artigos 57 da LRBRL e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia (LALGA), prevén a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e a Administración do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servi-

zos locais coma en asuntos de interese común. As formas e termos da colaboración serán os previstos nas Leis, podendo ter lugar mediante consorcios ou convenios administrativos que subscriban as partes.

O artigo 47.1 LRXSP determina que os convenios constitúen acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependente o as Universidades públicas entre sí o con suxeitos de dereito privado para un fin común.

O convenio proposto constitúe un convenio interadministrativo conforme o disposto no artigo 47..2.a) da LRXSP en tanto que a Deputación de Pontevedra é o Concello de Vigo son entidades que integran a Administración Pública e ten por obxecto colaborar na execución dun fin común que se concreta na celebración en Vigo o XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO, de acordo coa proposta de organización do Comité Español de Iluminación nas datas do 29 de setembro ao 1 de outubro de 2021.

Concretamente o no art.25.2.d, da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), que atribúe competencias“ infraestruturas viarias e outros equipamentos da súa titularidade”, entre outras cuestións, o promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Respecto a Deputación o artigo 36 da LRBRL determina como competencias propias da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de conformidade coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. E o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos.

O convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; polas Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Que o Concello de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións que figuran no expediente.

O convenio incorpora os contidos mínimos esixidos para a concesión destas subvencións polo art. 26.2 da Lei de Galicia 9/2007 e a Base 38 de execución do vixente orzamento do Concello de Vigo; contidos que se estiman conformes ao interese público que o convenio perseguidos.

Polo todo o exposto e, ao abeiro do dito principio de cooperación entre o Concello de Vigo e a Excm. Deputación de Pontevedra, está previsto a realización dun convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra na que a dita Deputación com-



Concello de Vigo

prométese a achega de VINTE CINCO MIL EUROS (25.000,00 €) para a execución do citado proxecto. Pola súa parte, o Concello de Vigo obrígase a achegar a contía total de CINCO MIL CATROCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS (5.492,00 €) para o desenvolvemento deste proxecto, o cal se dotará a partir da xeración de crédito da achega da Deputación Provincial de Pontevedra obxecto deste convenio polo importe de 25.000,00 € e o importe da achega do Concello de Vigo de 5.492,00 € será dotado mediante transferencia de crédito a aplicación 1650.480.00.10 a partir da xeración de crédito da achega da Deputación Provincial de Pontevedra obxecto deste convenio. O cofinanciamento do Concello será a cargo do "RC" 202100076190. Polo cal tendo en conta dita consideración atopámonos ante un suposto de tramitación anticipada dun expediente de gasto, polo que a achega prevista do Concello de Vigo queda condicionada á existencia de crédito no momento da formalización do convenio.

Que en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos, e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa paxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido no artigo 20.4 e 20.8 da Lei 38/2003.

Á vista do exposto, previo os informes xurídico e da Intervención de fondos, coa conformidade do concelleiro da Área de Cultura e Emprego e do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, elévase a Xunta de Goberno Local como órgano competente para aprobación do acordo en virtude da delegación de facultades outorgada por Resolución da Alcaldía de data 18.06.2019 modificada por Resolución de data 17.08. 2020 en materia de aprobación dos convenios con outras Administracións. a seguinte, PROPOSTA:

Primeiro.- Aprobar o convenio entre o Concello de Vigo e a Deputación provincial de Pontevedra para a celebración para o desenvolvemento e celebración do "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO" NA CIDADE DE VIGO, transcrito no Anexo I do presente expediente.

Segundo.- Solicitar da Deputación provincial de Pontevedra a aprobación e subscripción do convenio que se anexa para o desenvolvemento e celebración do "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO" NA CIDADE DE VIGO.

Terceiro.- Comprometerse a dar cumprimento ás condicións do convenio nos termos do mesmo.

Cuarto.- Remitir o convenio unha vez asinado á Secretaría do Goberno Local, aos efectos de publicidade.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

Anexo I

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O DESENVOLVEMENTO E CELEBRACIÓN DO “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” NA CIDADE DE VIGO.

No Pazo Provincial, _____ de _____ de 2021

INTERVEÑEN:

Dunha parte, D^a María del Carmen Silva Rego, quen actúa no nome e representación da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do seu cargo como Presidenta deste organismo e en función das atribucións que lle confiren o artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Doutra, D. Abel Caballero Álvarez, quen actúa no nome e representación do Concello de Vigo, en virtude da súa condición de Alcalde-Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no artigo 61.1 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e no artigo 41.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Actúan D. Carlos Cuadrado Romay, en calidade de secretario xeral da Deputación de Pontevedra, e D^a Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto que se celebra

As partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas e, a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN:

I.- Que a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo comparten como criterio que os concellos, como administración democraticamente escollida, deben ser os axentes protagonistas nos eidos administrativos ós que ten que corresponder a decisión, o deseño e o impulso da acción local e do desenvolvemento das políticas locais; ó tempo que, as deputacións, deben actuar como institucións que desenvolvan políticas, plans e actuacións que faciliten que concellos e cidadáns poidan acadaren os mesmos dereitos e servizos.

II.- A Deputación Provincial de Pontevedra nos orzamentos do ano 2020 contempla unha aplicación orzamentaria, no capítulo de transferencias de capital, para convenios co Concello de Vigo.

III.- Dentro das actuacións que se están a levar dende o Concello de Vigo en aras a unha mellora ambiental, eficiencia e aforro enerxéticos, estase a estudar o cambio de tecnoloxías e control da iluminación que permitan unha mellora na xestión de consumo de enerxía vinculada á iluminación pública do viario de Vigo.



Concello de Vigo

Estas actuacións inclúen, dentro das competencias municipais propias previstas no art.25.2.d, da Lei 7/1985 Reguladora das bases de Réxime local, na redacción dada pola Lei 27/2013 no seu artigo 8.2 d), que atribúe competencias“ infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade”, entre outras cuestións, o promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Na actualidade todos os proxectos vinculados ao cumprimento dos obxectivos enmarcados na Axenda 2030 sobre a eficiencia enerxética e a redución da dependencia enerxética así como a aplicación de novas tecnolóxicas no ámbito da iluminación pública, teñen un novo marco para o seu desenvolvemento dentro do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia aprobado polo Goberno de España, polo cal, o estudo, análise e debate sobre este ámbito posibilitará un mellor desenvolvemento de calquera das actuacións a desenvolver.

IV.- Que o artigo 36.1.d) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúe ás deputacións a competencia na cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. Asemade o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia encoméndalles en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia e por outro lado o artigo 118 da LALGA atribúe as Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos.

V.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento axeitado para desenvolveren a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

VI.- Que o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra consideran que a celebración en Vigo do XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO, de acordo coa proposta de organización do Comité Español de Iluminación nas datas do 29 de setembro ao 1 de outubro de 2021, e unha actuación estratéxica encamiñada a afondar na colaboración administrativa entre ambas institucións e, especialmente, para a cooperación no desenvolvemento dun proxecto de interese xeral para ambas entidades é articular o réxime de colaboración entre o Concello e a Deputación para o financiamento dos custes vinculados ao presente convenio.

VII.- Neste contexto, o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra veñen desenvolvendo diversas actuación para a mellora da eficiencia enerxética tanto no proxectos de humanización das rúas da cidade, como nos propios proxectos de mellora das infraestruturas dos campos de fútbol. Estes proxectos contemplan investimentos moi importantes na incorporación de novas tecnoloxías nos sistema de iluminación o que redunda tanto na eficiencia lumínica, como no aforro do consumo de enerxía.

VIII.- Que, de acordo coas precedentes consideracións o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra, acordan aprobar o presente convenio de colaboración para a celebración en Vigo do XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO, de acordo coa proposta de organización do Comité Español de Iluminación nas datas do 29 de setembro ao 1 de outubro de 2021, que asinan agora os aquí comparecentes, con arranxo ós

seguintes

PACTOS:

PRIMEIRO.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións de colaboración financeira entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo para o desenvolvemento e celebración do “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” na cidade de VIGO, de acordo coa proposta de organización do Comité Español de Iluminación nas datas do 29 de setembro ao 1 de outubro de 2021.

SEGUNDO.- IMPORTE E FINANCIAMENTO

O importe ó que se refire o presente convenio, atende ás necesidades de desenvolvemento e celebración do “XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO” en Vigo.

O presuposto total do proxecto ascende, segundo o detalle presentado, a 177.367,00 €. A achega comprometida neste convenio ascende a cantidade de 30,492,00 €, co obxecto de financiar os gastos derivados das instalacións do “Auditorio Mar de Vigo”.

1º.- A Deputación Provincial de Pontevedra comprométese a achegar a cantidade total de VINTE CINCO MIL EUROS (25.000,00 €).

A achega da Deputación de Pontevedra realizarase contra a aplicación 2021/942.9420.462.14 do orzamento provincial- A Concellos-Actividades (Vigo-Pontevedra).

2º.- O Concello de Vigo obrígase a achegar a contía total de CINCO MIL CATROCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS (5.492,00 €)

A achega do Concello de Vigo será financiada con cargo a aplicación 1650.480.00.10 que se dotará a partir da xeración de crédito da achega da Deputación Provincial de Pontevedra obxecto deste convenio polo importe de 25.000,00 € e o importe da achega do Concello de Vigo de 5.492,00 € será dotado mediante transferencia de crédito a aplicación indicada coa baixa do citado importe da aplicación 1650.221.12.00 de acordo co RC 202100076190. Polo cal tendo en conta dita consideración atopámonos ante un suposto de tramitación anticipada dun expediente de gasto, polo que a achega prevista do Concello de Vigo queda condicionada á existencia de crédito no momento da formalización do convenio.

As aportacións comprometidas pola Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo consisten nunha contías fixas máximas, no caso de que a actividade realizada teña un custo inferior ó inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, a contía da subvención reducirase proporcionalmente.

TERCEIRO.- EXECUCIÓN DO CONVENIO

1º.- A execución do presente convenio e o seu financiamento polas partes asinantes terá lugar co seguinte desglose:

	Exercicio 2020
Deputación de Pontevedra	25.000,00 €
Concello de Vigo	5.492,00 €



Concello de Vigo

TOTAL CONVENIO	30.492,00 €
-----------------------	--------------------

2º.- O Concello tramitará unha proposta de convenio para a implementación da colaboración coa entidade "Comité Español de Iluminación", con CIF:G78487832, como organizadora do "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO". Dita sociedade é a entidade organizadora de dito evento, polo que é titular do dereito exclusivo vinculados a organización do mesmo.

3º.- Formalizado o expediente coa entidade "Comité Español de Iluminación" como organizadora do SIMPOSIUM, remitirase unha copia á Deputación Provincial.

4º.- A Administración municipal remitira á provincial, a xustificación das actuacións recollidas no convenio de colaboración.

5º.- A Deputación Provincial poderá inspeccionar as actuacións obxecto do presente convenio cando o teña por conveniente, así como formular as observacións que estime pertinentes, sen prexuízo do que corresponda en exclusiva á Comisión de Seguemento do convenio, que se reunirá cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros.

CUARTO.- COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de Vigo obrígase a:

- Redactar unha proposta de texto de convenio, entre o Concello de Vigo e ó Comité Español de Iluminación", con CIF: G78487832, para a celebración da "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO", tendo en conta a condición de entidade organizadora co dereito exclusivo do citado evento.
- Aprobar o texto do convenio pola Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 127.1.g) LRRL e remitir un exemplar do acordo á Deputación Provincial xunto co convenio.
- Cofinanciar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de CINCO MIL CATROCENTOS NOVENTA E DOUS EUROS (5.492,00 €) de conformidade co disposto no pacto segundo
- Esixir que se obteñan os correspondentes permisos e que se tramiten ante outros organismos as autorizacións pertinentes que fosen precisas.
- Xustificar perante a Deputación, as actuacións executadas mediante a presentación da seguinte documentación acreditativa dos gastos:
 - Copia do acordo de aprobación da Xunta de Goberno Local e do texto do convenio asinado entre o Concello de Vigo e Comité Español de Iluminación", con CIF: G78487832 , para a celebración da "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO"
 - Memoria das actividades realizadas relacionadas cos gastos da actividade subvencionada; informe favorable de pagamento da xustificación do convenio asinado polo responsable do servizo.
 - Facturas, ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, aprobadas

polo órgano competente do Concello;

- Conta xustificativa que relacione os gastos da actividade subvencionada;
 - Memoria de gastos e ingresos relacionados coa actividade;
 - Certificación de pagamento a favor da "Comité Español de Iluminación", con CIF G78487832, para a celebración da "XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO" asinada polo Tesoureiro do Concello de Vigo;
 - Calquera outra documentación esixible pola normativa vixente para a correcta xustificación deste convenio ou que se considere necesaria para a comprobación da correcta execución do obxecto do convenio.
- Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos.
- Comunicar á Deputación de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ó Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Asemade, o Concello de Vigo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 da mesma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, na Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo.

QUINTO.- COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra comprométese a cofinanciar os custes derivados do convenio, ata a cantidade máxima de VINTE CINCO MIL euros, (25.000,00€) de conformidade co disposto no pacto segundo, que será librada contra a presentación das correspondentes facturas ou documentos análogos acreditativos do gasto efectuado, así como da restante documentación xustificativa necesaria e logo da súa fiscalización pola Intervención provincial.

A Deputación Provincial poderá inspeccionar a execución das prestacións obxecto do presente convenio e formular as observacións que estime pertinentes.

Non obstante, as actuacións estarán sometidas á comprobación explícita da execución das prestacións por parte dos servizos técnicos da Deputación Provincial.

A Deputación prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017, tratándose asemade dun convenio cuxas achegas económicas non exceden de 600.000,00 euros.



Concello de Vigo

SEXTO.- PUBLICIDADE

En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin faciliten, en todos os formatos, a Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vigo.

As accións a desenvolver dentro do XLVII SIMPOSIUM NACIONAL DE ALUMBRADO, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Vigo.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración, do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xe-ral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

SÉTIMO.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIÓNS

Conforme ao disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da contratación subvencionada.

OITAVO.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das Administracións asinantes, un dos cales terá carácter técnico.

Corresponderá á Comisión de Seguimento, entre outras funcións:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución do convenio.
- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa

resolución.

- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión de informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións.

NOVENO.- VIXENCIA

O convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura ata a total execución do proxecto subvencionado ao que o mesmo se refire, que terá lugar entre as datas do 29 de setembro e 1 de outubro de 2021, sen que en ningún caso o seu prazo de vixencia poida superar o 31 de decembro de 2021.

DÉCIMO.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

1º.- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.

2º.- O acordo unánime dos asinantes.

3º.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.

4º.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.

5º.- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

UNDÉCIMO.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.



Concello de Vigo

Así mesmo, ante a falta de entendemento previo pola Comisión de seguimento e control as partes quedan sometidas á xurisdición contencioso-administrativa na resolución de posibles controversias que puidesen suscitar o incumprimento ou a interpretación do convenio.

E en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

20(810).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez